Xunta de Galicia
Conselleria de Medio Ambiente
ESTRATEXIA GALEGA
PARA A CONSERVACION
E O USO SOSTIBLE DA
BIODIVERSIDADE

# ÍNDICE

**INTRODUCCIÓN**
**FINALIDADE, OBXECTIVOS BÁSICOS E PRINCIPIOS ORIENTADORES** . 5

OBXECTIVOS BÁSICOS ..... 5
PRINCIPIOS ORIENTADORES ..... 6

**PRIMEIRA PARTE: DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL** ..... 11

1 O MEDIO FÍSICO ..... 12
1.1 A Estructura Física: Xeomorfoloxía ..... 12
1.2 Rede hidrográfica ..... 14
1.3 Clima e solos ..... 16
1.3.1 Climatoloxía ..... 16
1.3.2 Edafoloxía. Os solos de Galicia ..... 17
1.4 O medio mariño ..... 18
1.5 Rexións bioxeográficas e pisos bioclimáticos ..... 23

2 OS COMPOÑENTES DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA EN GALICIA ..... 25
2.1 Os Hábitat Naturais presentes en Galicia ..... 25
2.2 As especies silvestres ..... 29
2.3 Recursos xenéticos, especies cultivables e razas gandeiras. ..... 37
2.4 Os usos e coñecementos tradicionais ..... 43

3 SECTORES E PROCESOS QUE AFECTAN Á DIVERSIDADE BIOLÓXICA ..... 46

4 INSTRUMENTOS PARA A CONSERVACIÓN E O USO SOSTIBLE DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA. ..... 56
4.1 Instrumentos científicos ..... 56
2.1 Instrumentos sociais ..... 61
2.1 Instrumentos institucionais e lexislativos ..... 66
2.1 Instrumentos financeiros ..... 81

**SEGUNDA PARTE: APLICACIÓN DA ESTRATEXIA. OS PLANS SECTORIAIS E AS MEDIDAS PARA A CONSERVACIÓN DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA** ..... 85

1 PRINCIPIOS ORIENTADORES BÁSICOS PARA A APLICACIÓN ..... 85
1.1 Responsabilidade compartida ..... 86
2.1 Integración e coordinación ..... 87

2 OS PLANS SECTORIAIS ..... 88
2.1 Aspectos comúns ós plans ..... 89
2.2 Agricultura e Gandería ..... 90
2.3 O sector forestal ..... 92
2.4 Caza e Pesca ..... 96
2.5 Ordenación do Territorio, Litoral e Urbanismo ..... 98
2.6 A xestión da agua ..... 100
2.7 Industria ..... 102
2.8 Enerxía ..... 103
2.9 Transporte e Comunicacións ..... 105
2.10 Turismo ..... 106
2.11 Sanidade ..... 108

3 MEDIDAS PARA A CONSERVACIÓN E O USO SOSTIBLE DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA. 109
3.1 Conservación *in situ* ..... 109
3.1.1 A rede de Espacios Naturais Protexidos . ..... 109
3.1.2 Conservación de hábitats ..... 112

3.1.3 Conservación de especies ..... 113
3.1.4 Conservación do medio mariño ..... 115
3.2 Conservación *ex –situ* e conservación dos recursos xenéticos ..... 117
3.3 Coñecemento, investigación, divulgación e acceso á información ..... 119
3.4 Formación, educación, sensibilización e participación ..... 122
3.5 Medidas e reformas institucionais e lexislativas ..... 125
3.6 Cooperación nacional e internacional ..... 126

## ANEXO

Índice .....129
I. Estructura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.....130
II. Repertorio legal sobre protección da biodiversidade (índice detallado *in situ*).....137
A. Internacional..... 138
B. Unión europea..... 139
C. Estatal..... 146
D. Galicia..... 155
III. Espacios Naturais Protexidos ..... 163
IV. Relación dos hábitats naturais da Directiva Hábitats presentes en Galicia ..... 167
VI. Varamentos de cetáceos en Galicia ..... 171
VII. Relación de mamíferos mariños presentes (aínda estacionalmente) nas costas galegas ..... 172
VIII. Inventario de fungos ..... 174
IX. Principais especies vegetais e de fungos silvestres de interese en Galicia
X. Táboas:
Táboa nº1: Especies vexetais do Anexo II da Directiva 92/43/CEE presentes en Galicia .....178
Táboa nº2: Flora endémica galega ..... 190
Táboa nº3: Área e categorías de risco dos invertebrados mariños ameazados de Galicia ..... 192
Táboa nº4: Área e categorías de risco dos insectos de Galicia. ..... 193
Táboa nº5: Área e categorías de risco nos peixes ..... 194
Táboa nº6: Área e categorías de risco dos vertebrados terrestres ..... 195
Táboa nº7: Aves nidificantes ameazadas en Galicia ..... 197
Táboa nº8: Especies animais do Anexo II da Directiva 92/43/CEE presentes en Galicia..... 199
Táboa nº 9: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Especies hortícolas..... 200
Táboa nº 10: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Cultivos extensivos..... 202
Táboa nº 11: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Cultivos forraxeiros..... 202
Táboa nº 12: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Especies pratenses..... 204
Táboa nº 13: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos leñosos..... 205
Taboa nº 14: Características oceanográficas costeiras de Galicia ..... 206

## INTRODUCCIÓN

Enténdese por biodiversidade, de acordo co Convenio sobre a Diversidade Biolóxica "a variabilidade de organismos vivos de cualquera fonte, incluidos, entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas".

O longo do século XX, principalmente da súa segunda metade, os ecosistemas da Terra sufriron un proceso constante e xeneralizado de perda de biodiversidade. Esta situación, posta en evidencia principalmente nos trópicos e sobre todo nos seus bosques de forma moi contundente, repítese aínda que de forma máis atenuada practicamente en tódolos países e rexións do planeta.

O nivel de desenrolo socioeconómico non se sitúa en absoluto en paralelo coa conservación e o uso racionalmente esperable dos diversos compoñentes da diversidade biolóxica que se podería esperar dun certo nivel cultural e sobradas posibilidades económicas. E máis, é moi frecuente o feito de que a "prosperidade" actual de moitos países do mundo basease nun uso descontrolado e inconsciente do potencial natural durante séculos, chegando na actualidade a unha situación con frecuencia de empobrecemento importante de diversidade biolóxica con respecto á capacidade dos diferentes territorios. A modo de exemplo, constátase na actualidade que o 52% das especies de auga doce e o 42% de mamíferos de Europa atópanse nun estado de permanente ameaza.

Esta situación non é allea a Galicia, e a modo de exemplo significativo pódese citar como especies tan senlleiras como o cervo, ou a cabra montesa extinguíronse hai tempo, e outras como a pita do monte, o sapoconcho, o arao, ou incluso a charrela e o salmón manifestaron procesos regresivos no noso país.

O longo das últimas décadas unha corrente conservacionista que cala en moitos gobernos e fai que tomen conciencia do grave problema que significa a mingúa da biodiversidade, non só desde o punto de vista ambiental, senón tamén social, económico e cultural, e conleva perda de recursos e emprobecemento, así como o recoñecemento

da existencia de problemas de carácter mundial que ameazan gravemente o equilibrio ecolóxico (cambio climático, esgotamento da capa de ozono, perda da diversidade biolóxica ou deforestación).

Froito desta preocupación, en outubro de 1983, a Asemblea Xeral da ONU crea a Comisión Mundial polo Medio Ambiente e o Desenvolvemento. Do traballo desta Comsiión saliu en 1987 o "Informe Brundtland", que é a base do concepto e as estratexias do desenvolvemento sostible.

En 1992 celébrase a 2ª Conferencia Mundial sobre o Medio Ambiente e Desenvolvemento das Nacións Unidas, logrando elabora-lo acordo para o texto definitivo do *Convenio sobre a diversidade biolóxica*, que foi asinado por 157 estados, entre eles España, en Rio de Janeiro (Brasil), no marco do que se deu en chamar "O cumio da Terra". Este Convenio, ratificado por España en decembro de 1993, entrou en vigor o día 29 do mesmo mes e ano.

O convenio significou o recoñecemento dun problema e o principio dunha nova forma de actuar e de entende-las relacións home-natureza.

A partir dese momento, o termo *biodiversidade* impúxose pola súa capacidade de globalizar, é dicir, quizais por primeira vez era universalmente aceptada a necesidade de trata-la natureza como un todo, como unha maquinaria perfectamente engrenada á que un leve desaxuste (a extinción dunha especie, por exemplo) ameazase con detela provocando efectos de impredictible gravidade e magnitude.

En Rio 92 fixábanse como alicerces dunha nova política ambiental: "A conservación da diversidade biolóxica, a utilización sostible dos seus compoñentes, e a participación xusta e equitativa nos beneficios derivados da utilización dos recursos xenéticos".

Conservación, sostibilidade, e un reparto xusto, teñen que sentar pois as bases de calquera política ambiental, por derriba doutros intereses. A dinámica actual, onde crecemento económico e desenvolvemento se presentan como termos sinónimos, debe

ser invertida, asumindo que a conservación da biodiversidade ten que ser un obxectivo xeral de calquera sociedade desenvolvida con expectativas de futuro.

Neste senso a sinatura do Convenio sobre diversidade biolóxica obriga as partes contratantes, entre as que se encontra España, a "elaboraren estratexias, plans ou programas nacionais para a conservación e a utilización sostible da diversidade biolóxica, ou adaptaren para ese fin as estratexias, plans ou programas existentes, que haberán de reflectir, entre outras cousas, as medidas establecidas no presente convenio que sexan pertinentes para a parte contratante implicada", ademais de "integraren, na medida do posible e segundo proceda, a conservación e a utilización sostible da diversidade biolóxica nos plans, programas e políticas sectoriais ou intersectoriais".

O 18 de decembro de 1995 o Consello de Ministros da Comunidade Europea manifestou que "con respecto ós asuntos da súa competencia e en estreita cooperación cos seus estados membros, a Comunidade debe elaborar unha estratexia comunitaria para determina-las lagoas existentes na política de conservación da Comunidade Europea e para promove-la diversidade biolóxica nas políticas da Comunidade, complementando así as estratexias, programas e plans dos estados membros, co obxecto de garanti-la plena aplicación deste convenio". A Unión reservábase para si un papel precursor e titorial na asunción dos obxectivos do convenio entre os estados membros.

Resultado daquel compromiso é a Comunicación da Comisión ó Consello e ó Parlamento Europeo sobre unha estratexia da Comunidade Europea en materia de biodiversidade, que se integra no V Programa de Acción en materia de medio ambiente: *Cara a un desenvolvemento sostible.* Este documento recolle os preceptos básicos do Convenio de Rio 92, e adáptaos e intégraos na política de conservación da Unión Europea.

En España os traballos sobre a *Estratexia española para a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica* iniciados en 1995 fructificaron en 1999 coa redacción definitiva do documento.

De igual xeito que para o conxunto do estado español, e doutras comunidades autónomas, coma Navarra ou Cataluña, en Galicia, a Consellería de Medio Ambiente,

no marco das súas competencias, e consciente da transcendencia que sobre o futuro dos nosos recursos naturais debe ter a xestión ambiental rexida por parámetros de sostibilidade e de conservación da biodiversidade, presenta este documento como alicerce e punto de partida do que debe ser unha nova política ambiental, implicando a toda a sociedade galega no seu conxunto, e impregnando coas súas recomendacións os plans, programas, proxectos, e políticas sectoriais ou intersectoriais que se desenvolvan no noso país

Enténdese que o deseño das medidas específicas de cara a alcanzar o éxito na aplicación da estratexia en calquera eido da actividade humana require o desenvolvemento das fases que se indican a continuación, onde é fundamental tanto a participación activa das persoas e institucións con capacidade de decisión en cada un dos sectores identificados como relevantes para o estado da nosa biodiversidade, como a implementación das recomendacións da Estratexia na toma de decisións.

1º Diagnóstico do estado da diversidade biolóxica.

2º Identificación de procesos e sectores que lle afectan.

3º Información ós distintos axentes.

4º Participación dos sectores implicados.

5º Implementación das recomendacións.

## FINALIDADE, OBXECTIVOS BÁSICOS E PRINCIPIOS ORIENTADORES

A finalidade última desta Estratexia é, como indica o seu propio título, a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica de Galicia, finalidade que se separa a súa vez en varios obxectivos básicos. As medidas e traballos planificados para a súa consecución deberán estar rexidos en todo momento por unha serie de principios orientadores que impregnan o espírito de toda a Estratexia..

Por outra parte, os principios orientadores desta Estratexia Galega recollen, ó igual que a Estratexia da Comunidade Europea e a Española, o espírito do *Convenio sobre diversidade biolóxica* asinado por 157 estados en Rio de Janeiro no 1992. Así o seu contido e posterior desenvolvemento deben segui-las recomendacións, alcance, e obxectivos establecidos naquelas, adaptados á nosa realidade e as necesidades de conservación dos nosos recursos e do propio desenvolvemento de Galicia.

### OBXECTIVOS BÁSICOS

1. Consegui-la necesaria coordinación e cooperación entre tódalas institucións e organismos implicados, a efectos de alcanzar a máxima participación do conxunto da sociedade galega na conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica.
2. Consegui-la integración dos principios rectores da conservación e o uso racional da diversidade biolóxica no conxunto das políticas sectoriais e relacións intersectoriais.
3. Deter, e si é posible reverter, o proceso de reducción da taxa de diversidade biolóxica, a conseguir a través do desenvolvemento de obxectivos e medidas de conservación *in-situ* e *ex - situ.* Dentro deste obxectivo ten especial importancia a conservación dos recursos xenéticos orixinados e desenvoltos no territorio de Galicia, así como o mantemento e conservación dos hábitats e as poboacións.
4. Alcanzar un nivel social e economicamente aceptable de xestión e uso sostible dos recursos naturais e os compoñentes da diversidade biolóxica, dependente en grande medida da consecución dos obxectivos planificados anteriormente.
5. Incrementa-los niveis de coñecemento, investigación e divulgación dos compoñentes da diversidade biolóxica que garantan a formulación de concepcións sostibles da súa xestión.

6. Aumentar significativamente a formación ambiental xeral cara ó conxunto da sociedade e particular cara determinados sectores para consegui-lo máximo nivel de colaboración social na xestión sostible da diversidade biolóxica.
7. Aplica-las reformas institucionais e lexislativas necesarias para a consecución dos obxectivos anteriores, incluíndo os mecanismos financeiros coherentes con tales reformas.
8. Reforzar os mecanismos de cooperación nacional e internacional existentes en torno a xestión da diversidade biolóxica e incrementa-la participación da sociedade galega na medida das súas necesidades e posibilidades.

## PRINCIPIOS ORIENTADORES

### Coordinación e integración.

O desenvolvemento desta Estratexia debe basearse no principio de responsabilidade compartida en tódolos aspectos relacionados directa ou indirectamente coa xestión e utilización dos compoñentes da diversidade biolóxica.

A coordinación entre tódolos axentes implicados debe rexer tanto os planeamentos globais desta Estratexia como a formulación de medidas particulares de aplicación.

A Estratexia debe centrar os seus esforzos na adecuada integración dos seus contidos nas distintas políticas sectoriais e intersectoriais a través de accións dirixidas á información, formación e coordinación.

Para iso, estableceranse os mecanismos de participación activa necesarios que favorezan a asunción das responsabilidades das distintas administracións públicas en medio ambiente, e a colaboración dos distintos sectores socioeconómicos no desenvolvemento e posterior seguimento da Estratexia.

### Conservación da biodiversidade

As medidas de conservación, así como calquera outra que poida incidir sobre a diversidade biolóxica, deben estar rexidas polo "Principio de precaución", e dicir, a falta de suficientes coñecementos sobre unha especie ou ecosistema, así como de evidencia das posibles afeccións directas ou indirectas a eles, non deben ser causa de pospoñer ou non aplicar as necesarias medidas de protección ou, no seu caso, de xestión dirixidas a súa mellor conservación e uso.

A conservación da diversidade biolóxica en Galicia require o establecemento dunha rede de espacios naturais protexidos que por superficie e representatividade garante a defensa *in-situ* dos nosos valores naturais máis salientables en xea, fauna, comunidades vexetais, e paisaxes, ou a protección das nosas poboacións endémicas, raras, singulares, ou ameazadas.

Complementariamente ó anterior, débense desenvolver medidas destinadas a conserva-la biodiversidade fóra destes enclaves entendendo como de especial relevancia a creación e o mantemento de corredores ecolóxicos e a aplicación de parámetros de sostibilidade no resto do territorio.

A conservación *ex-situ* é igualmente importante, sobre todo como complementaria da conservación *in-situ* e de especial aplicación ó patrimonio que constitúen actualmente os recursos xenéticos orixinados e desenvolvidos en Galicia.

Considerando que o patrimonio xenético galego, especialmente en plantas cultivadas e razas animais domésticas autóctonas, ou naquelas silvestres de interese medicinal ou forestal, é un recurso valioso e único, froito do labor milenario dos nosos antepasados, con un impredecible pero non por eso desestimable valor potencial de cara ó futuro, debe ser obxectivo desta Estratexia segundo as recomendacións recollidas do *Convenio sobre a diversidade biolóxica*. Trátase esencialmente de identificar, defender, e conservar os nosos recursos xenéticos, regulando e facilitando o acceso a tódolos interesados cando se soliciten para usos ambientalmente correctos, e se asegure a participación nos beneficios derivados do uso do recurso, xa sexan científicos, técnicos, ou económicos.

**Uso e xestión sostible**

A garantía de futuro na explotación e xestión dos recursos naturais é un dos principios que centra a filosofía do *Convenio sobre a diversidade biolóxica*. A Estratexia galega debe polo tanto garantir unha utilización responsable e racional da nosa biodiversidade.

Por iso, debe favorecerse o mantemento dos aproveitamentos productivos tradicionais respectuosos co medio, así como recuperar e fomenta-los coñecementos e as técnicas tradicionais das comunidades rurais en franca regresión que teñen repercutido secularmente dun xeito moi positivo no desenvolvemento e conservación da nosa biodiversidade.

Neste senso os custos da sostibilidade de cara ó mantemento e fomento das prácticas respectuosas co medio deberán ser asumidos polo conxunto da sociedade, aplicando os principios de subsidiariedade e de responsabilidade compartida, con especial fincapé na regulación da participación da poboación local nos beneficios derivados do uso e aproveitamento dos recursos naturais polo resto da sociedade

**Coñecemento, investigación e divulgación**

O enunciado de políticas e a aplicación de medidas particulares deben estar baseados no mellor coñecemento científico dispoñible. A divulgación deste coñecemento é esencial para a comprensión social da toma de decisións.

Considerando as lagoas existentes no coñecemento da nosa biodiversidade, é necesario fomentar e incentivar todo tipo de plans, programas, ou proxectos de investigación que afonden neste campo, tanto no que se refire ós compoñentes da nosa biodiversidade, en canto ó estado das súas poboacións e áreas de distribución, especialmente daqueles ameazados ou que sexan obxecto de uso ou xestión de forma habitual.

Entre as necesidades de investigación para a aplicación desta Estratexia, considéranse liñas prioritarias á identificación e análise de indicadores para a avaliación

do estado e evolución da nosa biodiversidade, a aplicación de novas tecnoloxías na avaliación ambiental e na aplicación das medidas correctoras e restauradoras. Paralelamente debe seguir desenvolvéndose investigación básica sobre os compoñentes da diversidade biolóxica, a súa xestión e posibilidades de utilización.

**Formación e participación social**

A colaboración e participación social constitúen piares fundamentais e imprescindibles para o desenvolvemento desta Estratexia e unha razoable consecución dos seus obxectivos. Deben, por tanto, priorizarse e desenvolverse exhaustivamente todo tipo de medidas dirixidas a alcanzar o máis alto nivel de tal comprensión e participación.

Esta comprensión e participación deberá implicar especialmente ás poboacións locais e rurais dispersas cando se trate de adoptar medidas tendentes á conservación *in-situ* dos nosos recursos e á declaración de espacios naturais protexidos, entre outros aspectos.

Por outra banda, a integración da sostibilidade nos plans, programas, e proxectos de desenvolvemento territorial, así como nas políticas sectoriais e intersectoriais que afecten á diversidade biolóxica, require a participación de axentes sociais moi diversos para acceder ós acordos e consensos necesarios en termos ambientais, sociais e económicos.

Para consegue- la participación social requírese un acceso público e sinxelo á información, o cal require a súa vez mecanismos previos de divulgación do coñecemento.

A formación e educación sobre a conservación e usos sostibles da diversidade biolóxica debe dirixirse ó conxunto da sociedade, tanto a través da súa inserción no ensino curricular como a través de tódolos mecanismos divulgadores e de comunicación dispoñibles. Neste senso, todo tipo de institucións, organismos e axentes sociais deben ser tanto receptores como emisores de formación e información.

**Aspectos institucionais e lexislativos**

Dada a dispersión normativa existente en materia ambiental, a aplicación desta Estratexia requirirá non só impulsar a aplicación lexislativa nos múltiples campos da actividade humana relacionados coa diversidade biolóxica, senón tamén adaptala e actualizala á realidade galega, favorecendo a elaboración de textos legais integradores dirixidos claramente á conservación e ó uso sostible da biodiversidade.

Estas adaptacións lexislativas poderían levar a modificacións ou reformas institucionais que será necesario abordar igualmente nos termos previstos, podendo carretar ou non necesidades financeiras que, no seu caso, sería necesario abordar e resolver adecuadamente.

**Cooperación nacional e internacional**

As accións encamiñadas á conservación da diversidade biolóxica contempladas nesta Estratexia deberán ter en conta as realizadas noutras comunidades autónomas do Estado, sen deixar a un lado aquelas que dentro do contexto internacional se estean desenvolvendo, en especial as programadas polo goberno de Portugal.

É polo tanto necesario impulsar e reforzar a coordinación no ámbito interautonómico, estatal, ou internacional, a traveso de convenios, plans, e programas que faciliten a colaboración e a aplicación de medidas e solucións homoxéneas, coherentes, e complementarias, a problemas comúns ou derivados da propia situación xeográfica, en especial no campo da conservación.

Galicia, como rexión periférica exterior da Unión Europea e de confluencia de varias rexións bioxeográficas tanto no ámbito terrestre como mariño, debe ter un especial interese na aplicación das normas e medidas comunitarias para o control, seguimento, conservación e uso sostible da súa biodiversidade e colaborar activamente en torno a estes temas co resto de territorios da Unión.

## PRIMEIRA PARTE: DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

Preséntase neste capítulo un achegamento á realidade galega desde o punto de vista da súa diversidade biolóxica, partindo da exposición dos factores ambientais máis relevantes para a comprensión da súa orixe e estado de conservación actual. Esta información é necesaria como alicerce e punto de partida para o desenvolvemento desta estratexia

A situación xeográfica de Galicia e a súa propia xeoloxía, relevo, litoloxía e climatoloxía, entre outros, son factores decisivos orixe da importante diversidade biolóxica presente en Galicia. A presencia de cotas próximas ós 2000 metros nas serras orientais e sudorientais sendo nembargantes Galicia unha rexión eminentemente oceánica con importante fachada fronte ó Atlántico, a presencia dunha nutrida representación de rochas ácidas, plutónicas e graníticas mais tamén con notoria presencia nas zonas orientais de xistos, lousas, cuarcitas e calizas, ou a existencia dun importante territorio no sudoeste encravado na rexión bioxeográfica mediterránea malia ser Galicia unha rexión fundamentalmente atlántica, fan da nosa comunidade unha rexión de acusados contrastes, de variados matices e paisaxes cambiantes, como punto e área de transición de mundos tan diferentes.

Por outra parte, o enorme potencial natural derivado desta variedade ambiental hai que sumarlle a intensa antropización á que foi sometida a práctica totalidade do territorio galego, causante da desaparición en grande medida dos nosos hábitats naturais e a aparición de outros, non por elo menos interesantes e os que denominamos hábitats seminaturais ou ecosistemas antropizados. Así hoxe na situación actual e como producto da intensificación no aproveitamento dos nosos recursos naturais, da modernización das nosas estructuras, e da aplicación das novas tecnoloxías son múltiples as accións e ameazas que inciden no medio físico e biolóxico galego provocando nalgúns casos unha perda importante da nosa biodiversidade como son, entre outros e simplemente a modo de exemplo, a apertura de estradas e camiños en zonas de montaña ou media montaña ou os incendios forestais causantes de fortes procesos erosivos e impactos paisaxísticos negativos; a apertura de canteiras a ceo aberto, fundamentalmente nas zonas montañosas orientais; a intensa ocupación do solo especialmente na beiramar coa desaparición de importantes ecosistemas litorais; a

transformación das estructuras agrarias tradicionais ou a baixa integración dos aspectos ambientais e de conservación da biodiversidade nas políticas, programas e proxectos de ordenación territorial e outros sectores que se analizan someramente en capítulos posteriores. Todas estas actividades, tanto as xerais como as particulares, necesitadas dunha maior dose de racionalización, planificación, avaliación e seguimento.

# 1 O MEDIO FÍSICO

O medio galego ven determinado polo emprazamento xeográfico de Galicia, o seu relevo e o clima; causantes en primeira instancia das súas paisaxes naturais, da extensa rede hidrográfica existente e das súas características edáficas, é dicir, dos seus solos.

## 1.1 A Estructura Física: Xeomorfoloxía.

A historia xeolóxica de Galicia ten o seu comezo no período Carbonífero, hai uns 300 millóns de anos. É nesta Era cando se producen as elevacións montañosas hercínicas que caracterizan unha grande parte da paisaxe do leste e surleste galego quedando xa desde aquela emerxidas e sometidas a intensos procesos erosivos, e tamén cando se posicionan e asentan definitivamente as antigas unidades precámbricas. A morfoloxía da costa galega é sen embargo consecuencia da tectónica de placas acontecida no Cretácico, hai un 150 millóns de anos, por separación das placas americana e ibérica, e de colisión entre esta e a euroasiática.

Galicia caracterízase xeomorfolóxicamente pola existencia de amplas superficies a distintas alturas, en chanzos, e pola incisión dos diferentes cursos de auga que degradaron amplos sectores daquelas, de xeito que en liñas xerais podemos diferenciar dúas unidades xeomorfolóxicas claras no solar galego: As depresións tectónicas recheas de sedimentos, e os vales fluviais de distinta morfoloxía.

Obsérvase en Galicia unha gradación desde a costa ata as serras orientais, materializada tanto por superficies de achandamento como por depresións tectónicas.

Os vales fluviais, con frecuencia encaixados, orixinan unha morfoloxía contrastada, na que se combinan chairas de pendentes moi suaves, con vertentes onde aquelas se fan pronunciadas.

O medio físico galego estructúrase en cinco unidades de relevo que conforman un conxunto extraordinariamente diverso. En primeiro lugar, e en contacto directo co mar, atopamos o litoral; unha segunda unidade, o prelitoral, espállase entre aquel e as serras centro-occidentais e setentrionais; unha terceira engloba as serras setentrionais e centro-occidentais; a cuarta céntrase na Galicia interior, entre as citadas serras e aquelas que se erguen na rexión oriental e sudoriental; e, por último aparecen as formacións montañosas das serras orientais e sudorientais.

O litoral galego conta con 1.195 km. de extensión dominados pola singularidade da denominada *costa de rías*. Sen embargo, ó longo do litoral é posible encontrar diferencias acusadas entre uns sectores e outros, existindo costa con acusados cantís e tramos dominados por areais, marismas, ou áreas lacustres. Na costa atlántica, especialmente nas Rías Baixas, todo sinala ós efectos tectónicos como causantes da xeomorfoloxía actual ó non detectarse importantes procesos erosivos derivados da acción do mar. Pola contra, na costa cantábrica, as formas difiren sensiblemente pola existencia dunha fosa paralela á costa engadida a efectos de subducción o que orixinou un maior encaixamento da rede fluvial.

Entre a liña de costa e as serras setentrionais e centro-occidentais, atopámonos co prelitoral caracterizado por bloques litorais de grande altitude como son os montes da península do Barbanza, Serra da Capelada, Monte Pindo, Serra da Groba, ou o Galiñeiro, rachados polas Rías Baixas.

Ó sur do litoral cantábrico e ó leste do Atlántico érguese un conxunto importante de serras, son as serras setentrionais e centro-occidentais, que marcan con claridade o tránsito á Galicia interior. Estas terras altas como a Serra do Faro, Serra da Loba, Cova da Serpe, e Careón, chegan a rebordar polo norte os 1.000 m na Serra do Xistral, e forman a divisoria entre as cabeceiras de moitos dos ríos propiamente galegos, como acontece coas serras setentrionais entre o Masma, Ouro, Moucide e Landro, e o Trimaz, Magdalena, Batán e Anllo, que son tributarios do Miño. No segundo caso as serras

centro-occidentais serven de divisoria de augas entre os ríos Mera, Grande de Xubia, Eume, Mandeo, e Mero, e os afluentes do Miño.

Por Galicia interior enténdese o amplo territorio delimitado polas serras setentrionais e centro-occidentais por unha parte, e as serras orientais e sudorientais por outra. Este conxunto caracteriza a superficie central de Galicia e constitúe a unidade xeomorfolóxica de maiores dimensións do país. Nela o relevo descomponse claramente nas dúas unidades morfolóxicas básicas: as depresións tectónicas, e os vales fluviais, que no sector meridional da Galicia interior acadan o seu maior grao de encaixamento. Claro expoñente destas superficies son as cubetas lucenses da Terra Cha, Sarria, e Monforte, recheas por importantes depósitos sedimentarios do período Terciario que poden superar os 200 metros de potencia e que foron "traballados" e conformados en moitos casos polos ríos durante o período Cenozoico dando orixe ás terrazas fluviais cuaternarias dos ríos Miño e Sil, entre outros.

As serras orientais e sudorientais sitúanse no sector oriental do territorio galego, caracterizado pola existencia dun significativo fronte montañoso que ergue en cumios cuarcíticos ata os 2.000 m de altitude sobre vales pizarrosos. É aquí onde se atopan as partes máis elevadas de Galicia como a Pena Trevinca na provincia de Ourense, e a Pena Rubia nos Ancares lucenses.

Conxunto xeomorfolóxico singular é a depresión de Limia, onde se asentaba a desecada Lagoa de Antela, de indubidable interese ecolóxico. Trátase dunha extensa chaira aluvial do período Plistoceno rechea con materiais terciarios que poden acadar os cen metros de fondura. Significativa é Tamén a depresión meridiana que espalla de norte a sur polo occidente galego desde o río Tambre ata o Miño ó longo de máis de 200 quilómetros.

### 1.2 Rede hidrográfica

As características tectónicas e morfolóxicas, especialmente a intensa fracturación acontecida a fins do período Hercínico no solar galego, e os aspectos climáticos, especialmente os pluviométricos, fan de Galicia un "paraíso" fluvial onde

unha trama infinita de regatos, ríos, e grandes ríos, como o Miño ou Sil, surcan o seu territorio en tódalas direccións.

Só considerando os ríos propiamente galegos conta Galicia con preto de 2.000 quilómetros de tramos fluviais. Entre estes sobresae o grande Miño con 308 km e 17.027 $km^2$ de cunca fluvial, seguido de lonxe polos de cunca superior ós 1.000 $km^2$ en territorio galego como o Ulla con 2.804 $km^2$ e 132 km de lonxitude, o Tambre con 1.530 $km^2$ e 124 km respectivamente, e o Navia con 1.124 $km^2$ e 90 km. Arredor dos 500 $km^2$ de cunca fluvial contamos co Eo, Eume, Mandeo, Mero, Anllóns, Xallas, Umia e Lérez. Entre as cuncas compartidas destacan as do Sil, Eo, e Navia, con Asturias e León; e as do Miño, Limia, e Támega, con Portugal, sendo este último río afluente do Douro portugués.

A división hidrolóxica galega resólvese en cinco grandes unidades**:** Cunca Cantábrica co Navia e Eo; cunca de Galicia-Costa que amorea un grande número de cursos todos eles propiamente galegos (algúns da vertente cantábrica e outros da vertente atlántica) como o Masma, Ouro, Landro, Sor, Mera, Xubia, Eume, Mandeo, Mero, Anllóns, Castro, Xallas, Tambre, Ulla, Lérez, Verdugo e Oitavén. Cunca do Miño e drenaxe natural dunha boa parte do territorio galego co Neira, Sil, Búbal, Barbantiño, Avia, Arnoia, Deva, Tea e Louro. Cunca do Limia, que abrangue este curso fluvial e os seus afluentes. E cunca do Duero co alto e medio Támega.

A presencia dunha orla case continua de serras entre a costa e o interior, dan lugar á existencia de numerosos cursos fluviais de curto recorrido que baixan moi directamente ó mar. Este tipo de cuncas costeiras marcan unha grande diferencia coas interiores, moito máis amplas, como é tipicamente a do Miño- Sil.

Os ríos das cuncas costeiras presentan un clásico réxime pluvial, cun máximo en outono-inverno e un marcado período de estiaxe durante o verán. O mesmo ocorre, aínda con máis intensidade, nos ríos das cuncas do interior que nacen nas serras occidentais e setentrionais, mentres que os que nacen nas serras orientais e sudorientais, onde as precipitacións en forma de neve son frecuentes, ofrecen un réxime pluvio-nival caracterizado por dous máximos, un en outono-inverno e outro menor durante a primavera.

A variabilidade dos diferentes cursos de auga ó longo do seu percorrido, que choca frontalmente coa concepción clásica de curso alto, medio e baixo, é a máis salientable característica da nosa rede fluvial galega, onde moitos dos nosos ríos xorden febles e adoecen de capacidade erosiva nos seus primeiros tramos e pola contra, conforme avanzan, van rexuvenecendo e incrementando a súa potencia.

### 1.3 Clima e solos

#### 1.3.1 Climatoloxía

A situación avanzada de Galicia cara ó océano, a súa posición latitudinal, as profundas rías, as diferencias altitudinais, e o complexo relevo, son causas que determinan a heteroxeneidade climática existente, que a súa vez condiciona, actuando en combinación cos anteriores factores, tanto o tapiz vexetal coma as características edáficas, ou dos solos.

Galicia localízase na denominada Iberia húmida, diferenciándose nela o clima temperado como resultado da influencia do océano e caracterizado pola existencia de invernos suaves e veráns frescos con precipitacións espalladas regularmente ó longo de todo o ano. No surleste galego domina o clima mediterráneo, con veráns calorosos e secos, invernos duros con xeadas e precipitacións con desigual distribución, concentradas na primavera, outono e inverno.

Sen embargo, a situación de Galicia, entre os procesos polares e subtropicais, e as súas peculiares características orográficas, determinan ademais a aparición doutros subtipos climáticos con importantes variacións rexionais determinantes para a biodiversidade. Así, atopamos en Galicia un clima de costa con variedades climáticas singularizadas na costa norte, litoral noroccidental, e Rías Baixas, cunha amplitude térmica que non supera en xeral os 10ºC, media do mes máis frío superior ós 8ºC, e precipitacións moi abondosas, entre os 1.500 e 2000 mm anuais, detectándose nesta vasta franxa litoral a oscilación térmica máis débil do occidente europeo.

Xa no interior, especialmente na meseta central lucense, prodúcese un acusado descenso das precipitacións e unha maior continentalidade, como consecuencia do

progresivo afastamento da liña costeira. As precipitacións non superan os 1.250 mm anuais e aparece unha maior amplitude térmica estacional, onde atopar as temperaturas medias mínimas máis baixas de Galicia, agás as de montaña, e que non superan os 2ºC. Climodiagramas.

A influencia determinante do relevo nos profundos vales sudoccidentais galegos, especialmente nas depresións do Miño e Sil, orixina a aparición dunha nova variedade climática cunha clara influencia mediterránea, caracterizada por temperaturas medias estivais por riba dos 22ºC, precipitacións escasas nunca superiores ós 1.000 mm, e déficit hídrico durante todo o verán, coas temperaturas mínimas máis altas de Galicia durante a estación estival.

Por último, nas áreas elevadas do oriente galego a altitude determina a aparición dun clima propio de montaña, especialmente a partir dos 800 metros sobre o nivel do mar (m.s.n.m.), caracterizado pola existencia de veráns secos e invernos fríos e moi húmidos, temperaturas medias anuais nunca superiores ós 9ºC, precipitacións que poden rebordar os 2.000 mm, e acusada oscilación térmica que acada a máxima galega nas serras sudorientais superando os 16ºC de amplitude.

O Atlas climático de Galicia analiza pormenorizadamente tanto o clima galego como a súa interacción co relevo.

### 1.3.2 Edafoloxía. Os solos de Galicia

Ó igual que o clima, os solos constitúen un factor determinante para a aparición de determinados tipos de paisaxes e de compoñentes da diversidade biolóxica. Segundo o tipo de rocha nai que os orixina, pódense distinguir en Galicia catro tipos principais de solos: Os máis comúns son aqueles que asentan sobre rochas ácidas, sendo en xeral pouco evolucionados e moi areosos os de granito, e máis profundos os de esquistos. Sobre rochas básicas, como gabros e serpentinas, son moito menos frecuentes e difiren dos anteriores nunha maior potencia, abundancia de limos e arxilas e pouca permeabilidade con tendencia a pseudogleificación. Os que se orixinan a partir de areniscas e cuarcitas son solos pobres pola súa extrema acidez e mínima mineralización, con tendencia á podsolización. E por último sobre calizas, evolucionando a solos fértiles

moi evolucionados, arxilosos, e con pH en xeral neutro polas abondosas precipitacións do país.

Os solos galegos son con carácter xeral ácidos, ricos en materia orgánica, e pouco evolucionados. Os máis abondosos son os de tipos ranker ou protoranker moi pouco desenvolvidos e moi ácidos e que na actualidade ocupan grandes áreas de alta e media montaña onde dominan os breixos. Pola contra os solos máis evolucionados e edaficamente climácicos son as terras pardas ou cambisoles; nestes solos asentan os derradeiros vestixios da vexetación climácica e potencial propia da Galicia atlántica de carballeiras acidófilas. A acción humana secular fixo que unha grande maioría destes solos profundos perderan os exuberantes bosques que lles son propios.

Outros tipos de solos con presencia significativa en Galicia son os podsoles, como degradación dos anteriores propios de áreas con abondosas precipitacións, baixas temperaturas, e rochas moi ácidas como as cuarcitas; os fluvisoles, propios da infinidade de veigas que surcan Galicia ó longo dos cursos fluviais; e os hidromorfos con horizontes glei tan característicos das nosas penechairas e zonas húmidas interiores como as brañas e as gándaras.

### 1.4 O medio mariño

En canto ó medio mariño descríbese a continuación non soamente o medio físico, que predomina na exposición, senón que se inclúe tamén unha introducción ó biolóxico e ás ameazas que actualmente se cernen sobre as costas e mares galegos; co fin de presentar unha exposición máis coherente dun conxunto de ecosistemas con frecuencia esquecidos ou tratados moi parcialmente.

A costa galega comprende un total de 1195 km, o que representa aproximadamente o 35 % do litoral español, estendéndose desde a desembocadura do río Eo ata a do Miño, na fronteira con Portugal. Trátase dunha costa con acusadas diferencias entre uns sectores e outros, na que os tramos dominados polas rías, un dos seus elementos principais, continúanse con outros en que predominan os acantilados, ou con aqueles onde os areais costeiros ou as zonas lacustres dominan o medio. Esta notable variedade de hábitats ten a súa base nas diferencias litográficas, a evolución

xeomorfolóxica e a acción da natureza e humana. Aproximadamente un 14 % da extensión do litoral galego está composta de areas, un 36 % de costa baixa e un 50 % de acantilados. Atendendo as súas características, o litoral galego pódese dividir en dúas grandes unidades: a cantábrica e a atlántica. A primeira esténdese desde o río Eo ata cabo Ortegal, e a segunda desde este ata a desembocadura do Miño. O cabo de Finisterre sirve de tránsito tanto desde o punto de vista morfolóxico como hidrográfico, climático e bioxeográfico. O principal accidente desta costa é as rías, vales tectónicos afundidos de profundidade moderada inundados polo mar, que son de maior importancia ó sur do cabo Finisterre, onde se asentan as cinco Rías Baixas: Corcubión, Muros-Noia, de 125 $km^2$, Arousa, de 230 $km^2$, Pontevedra, de 145 $km^2$ e Vigo, de 176 $km^2$. En varias zonas do litoral galego, así como nas bocas e no interior de varias das súas rías hai illas de extensión variable, das que a súa importancia desde o punto de vista da biodiversidade é alta.

Otero Pedrayo estableceu no seu día unha clasificación, considerada xa clásica, das costas galegas polos tipos de rías, o clima e a orientación. Establece en función de estas variables cinco zonas ás que denomina “arcos”; son as seguintes: o Arco Cántabro, que vai desde Ribadeo ó cabo Ortegal, o Arco Ártabro, de cabo Ortegal ás illas Sisargas; o Arco de Finisterre ocupa desde as citadas illas ata o cabo de Finisterre, o Arco das Rías Baixas, do cabo de Finisterre ó cabo Silleiro e o Arco Miniano-Duriense, que se estende desde cabo Silleiro á desembocadura do Miño.

A plataforma continental de Galicia é relativamente estreita, non superando os 50 km de ancho. Na zona interna e media da plataforma, o substrato rocoso está formado por materiais do zócolo Paleozoico, mentres que son materiais do Cretácico fundamentalmente e do Terciario os que constitúen o substrato rocoso da parte externa da plataforma e a parte alta do noiro. O comezo do noiro localízase entre 200 e 400 m de profundidade. Na fachada occidental (Atlántica e Rías Baixas) a parte interna e media da plataforma está cuberta por unha potente capa de lama procedente dos numerosos canles fluviais que desembocan nela. A zona externa está cuberta por depósitos areosos. Esta fachada está marcada por afloramentos rocosos, que son unha prolongación dos existentes nas áreas de acantilados do continente. Na fachada setentrional (Cantábrica-Rías Altas) a plataforma aparece cuberta de areas, aínda que nalgúns puntos hai áreas lamosas. Tamén aquí hai afloramentos rocosos somerxidos.

Por debaixo de 550 m de profundidade atópanse zonas coralíferas, ou con corais. Nalgunhas zonas da plataforma continental galega hai canóns submarinos suaves, como os de O Ferrol e A Coruña. A 200 km da costa atópase o Banco de Galicia, unha meseta submarina duns 155 $km^2$ de extensión, da que a súa profundidade media está comprendida entre 700 e 800 m, contornada por grandes profundidades en tódalas direccións. O fondo desta montaña submarina está cuberto de abundantes corais dos xéneros *Madrepora* e *Lophelia*.

As características oceanográficas máis sobresaíntes das augas de Galicia son as seguintes:

Nestas latitudes, por debaixo dos 3800 metros de profundidade discorre un tipo de auga ben caracterizada pola súa temperatura (2,2º C) e salinidade (34,9 partes por mil de salinidade) coñecida como Auga Profunda Nor-Atlántica (APNA). Inmediatamente por encima desta atópase a auga do Labrador (3,4ºC e 34,9 partes por mil de salinidade), que se sitúa a unha profundidade de 1800 m, formando unha cuña horizontal que penetra na zona de mestura da auga profunda (APNA) e da Mediterránea, que se sitúa no nivel dos 1200 m. Procedente dese mar, a devandita masa de auga caracterízase por unha temperatura de 12ºC e 36,5 partes por mil de salinidade. Encima da Auga Mediterránea (AM) atópase a masa de Auga Central Nor-Atlántica (ACNA), que se radica desde 400 a 100 m de profundidade, dependendo da época do ano e das condicións meteorolóxicas. O intervalo entre 1200 e 400 m está ocupado pola mestura desta masa de auga e a mediterránea, variando a súa proporción en función da profundidade. O ACNA caracterízase nas costas galegas por unha temperatura comprendida entre 10,8 e 13,3 º C e unhas salinidades que varían entre 35,85 e 35,5 partes por mil. Na costa de Galicia esta auga ten dúas ramas de distinta procedencia. Unha procede do norte, do Golfo de Vizcaya, situándose en inverno a unhas 200 millas da costa, no paralelo 47º N, encontrándose nas proximidades da costa setentrional de Galicia durante o verán, cando se despraza cara a o oeste, e dicir, cara a Finisterre. A outra rama de ACNA procede do sur, sitúase a unhas 200 millas da costa no sudoeste de Galicia durante o inverno, desprazándose en dirección norte, cara Finisterre, onde se forma un fronte entre os dous corpos de auga, que seguen en dirección noroeste. Esto é o que establece as diferencias tan notables entre as augas costeiras do norte e do oeste de Galicia. Finalmente, na parte superior encóntrase a auga superficial, sen entidade

propia porque as súas características dependen das condicións climáticas, que varían local e estacionalmente. As únicas características comúns deste tipo de auga en toda a área son que durante todo o ano, salvo no inverno, está en niveis baixos de concentración de nutrientes (nitratos, silicatos, etc.), debido ó consumo do fitoplancton, e que a súa temperatura é máis alta cas augas inferiores debido ó quentamento solar. A termoclina (cambio na temperatura) sitúase normalmente entre os 30 e 50 m de profundidade. Durante o inverno esta termoclina desaparece por enfriamento da auga superficial, producíndose unha mestura vertical moi homoxénea, tanto máis profunda canto máis fría estea a superficie. O máximo enfriamento acontece entre finais de febreiro e principios de marzo, sendo máis intenso canto máis o Norte. Esta auga de mestura está formada por auga superficial e a parte superior de ACNA, que é rica en nutrientes. O seu contido en nutrientes é máis elevado canto maior é a profundidade de mestura, que no norte sitúase a 300 m, mentres que o fai entre 60 e 80 m no sur.

Un dos fenómenos máis importantes que ocorren nas costas galegas é o afloramento mariño que ten lugar, preferentemente, entre abril e outubro. Os ventos do norte, que predominan durante este período na costa oeste de Galicia, empuxan a capa superficial da auga mar adentro, provocando a ascensión de ACNA ata 150 m de profundidade. Este corpo de auga que aflora é máis frío ca auga superficial e contén grande cantidade de nutrientes. Este aporte produce un incremento da producción primaria. Este enriquecemento das augas soporta unha abundante masa de plancton, base de toda a riqueza marisqueira e pesqueira de Galicia.

Por último, a este sistema circulatorio costeiro hai que engadirlle o das rías e o seu intercambio de auga coa superficial e a parte superior do ACNA, que é a clave da súa grande fertilidade. As rías son estuarios moi amplos que permiten a invasión de auga oceánica polo fondo e o seu lado sur, mesturándose coa auga doce que aportan os ríos e abandona as rías pola superficie e a súa cara norte. O máis importante deste sistema estuárico positivo é que no verano, e dependendo da maior ou menor intensidade do afloramento costeiro, o ACNA que penetra produce un grande desenrolo de fitoplancton e, polo tanto, da producción primaria. En determinadas circunstancias, fórmanse mareas vermellas. Esta circulación estuárica, comporta ademais un lavado e renovación da auga das cuncas das rías bastante importante, anque dependente do aporte

de auga doce. A renovación dura aproximadamente unha semana en épocas de chuvia intensa e un mes cando estas son escasas.

No cadro adxunto como anexo dánse as características oceanográficas máis relevantes da rexión mariña de Galicia

Desde un punto de vista bioxeográfico, a flora de algas de Galicia é boreo-alpina, sendo máis parecida á de Bretaña ca do golfo de Biscaia, que poida considerarse como un enclave meridional entre ámbalas dúas áreas. Desde o punto de vista faunístico, as costas de Galicia son unha encrucillada de faunas mariñas boreais e subtropicais, poidéndose atopar nelas especies propias do norte do Atlántico Norte e outras que son propias de ambientes máis benignos e sureños, ou fauna lusitana. En case tódolos grupos mariños abundan os exemplos desta confluencia de faunas. O resultado é unha alta diversidade biolóxica, favorecida, ademais, polo grande número de hábitats diferentes que se atopan nestas costas.

A situación da conservación do medio mariño galego non é, no momento presente, preocupante, inda que si presenta poblemas puntuais que teñen unha incidencia local importante. Aínda que non sexa unha zona tan afectada pola densidade de poboación, o turismo ou a industrialización como outras zonas marítimas españolas, hai que ter en conta que Galicia é a primeira rexión pesqueira de España. Faenan actualmente nas súas costas máis de 5000 embarcacións de diferente porte, o que produce unha presión pesqueira moi importante, e nestes momentos non hai dúbida de que hai recursos que están sobreexplotados. Por outra banda, a actividade de determinados tipos de pesca, principalmente o arrastre, poidera ter un impacto importante sobre os ecosistemas bentónicos.

Nestas pesquerías captúranse accidentalmente algunhas especies protexidas, como por exemplo de delfín mular *(Tursiops truncatus)*, e se exerce tamén con certa frecuencia influencia negativa sobre outras especies de mamíferos mariños, principalmente delfinidos e toniñas. Por outra banda, a propia natureza das rías, que son brazos de mar rodeados por terras con poboación crecente, fainas moi vulnerables ás accións antropoxénicas. Así, aínda que diferentemente, están suxeitas ó impacto , da contaminación orixinada pola actividade industrial. É importante igualmente, xa que

poidera xenerar procesos de eutrofización local en determinadas zonas, o impacto dos contaminantes de orixe urbano, non sempre ben depurados antes de ser vertidos ós ríos ou a mar e que provocan unha degradación difusa da calidade das augas costeiras, así como a contaminación debida ós carburantes vertidos polos barcos.

O tráfico marítimo nas costas galegas é moi intenso, tanto dentro como fóra das rías, e como dato significativo está o feito de que por diante do cabo de Finisterre se contabilizaron 50.000 barcos anuais, que transcorren cara os portos do norte de Europa. Por outra banda, o crecemento dalgúns portos de Galicia estanse realizando a costa do mar, é dicir, a partir de encher zonas marítimas con materiais de orixe terrestre. Sábese co seu impacto é negativo e importante, principalmente polo enterramento dos fondos mariños e os seus efectos sobre a dinámica hidrográfica. Non se avaliou tampouco aínda suficientemente o impacto que teñen sobre o medio as numerosas plataformas de cultivo de bivalvos, sobre todo de mexillón, instaladas dentro das rías.

Coa apertura de novas e modernas vías de comunicación coa meseta o turismo está aumentando en Galicia, o que comporta unha especulación polo solo próximo ó litoral, un aumento da demanda de portos deportivos, maior tráfico de embarcacións de recreo e aparición de extensas urbanizacións, actuacións que habitualmente supoñen impactos ambientais en xeral e á diversidade biolóxica en particular de diferente envergadura.

Por último, é importante sinalar que actualmente Galicia carece case por completo de áreas marítimas protexidas, anque nestes momentos se encontra en estudio no Congreso dos Deputados a proposición de lei de declaración do Parque Nacional das Illas Atlánticas presentada pola Xunta de Galicia e a proposta galega de Lugares de Importancia Comunitaria, que inclúe varias áreas mariñas.

### 1.5 Rexións bioxeográficas e pisos bioclimáticos

Pola súa localización xeográfica, Galicia sitúase dentro do reino de flora e vexetación holártico, e forma parte de dúas rexións corolóxicas ou bioxenéticas: a Eurosiberiana e a Mediterránea.

Na primeira enmárcanse as provincias bioxeográficas Cántabro-atlántica e Oro-cantábrica, mentres que na segunda atopamos a provincia bioxeográfica Carpetano-ibérico-leonesa.

Na subdivisión por sectores atopamos en Galicia e na provincia Cántabro-Atlántica os sectores Galaico-asturiano propio do litoral cantábrico lucense, e o Galaico-portugués que engloba a meirande parte de Galicia incluso todo o litoral atlántico e as serras ourensáns do San Mamede e Invernadeiro no centro da provincia e as sudoccidentais do Xurés e Leboreiro. Na provincia Oro-cantábrica enmárcase o sector denominado Laciano-Ancarense conformado polas altas serras do Courel e Ancares na provincia de Lugo e máis a cunca do río Navia, onde aparecen especies tipicamente centroeuropeas.

Polo que respecta á rexión Mediterránea, atopamos dentro da provincia Carpetano-ibérico-leonesa o sector denominado Orensano-sanabriense que inclúe as depresións ourensáns do Miño e Sil, a planura de Monforte, e as serras galegas sudorientais limítrofes coa Meseta e Portugal, como Pena Trevinca, con especies propiamente ibéricas.

No que respecta ós andares bioclimáticos, delimitáronse en Galicia catro para a rexión Eurosiberiana: termo, meso, supra e orotemplado; e tres para a Mediterránea: meso, supra e oromediterráneo.

A rexión Eurosiberiana domina a maior extensión da superficie galega cunha flora de carácter oceánico, propia da fachada litoral da Europa occidental, e constitúe a flora característica do piso basal e montano inferior e medio da Galicia eurosiberiana. O carballo (*Quercus robur*) é o símbolo e xenuíno representante deste medio. Tamén é eurosiberiana a flora de procedencia medioeuropea; neste caso de carácter continental e arredada das áreas oceánicas litorais, sendo a faia (*Fagus sylvatica*) a que sobrancea neste conxunto como elemento significativo da Provincia Orocantábrica.

Na rexión Mediterránea apréciase unha influencia costeira, lusitano-duriense, e outra continental ou de meseta. A primeira afecta dobremente á Galicia eurosiberiana meridional e ás terras baixas do Miño e do Sil, sendo a sobreira (*Quercus suber*) a

árbore que mellor simboliza esta influencia. Como complemento desta, a influencia mediterránea de meseta chega desde León a través das altas montañas que serven de límite do territorio, resultando que a árbore máis significativa deste último conxunto é a aciñeira (*Quercus ilex* subsp. *ballota*) e, en menor medida, o rebolo (*Quercus pyrenaica*).

No ámbito mariño ou oceánico Galicia inclúese na Rexión Mediterráneo-Atlántica, Provincia Lusitana.

## 2.- OS COMPOÑENTES DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA EN GALICIA.

### 2.1 Os Hábitat Naturais presentes en Galicia

A riqueza e abundancia de diversidade biolóxica presente en Galicia, en particular en forma de hábitats naturais, débense, por unha banda, á grande heteroxeneidade orográfica, litolóxica, edáfica e climática, e por outra, á influencia do home ó longo dos milenios desde o período Neolítico. Moitos distes hábitats teñen un especial valor e interese se aplicamos parámetros de naturalidade, endemicidade (distribución restrinxida no territorio), rareza ou estado de conservación. Tal é o caso das nosas dunas, cantís, lagoas e mariñas, turbeiras, bosques, as matogueiras esclerófilas da rexión mediterránea ou as reducidas manifestacións da laurisilva e os teixedais.

Por outra parte, a ocupación polo home galego da maior parte do territorio supuxo unha fonda transformación dos hábitats naturais presentes en Galicia se ben na actualidade moitos dos paisaxes agrarios resultantes daquela secular antropización, principalmente na Galicia interior, atópanse tamén hoxe en franca regresión, co que esto supón tamén de perda de endemismos asociados a estes ecosistemas agrosilvopastorais.

A acción humana tivo un forte efecto de perda de naturalidade dos hábitats e os ecosistemas, que se pon en evidencia con claridade se temos presente que Galicia na súa meirande parte ten vocación forestal, sendo as carballeiras de *Quercus robur* a formación vexetal climácica máis representativa da nosa comunidade , e que pese a esto

hoxe vense francamente diminuídas, moi fragmentadas, e ocupando polo xeral pequenas extensións.

A directiva comunitaria *92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres*, coñecida comunmente como Directiva Hábitats, establece e enumera os hábitats naturais catalogados en todo o territorio da Unión Europea, e determina a necesidade de achegas de territorios con hábitats catalogados nos estados membros á futura rede europea de espacios protexidos, ou xestionados con prioridades de conservación, denominada rede Natura 2000. Os lugares propostos polos estados membros son os chamados LIC (Lugares de interese comunitario).

En España as propostas de LIC realizáronas as Comunidades Autónomas, e neste senso, a proposta galega de Lugares de Interese Comunitario, co 12'5 % do territorio e 369.057 hectáreas de superficie (das que 340.759 hectáreas son de superficie terrestre, e o resto zona mariña), representa un claro avance na defensa dos nosos hábitats máis representativos de acordo á mencionada directiva, e un primeiro paso decidido de cara a súa conservación unha vez sexan declaradas as zonas de especial conservación (ZEC, constitutivas definitivas da rede Natura 2000), cos seus plans de manexo e xestión, e a posta en marcha de accións de desenvolvemento sostible co apoio dos fondos e iniciativas comunitarias para a protección do medio ambiente.

Esta directiva recolle para Europa un total de 179 tipos de hábitats definidos como de interese comunitario. En España atopamos 121 tipos de hábitats de interese comunitario dos que 58 son clasificados como prioritarios.

En canto a Galicia, e logo dos inventarios realizados para a identificación dos hábitats sinalados na directiva, atopamos no noso territorio un total de 56 tipos de hábitats de interese comunitario (46% dos presentes en España) dos que 10 son clasificados pola Directiva como prioritarios.

No seu conxunto a distribución de hábitats de interese comunitario identificados en Galicia repártense do seguinte xeito:

| | Número | Superficie (Ha.) |
|---|---|---|
| Hábitats costeiros e halófilos – | 10 | 12.461 |
| Dunas litorais e continentais – | 6 | 1.799 |
| Hábitats de auga doce - | 6 | 3.071 |
| Brezais - | 5 | 494.208 |
| Matogueiras esclerófilas- | 2 | 2.542 |
| Prados naturais e seminaturais | 10 | 4.529 |
| Turbeiras | 4 | 6.570 |
| Hábitats rochosos e covas | 5 | 18.829 |
| Bosques | 8 | 94.900 |

| | |
|---|---|
| Superficie Total dos hábitats inventariados en Galicia: | 638.908 Has. |
| Superficie na Rexión Atlántica Galega: | 495.081 Has. |
| Superficie na Rexión Mediterránea Galega: | 143.827 Has. |
| Superficie Total proposta á rede Natura 2000 en Galicia: | 369.057 Has. |

A proposta galega para a rede Natura 2000 inclúe un total de 57 lugares (mais 8 ZEPA) repartidos por todo o territorio autonómico, desde as montañas limítrofes coa meseta ata a costa, cunha superficie total que supón o 12'5 % de Galicia.

Pola súa abundancia destaca o hábitat 4030 “brezais secos europeos” (segundo a terminoloxía da directiva 92/43). Por outra banda e desde un punto de vista máis “cualitativo”, son exclusivos de Galicia no conxunto do estado, encravados na rexión atlántica, os seguintes:

1130- Esteiros

2230- Vexetación de terófilos efémeros das dunas mediterráneas

2260- Matogueiras esclerófilas pechadas ou abertas de dunas e areais costeiros

3170-Vexetación anfibia de lagoas e pequenas lagoas temporais

6110-Pastizais rupícolas crasifolios calcícolas cársticos

7150-Comunidades primocolonizadoras de solos turbosos oligotróficos

En Anexos relaciónanse tódolos hábitats naturais presentes en Galicia segundo a Directiva Hábitats.

No nivel mariño cabe resaltar a presencia en Galicia dos seguintes hábitats claramente diferenciados (os números son os códigos segundo a directiva 92/43):

- Esteiros (1130)
- Zonas fangosas e areosas que afloran na marea baixa (Marismas) (1140)
- Lagoas costeiras (1150)
- Substratos rochosos, Arrecifes continentais e insulares (1170)
- Rías (non catalogadas pola directiva).
- Zonas fangoso-areosas que non afloran na marea baixa (1110)
- Fondos de Maërl (non catalogados pola directiva)
- Fondos de Zostera mariña (non catalogados pola directiva)

Como síntese dos hábitats catalogados como naturais, se pode dicir que Galicia conta cun número moi notable deses no contexto estatal, pero que o seu estado de conservación está, como xa se comentou anteriormente, significativamente alterado, particularmente en termos de perda de naturalidade.

Merecen unha mención particular nesta Estratexia, pola súa importancia en Galicia, os hábitats acuáticos. Os ríos, os esteiros, e as rías, albergan unha importante biodiversidade tanto como áreas de alta productividade biolóxica como de refuxio de especies que se viron relegadas a enclaves determinados debido á alta presencia humana no territorio.

Resulta evidente que ós nosos ríos e as súas marxes contribúen en grande medida ó mantemento da nosa biodiversidade, e é a súa especial fraxilidade, linealidade, e reducida superficie, as que lle confiren aínda se cabe máis valor como área de confluencia dos escasos hábitats naturais que aínda conservamos. Nembargantes non por eso os nosos sistemas hídricos están na actualidade exentos de ameazas, sendo como é a auga un recurso de primeira importancia para o ser humano. Entre as ameazas máis importantes para a diversidade biolóxica dos hábitat acuáticos e para estes mesmos encóntranse a construcción e instalación nas canles de importantes obras de fábrica e dispositivos para o abastecemento de auga ou para a producción de enerxía eléctrica, a

apertura de estradas e camiños ó longo das marxes e terrazas fluviais; a creación de importantes áreas comerciais e industriais pé dos ríos e desembocaduras, os vertidos urbanos e industriais, a pesca intensiva ou o furtivismo en ríos, rías e esteiros, o aproveitamento incontrolado das especies forestais de ribeira, os incendios forestais, a alteración dos canles nos procesos de parcelación agraria e de planificación territorial e o uso recreativo abusivo de marxes e ribeiras. Estas actividades supoñen a súa vez a perda da calidade das augas, da desaparición da fauna acuática, especialmente a piscícola, e dos hábitats de especies de flora e fauna, da recesión dos bosques de galería, ou incluso da desaparición da integridade do propio río como corrente fluínte.

Adicionalmente, conta Galicia cunha notable riqueza e diversidade de hábitats que puideran chamarse seminaturais e que son parte de ecosistemas e paisaxes de orixe antrópico, producto da vida rural ancestral sobre o territorio galego. Actualmente moitos destes hábitats están desaparecendo polo abandono das explotacións agrarias, a migración interior, e en xeral pola falla de perspectivas de futuro para a poboación local nestas áreas.

Bótase en falla un maior esforzo en investigación a prol da identificación e, no seu caso, conservación, dos hábitats non recollidos na Directiva 92/43 e que, pola súa singularidade, poidan ser merecentes de conservación na Comunidade Autónoma.

### 2.2 As especies silvestres

Pola súa posición xeográfica, Galicia ocupa unha zona intermedia entre dous mundos florísticos distintos ámbolos dous pertencentes ó reino bioxeográfico Holártico: A rexión Eurosiberiana e a rexión Mediterránea.

Esta transición entre dous mundos botánicos tan diferentes fai que Galicia sexa un país de acusados contrastes. Así, prosperan a un mesmo tempo plantas tipicamente mediterráneas, coma as xaras, a carón de plantas netamente atlánticas, coma os toxos.

Tan só en plantas vasculares atopamos en Galicia máis de 2.000 especies, o que supón arredor dun 25% do total peninsular. Calcúlase, cos datos actuais, un nivel de endemicidade do 7,6% sobre o conxunto peninsular.

A situación particular de Galicia, no límite entre a rexión Eurosiberiana e a Mediterránea, condiciona fortemente a súa cuberta vexetal, que, pola súa vez, está suxeita a unha serie de particularidades xeográficas, entre as que se poden destacar as seguintes: A vía migratoria Miño-Sil permite a entrada de especies de carácter mediterráneo; a entrada de especies eurosiberianas e de ecosistemas de montaña dáse polo límite sudoccidental da cordilleira cantábrica; pola vía migratoria litoral ou portuguesa, ó abeiro da costa, penetran especies do dominio atlántico-mediterráneo; por último, a particular situación dalgunhas comarcas, encravadas entre cadeas montañosas, xera a aparición de endemismos ou de poboacións moi locais de grande valor.

En Galicia inventariáronse 27 especies vexetais incluídas no Anexo II da *Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres*. Este Anexo enumera as especies vexetais e animais de interese comunitario, para a conservación das cales cómpre propoñer *Lugares de interese comunitario* (LIC) como primeiro paso para, en última instancia, declarar *Zonas especiais de conservación* (ZEC), que constituirán definitivamente parte da rede Natura 2000. Tanto as especies do Anexo II da directiva como as endémicas se relacionan en sendas táboas no anexo a este documento.

Polo que respecta ós animais, a fauna galega actual é o resultado dun proceso evolutivo influído polas transformacións sucesivas das masas continentais e os factores climáticos actuais, xunto coa influencia das actividades antrópicas. Os sucesivos achegamentos e illamentos dos bloques euroasiático, americano e africano, así como a evolución do clima nun pasado recente, actuaron como determinantes decisivos nos procesos de especialización que deron lugar ás especies da fauna actual do reino bioxeográfico Holártico e, xa que logo, de Galicia.

Estas son as razóns básicas de que na fauna galega se atopen, tanto en terra como nas súas costas e xunto con especies tipicamente europeas (continentais), especies de orixe africana. Por outra parte, a situación relativamente apartada da cornixa atlántica e a existencia de serras altas e vales illados, motivaron a aparición dun número importante de endemismos, especialmente naqueles grupos cunha baixa capacidade de dispersión, como é o caso dos anfibios e réptiles, e, en menor medida, dos pequenos mamíferos.

Así, e a modo de exemplo, en Galicia aparecen especies cantábricas no somonte da cordilleira Cantábrica (Ancares, Courel, Macizo Central ourensán), como, por exemplo, a pita do monte (*Tetrao urogallus*), o oso pardo (*Ursus arctos*) ou o carboeiro palustre (*Parus palustris*); aparecen por outra banda especies mediterráneas que atopan aquí ó seu límite de distribución, coma a cobriña cega (*Blanus cinereus*); están presentes especies endémicas xa sexan exclusivamente galegas ou ibéricas, como a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*); e existe, por último, unha fauna específica dos ecosistemas costeiros, en especial no que respecta ás aves mariñas e as especies puramente acuáticas.

A información dispoñible respecto á fauna galega céntrase basicamente na fauna de vertebrados, resultando moi parcial, en canto ó disgregada e específica, a dispoñible para outros grupos. Isto non oculta o interese de moitos grupos faunísticos, como por exemplo o dos invertebrados mariños, que se encontran moi ben representados nas costas galegas e que amosan unha elevada riqueza específica e diversidade.

En canto ós vertebrados autóctonos, segundo o *Atlas de Vertebrados de Galicia*, en Galicia encóntranse como residentes ou nidificantes un total de 262 especies, das cales 12 son peixes de augas continentais, 15 anfibios, 24 réptiles, 152 aves e 59 mamíferos. A isto habería que engadirlle as 296 especies de peixes mariños listadas no *Inventario dos peixes do litoral galego*.

A documentación dispoñible sobre o estado de conservación xeral da fauna é realmente escasa, e unicamente existen algunhas aproximacións sobre diversos grupos animais, os cales foron no seu día avaliados baixo os novos criterios da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza), que estableceu sete categorías segundo o grao de ameaza ó que está sometido unha especie determinada. Estas categorías son *extinta, en perigo, vulnerable, rara, insuficientemente coñecida, indeterminada*, e *non ameazada*, segundo o status particular de cada especie, a súa abundancia, distribución e grao de coñecemento entre outros factores. As dúas primeiras categorías, *extinta* e *en perigo*, implican máxima gravidade, posto que significan que unha especie se extinguíu xa ou está en vías de facelo. A categoría *vulnerable* designa a especies sometidas a riscos importantes e a de *rara* a especies moi pouco abundantes. Os resultados exhaustivos de esta análise (área de distribución, categoría de ameaza en Galicia e

categoría de ameaza global) inclúense no anexo e nos parágrafos seguintes expónse unha síntese dos mesmos.

Os invertebrados mariños presentan 18 especies consideradas ameazadas en Galicia, das que 5 se catalogaron como *vulnerables*, 11 como *raras*, 2 como *non ameazadas*, 1 como *insuficientemente coñecida* e 1 como *indeterminada*.

Adicionalmente, e segundo fontes do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC), entre os moluscos de Galicia, alomenos sete especies de auga doce poderían necesitar protección e estudios detallados sobre as súas poboacións e área de distribución, ó igual que sucede con dúas babosas de área de distribución moi restrinxida. Entre os moluscos mariños, sen embargo, non hai especies que requiran unha especial atención, si ben varias veríanse beneficiadas polo control de certas artes de pesca nas inmediacións das illas galegas (Cíes e Ons principalmente). Os moluscos están representados en Galicia por máis de 850 especies, entre terrestres, mariñas e doceacuícolas e supoñen unha fonte económica de grande importancia, ademais do valor biolóxico intrínseco de tal variedade e abundancia.

Polo que respecta ós insectos, se identificaron 26 especies ameazadas en Galicia, sendo 7 *vulnerables*, 17 *raras* e 2 *indeterminadas*. A escala global, é dicir, para o conxunto da súa área de distribución, están ameazadas 5 destas especies, das que 1 se considera *en perigo e* 4 *vulnerables*.

As especies de peces ameazadas en Galicia son 16. Desas, 3 se consideran *en perigo*, 1 *en perigo-vulnerable*, 5 *vulnerables*, 6 *raras e* 1 *indeterminada*, sempre en augas galegas.

Respecto ó conxunto de vertebrados terrestres, existe a seguinte información sobre o seu estado de conservación ou ameaza: entre os réptiles, 6 especies se consideran ameazadas en Galicia, 1 cualificada de *vulnerable*, 2 de *raras* e 3 de *indeterminadas*. As aves ameazadas en Galicia son 24 especies, 3 *en perigo*, 5 *vulnerables*, 9 *raras*, 1 *non ameazada* e 6 *indeterminadas;* destas 24 especies, 6 se consideran ameazadas a escala global (en toda a súa área de distribución), 4 *en perigo* e

2 *vulnerables*. Finalmente, os mamíferos considerados baixo ameaza en Galicia son 10 especies, das cales 4 se consideran *vulnerables*, outras 4 *raras* e 2 *indeterminadas*.

Ademais, elaborouse un *Catálogo provisional de aves nidificantes ameazadas en Galicia*, que inclúe un total de 54 especies que presentan distintos estados de conservación, avaliados neste caso segundo ás categorías que establece a *Lei 4/89 de Conservación dos espacios naturais e da flora e fauna silvestres*, de ámbito estatal, e que son: A) *En perigo de extinción*, B) *Sensibles á alteración do seu hábitat*, C) *Vulnerables* e D) *De interese especial*. Unha explicación destas categorías encóntrase no anexo a este documento.

Resultado detallado desta avaliación, cun listado completo que se inclúe no anexo, é que das 54 especies ameazadas, 8 considéranse *en perigo de extinción* en Galicia (categoría A), 12 *sensibles á alteración do seu hábitat* (B), 13 *vulnerables* (C) e 18 *de interese especial* (D), sempre en territorio galego.

Outra información relevante para a fauna, a excepción das aves, é, ó igual que se fixo para flora en liñas anteriores, reflectir a súa presencia no Anexo II da *Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres*. Neste senso, as especies galegas nese anexo son 6 insectos, 3 moluscos, 6 peces, 1 anfibio, 4 réptiles e 14 mamíferos.

Como complemento a Directiva 92/43, a *Directiva 79/409/CEE, relativa á conservación das aves silvestres*, enumera no seu Anexo I as especies que deben ser obxecto de medidas de conservación do hábitat, das cales polo menos 57 están presentes en Galicia nalgún momento do seu ciclo vital.

A táboa nº 1 mostra o número de especies dalgúns grupos de fauna e flora inventariados (ou estimados) ata o momento en Galicia.

| *GRUPO* | *Nº ESPECIES en GALICIA* |
|---|---|
| FORAMINÍFEROS | 273 |

| | |
|---|---|
| PORÍFEROS | 205 |
| MOLUSCOS | |
| Monoplacóforos *(Monoplacophora)* (mariña) | 1 |
| Poliplacóforos *(Polyplacophora)* (mariñas*)* | 11 |
| Gasterópodos *(Gastropoda)* (mariñas, terrestres e de auga doce) | 560 |
| Bivalvos *(Bivalvia)* (mariñas e de auga doce) | 206 |
| *Cefalópodos (Cephalopoda)* (mariñas*)* | 78 |
| ANÉLIDOS | |
| Poliquetos (*Polychaeta*) | 487 |
| Oligoquetos acuáticos (*Oligochaeta*) | 90 |
| CRUSTÁCEOS | |
| Decápodos (*Brachyura*) | 72 |
| INSECTOS | 8.500 - 10.000 |
| Ortópteros | 80 |
| Plecópteros | 52 |
| Tricópteros | 150 |
| Lepidópteros | 2300 |
| Dípteros | 1500 |
| Coleópteros | 4000 |
| EQUINODERMOS | 137 |
| PEIXES (de auga doce) | 12 |
| PEIXES (mariños) | 296 |
| ANFIBIOS | 15 |
| RÉPTILES | 24 |
| AVES | 152 |
| MAMÍFEROS | 59 |
| DIATOMEAS | |
| De auga doce | 293 |
| Planctónicas mariñas | 224 |
| Bentónicas mariñas | 312 |
| FUNGOS | 1.382 |
| LIQUES | 630 |
| PLANTAS VASCULARES | 2.200 aprox. |

Fonte: Elaboración propia

Táboa nº 1: Número de especies de diversos grupos de fauna e flora inventariados (ou estimados) en Galicia.

Polo que respecta ó medio mariño, Galicia, como encrucillada das faunas mariñas boreais e subtropicais, ten nas súas costas os límites de distribución, ben setentrional ou meridional, de moitas especies. Por esta razón podemos atopar nas nosas costas especies propias do Atlántico Norte ou a outras propias de ambientes máis quentes e sureños, como as costas do noroeste de África e do mar Mediterráneo. Estas especies que se espallan desde o estreito de Xibraltar ata ó Canle da Mancha reciben o nome de lusitánicas.

Considerando tan só peixes e cefalópodos (polbos, luras e similares) téñense catalogado aproximadamente 250 e 80 especies diferentes respectivamente. Se poden encontrar igualmente nas costas galegas cinco especies diferentes de tartarugas.

Conta o litoral galego coa presencia permanente ou esporádica de 156 especies de aves mariñas e 23 especies de mamíferos mariños, sendo 4 focas e 19 cetáceos, e destes últimos 6 son baleas, 2 cachalotes, 1 zífido, 1 focénido e 9 delfínidos. O anexo contén unha relación completa.

Anualmente son múltiples os varamentos que se producen nas nosas costas, sendo das áreas máis interesantes en presencia de pequenos cetáceos do Atlántico Norte, coa taxa máis elevada de varamentos da península Ibérica. En Anexos dáse unha relación dos varamentos acontecidos nos últimos dez anos en Galicia por especies, cun listado completo ordeado por frecuencia de aparicións encóntrase igualmente no anexo, e cunha síntese é que 4 especies aparecen cunha presencia que se cualificou de común, 3 especies comúns pero pouco frecuentes, 5 especies comúns pero esporádicas cerca da costa, e 11 moi raras.

Se ben en Galicia manteñen poboacións moi significativas de especies, tanto de flora como de fauna, terrestres ou mariñas, de relevante interese sendo algunhas delas endemismos galegos exclusivos, o primeiro problema co que nos atopamos é o escaso coñecemento e información dispoñible da nosa diversidade biolóxica específica, especialmente en grupos como os invertebrados, fungos, liques ou algas. Resulta

evidente que esta falla de coñecemento en canto á taxonomía e á distribución espacial de moitas das nosas especies é un forte condicionante á hora de definir plans ou programas de conservación ou de xestión destas especies. Neste senso é necesario dispoñer de información veraz a traveso dos correspondentes inventarios e estudios das nosas especies máis ameazadas e que pola súa importancia, endemicidade, rareza ou singularidade poderían formar parte dun futuro Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia, seguindo os pasos xa dados por outras Comunidades Autónomas do estado español.

### 2.3 Recursos xenéticos, especies cultivables e razas gandeiras.

O texto do Convenio de diversidade biolóxica define o concepto de *recursos xenéticos* como "todo material xenético de valor real ou potencial", o que, na práctica, equivale a identifica-lo termo *recursos xenéticos* co patrimonio constituído polo conxunto de xenes e especies existentes, compoñentes básicos do concepto de diversidade biolóxica, segundo o propio Convenio.

Tódalas especies cultivadas, os animais domésticos e incluso os cultivos microbianos constitúen na actualidade un recurso xenético de primeiro orde e de especial interese económico e cultural como resultado da experiencia e da manipulación da vida silvestre, así como do esforzo do home a traveso das xeracións por conseguir individuos e variedades xenéticas adaptadas a súas necesidades e a diferentes ambientes, e que hoxe son o patrimonio biolóxico doméstico da humanidade.

Nembargantes os espectaculares avances en mellora e selección xenética acontecidos neste último século, tanto na selección e uso dos recursos fitoxenéticos (de plantas) como nos gandeiros, concentrados e restrinxidos a moi poucas especies das que con anterioridade foron aproveitadas polo home ó longo da súa historia, poñen en grave risco de desaparición un grande número de especies e variedades que hoxe, aparentemente, perderon a súa función fronte a outras de maior competitividade e valor comercial, agrario ou pecuario.

En consecuencia, preséntase como necesario acometer programas e plans que freen a actual tendencia de perda da variabilidade xenética considerando que as variedades e razas hoxe ameazadas, algunhas desas ata o risco de extinción inmediata, forman parte do patrimonio xenético galego, un patrimonio que estamos obrigados a conservar para as xeracións vindeiras por moitas e beneficiosas razóns, como son a súa adaptabilidade a múltiples e variados ambientes ou a súa resistencia fronte a pragas ou enfermidades presentes ou que poidan presentarse no futuro e que incluso hoxe son difíciles de prever. Todo este cúmulo de circunstancias e ameazas suxiren como prioritaria á realización de catálogos ou inventarios onde se reflectir as especies cultivables e as variedades existentes en Galicia que corren o risco de desaparecer, a promoción da conservación in-situ destes recursos xenéticos, a creación e fomento dos

bancos de xermoplasma e sementes e a identificación de lugares para o desenvolvemento de novos bancos ex-situ, e a dotar dos medios económicos, materiais e humanos ós correspondentes centros de investigación co necesario apoio institucional.

Estes recursos, fonte de variabilidade xenética e de carácteres imposibles de recuperar se se perden, revisten especial interese económico e social, por seren aproveitados directamente como alimento humano e animal, ó igual que como materia prima para numerosas industrias. Entre esas se contan tanto as que teñen como motivo de actividade a utilización de recursos naturais dalgún tipo, e necesitan polo tanto tales recursos xenéticos, como aquelas que dunha forma ou doutra os utilizan en procesos de producción de sectores axenos, en principio, a estes recursos. Entre as primeiras están tipicamente a agricultura e gandería, o sector forestal e a pesca. Entre as segundas se contan a industria farmacéutica, a química coas súas numerosas ramas e a da cosmética entre outras. Outros sectores moi relacionados son o turismo e diferentes actividades recreativas.

Reviste grande importancia a conservación de xermoplasma de especies silvestres, en xeral, e daquelas que son formas emparentadas con especies domésticas, en particular. É necesario que as institucións desenvolvan programas orientados á conservación *ex situ* da flora silvestre, e, ata onde sexa posible, de fauna silvestre, prestándolles especial atención ás especies en perigo, raras ou ameazadas, así como ós endemismos galegos.

Existen na actualidade unha serie de especies e variedades vexetais e animais que polas súas implicacións económicas principalmente, pero tamén culturais, son obxecto de prioridade na investigación e programas de xestión e mellora por parte de diversos centros especializados. Son as seguintes:

1.- Especies forestais autóctonas, máis aquelas que ó longo dos séculos teñen desenvolvido ecotipos propios en Galicia. Nesta área destaca a importante labor de investigación que está a levar o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán (Pontevedra) especialmente co castiñeiro e coa nogueira.

2.- Variedades locais de froiteiras e vides, obxecto de estudio e conservación polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), e Centro Enolóxico de Leiro.

3.- Variedades locais hortícolas e de cereais e millo no Centro de Investigacións de Mabegondo e na Misión Biolóxica de Galicia. En Mabegondo se está a desenvolver un programa de mellora xenética do trigo galego.

4.- Razas animais domésticas, especialmente no gando vacún, do que Galicia conta co maior número de razas clasificadas como de protección especial no estado español: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, e Vianesa. En porcino contamos coa raza denominada porco celta. Destacan nesta área os traballos de conservación e mellora xenética que está a realizar a Granxa de Fontefiz en Ourense e en Mabegondo, onde se traballa coa ovella galega.

5.- Especies mariñas. Plan de selección do mexillón polo Departamento de Xenética da Universidade de Santiago e do rodaballo por empresas privadas. Programa de evaluación de poblaciones de ostra plana resistentes a boniamiasis no Centro de Investigacións Mariñas de Corón da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

6.- Especies silvestres de interese que aínda fóra das cultivadas teñen unha especial relevancia por seren aproveitadas polo home dende séculos como as medicinais, as aromáticas, ou os cogomelos principalmente.

Un rápido repaso polas principais especies e variedades vexetais obxecto de cultivo en Galicia, e que se relacionan exhaustivamente no anexo a este documento, ofrece as seguintes cifras:

**ESPECIES AGRÍCOLAS** **Especies e variedades**

- **Cultivos herbáceos**
- Especies hortícolas..... 34
- Cultivos extensivos..... 11
- Cultivos forraxeiro..... 11

- Especies pratenses..... 14
- **Cultivos leñosos**..... 15

Estas especies e variedades constitúen cultivos cotiáns na actividade económica e cultural galega, Polo que desde un punto de vista de xestión e conservación dos recursos xenéticos que implican, se pode considerar que se realiza certa conservación *in–situ dos* mesmos, anque non sexa este o criterio prioritario para o seu cultivo. Por outra banda, existen tamén notables iniciativas de conservación e xestión *ex –situ* de recursos xenéticos vexetais en Galicia, que se desenvolven en diversos centros de investigación, o que se mostra nas táboas a continuación.

| **BANCO DE XERMOPLASMA DO C.I.A.M.** | | |
|---|---|---|
| **ESPECIES HERBÁCEAS** | | |
| **ESPECIE** | **Nº ENTRADAS** | **PROCEDENCIA** |
| **CEBOLA** | **18** | **Galicia** |
| **DÁCTILO** | **25** | **Galicia** |
| **MILLO** | **1000** | **Galicia e Cornisa Cantábrica** |
| **RAIGRÁS INGLÉS** | **127** | **Galicia e Cornisa Cantábrica** |
| **RAIGRÁS ITALIANO** | **64** | **Galicia e Cornisa Cantábrica** |
| **TREVO BRANCO** | **6** | **Galicia** |
| **TREVO ENCARNADO** | **2** | **Galicia** |
| **TREVO VIOLETA** | **11** | **Galicia** |

Fonte: Elaboración propia.

Táboa nº 2: Especies herbáceas no Banco de XERMOPLASMA do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo)

| **BANCO DE XERMOPLASMA do C.I.A.M.** | | |
|---|---|---|
| **ESPECIES LEÑOSAS** | | |
| **ESPECIE** | **Nº ENTRADAS** | **PROCEDENCIA** |
| **CERDEIRA** | **23** | **Galicia** |
| **CIROLEIRA** | **54** | **Galicia** |

| BANCO DE XERMOPLASMA do C.I.A.M. | | |
|---|---|---|
| **ESPECIES LEÑOSAS** | | |
| **ESPECIE** | **Nº ENTRADAS** | **PROCEDENCIA** |
| **MACEIRA** | **407** | **Galicia** |
| **PEREIRA** | **246** | **Galicia** |

Fonte: Elaboración propia.

Táboa nº 3: Especies leñosas no Banco de XERMOPLASMA do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo)

| BANCO DE XERMOPLASMA DA MISIÓN BIOLÓXICA (C.S.I.C.) | |
|---|---|
| **HERBÁCEAS** | **LEÑOSAS** |
| **ESPECIE** | **ESPECIE** |
| **BRASICAS (3 esp.)** | **VIDE** |
| **CENTEO** | |
| **CHÍCHAROS** | |
| **XUDÍAS** | |
| **MILLO** | |
| **RAIGRÁS (2 esp.)** | |

Fonte: Elaboración propia

Táboa nº 4: Especies herbáceas e leñosas no banco de XERMOPLASMA da Misión Biolóxica de Galicia (CSIC: Consello Superior de Investigacións Científicas)

Polo que a especies silvestres de plantas, cogomelos e algas se refire, en Galicia se utilizaron tradicionalmente e se utilizan un grande número desas. Unha síntese das principais e de uso máis difundido, cunha enumeración se inclúe no anexo a este documento, é a seguinte:

**Principais especies silvestres de interese en Galicia**

- **Plantas vasculares comerciais**: 7 especies; entre medicinais e comestibles.
- **Outras plantas vasculares de interese:** 8 especies: aromáticas e medicinais principalmente.
- **Cogomelos comerciais:** 13 especies.

- **Outros cogomelos de interese**: 13 especies.
- **Algas de interese**: 6 especies.

Os recursos forestais teñen unha especial importancia en Galicia, polo que a teñen igualmente os recursos xenéticos implicados no desenrolo do conxunto do sector forestal. Nalgunha das táboas anteriores e ó largo do texto xa se puxo de manifesto a importancia destes recursos, xa sexa desde o punto de vista agronómico das especies puramente frutais, como polo que afecta a aquelas que se poden denominar agroforestais, como pode ser o castaño, por exemplo, ó marxe de tódalas especies que constitúen o que xenericamente se sole denominar "monte" o as integrantes dos cultivos forestais.

Sen embargo, se recoñece actualmente que os recursos xenéticos forestais de Galicia sofren un certo grado de erosión xenética, que os sitúa en relativa situación de mingúa tanto nun sentido biolóxico como económico. Os fenómenos que se identificaron como causas desta erosión xenética son a reducción da área ocupada polos bosques, o aproveitamento por "furoneo" dos mellores exemplares de especies valoradas pola calidade das súas madeiras, a existencia de introgresión de especies cultivadas, especies exóticas emparentadas ou orixes de sementes non adaptadas, algunhas pragas e enfermidades e o quentamento global, anque esta última causa se fundamenta de momento soamente en indicios superficiais. Os efectos principais deste proceso de erosión xenética son a diminución do potencial adaptativo das poboacións e a diminución da calidade e capacidade productiva dos bosques, que se constitúen así en dous factores clave para a conservación dos recursos forestais en Galicia.

En canto ó acceso ós recursos xenéticos o novo marco mundial, en relación cos recursos xenéticos, aparece determinado actualmente polos termos do *Convenio sobre a diversidade biolóxica*, polo *Plan de acción mundial sobre os recursos fitoxenéticos para a agricultura e a alimentación*, adoptado en Leipzig en 1996, e pola aparición en moitos países de novas normas e estratexias nacionais en desenvolvemento, promovidas polos termos do citado Convenio.

No limiar do texto do Convenio de diversidade biolóxica aparecen os elementos básicos en relación co acceso ós recursos xenéticos:

1.- A soberanía dos estados sobre os seus propios recursos.

2.- A importancia crítica e estratéxica da diversidade biolóxica, da súa conservación e utilización sostible para satisface-las necesidades alimentarias, de saúde ou de calquera outra índole, para a poboación humana mundial en constante crecemento.

3.- O carácter esencial do acceso ós recursos xenéticos e ás tecnoloxías relacionadas co seu uso e xestión, establecendo o carácter participativo das partes contratantes (doadoras e receptoras) sobre estes recursos e tecnoloxías.

### 2.4 Os usos e coñecementos tradicionais

Anque os coñecementos tradicionais non se consideran compoñentes da diversidade biolóxica como tales, si se define e reafirma solidamente no propio *Convenio sobre a diversidade biolóxica* o seu papel decisivo na xénese, desenrolo e conservación de importantes recursos biolóxicos, principalmente no ámbito xenético e dos ecosistemas, e os cales si son considerados en rigor compoñentes da biodiversidade. A súa función na xestión e conservación da diversidade biolóxica é, polo tanto, considerada na actualidade como esencial a escala global.

As actividades tradicionais caracterizáronse secularmente por un uso non intensivo do territorio, o que vén coincidir cun dos principios básicos desta estratexia: O aproveitamento sostible dos compoñentes da biodiversidade. Ademais, en moitas ocasións estas actividades forman parte integral da propia dinámica do ecosistema, é dicir, a súa desaparición pode poñer en perigo a continuidade de certas comunidades animais e vexetais presentes en grandes áreas.

Esta realidade é tanto máis evidente en Galicia, onde o home ten transformado sensiblemente e ó longo de milleiros de anos o medio natural na maior parte do territorio, con actividades económicas ata hai pouco claves para a súa economía como a agricultura, gandería e pesca marítima, de tal xeito que moitas das especies e os seus hábitats quedaron condicionados non só ós procesos naturais senón tamén ás propias prácticas humanas.

Galicia, cunha poboación de 2.742.622 habitantes, segundo o padrón de 1996, representa un 7% da poboación total española, cun modelo de asentamentos humanos semellante ó doutras rexións atlánticas da Europa Occidental, caracterizado pola súa elevada densidade e atomización, ou dispersión. A armazón destes sistemas de asentamento está formada por unha serie de elementos simples: lugares, vilas e cidades, que forman un dos espacios máis densamente urbanizados de Europa.

Este feito, tanto na realidade social e demográfica, como na económica de autosuficiencia en tantas aldeas e lugares de Galicia orixinou a aparición de hábitats seminaturais, xestionados por gandeiros e agricultores mediante prácticas tradicionais que case non mudaron ó longo das centurias, e posuidores dunha importante riqueza natural e diversidade biolóxica propia e peculiar.

Na situación actual estamos a contemplar un declive xeneralizado destas actividades pola perda de renda e falta de expectativas no mundo rural galego, especialmente no interior, con efectos claramente negativos de cara á conservación da nosa biodiversidade, ben polo abandono do campo e das explotacións, outra mantedoras destes sistemas antropóxenos, ben pola contra coa aparición de sistemas productivos intensivos.

Por outra banda, moitos dos espacios seleccionados pola Directiva Hábitat para a súa inclusión na rede Natura 2000 (ver o apartado referente a hábitats naturais) atópanse nestas áreas de abandono das explotacións e de desaparición do mundo rural, e polo tanto coa ameaza de desaparición dos propios hábitats seminaturais e ecosistemas polos que precisamente foron incluídas na proposta de Galicia para formar parte da citada rede europea.

É evidente por conseguinte que o mantemento da biodiversidade galega nunha grande parte do noso país dependerá en grande medida no futuro do apoio dos gobernos autonómico e estatal, así como da axeitada xestión dos instrumentos comunitarios como o regulamento de desenvolvemento rural, os fondos estructurais, ou as iniciativas comunitarias, onde xa se contemplan distintas estratexias e medidas para potenciar o desenvolvemento sostible e a integración do medio ambiente nas políticas sectoriais, especialmente na agricultura.

É fundamental, por outra banda, no desenvolvemento destas políticas, contar coa participación da poboación local e outros axentes económicos e sociais implicados co fin de poñer en marcha mecanismos axeitados ás circunstancias locais. Neste sentido a rede Natura 2000 debe ser asumida como acción de goberno e como unha oportunidade para promover novos modelos de desenvolvemento no mundo rural que supoñan o achegamento de beneficios claros e directos para a poboación local, os cales poderán a súa vez reverter, xa sexa directa ou indirectamente, na conservación e a mellor xestión dos compoñentes da diversidade biolóxica.

A elevada dispersión demográfica, o elevado custo das infraestructuras, o inadecuado dimensionamento das explotacións, ou as especiais características da propiedade comunal en Galicia con milleiros de hectáreas abandonadas a calquera tipo de explotacións son causa evidente do empobrecemento da vida rural e do abandono do campo, polo que é necesario afrontar unha axeitada ordenación do territorio como alicerce de primeira e urxente necesidade onde asentar as bases dun desenvolvemento rural acorde coas necesidades de conservación. Neste senso é necesario que para o mantemento das explotacións tradicionais e para o achegamento das axudas e compensacións que necesariamente haberá que artellar deberán aplicarse criterios baseados fundamentalmente nos custos sociais e ecolóxicos e non só, como ata agora, nos económicos. Por outra banda a escasa ou nula formación do home e a muller do campo galego nos eidos da conservación e do desenvolvemento sostible é un serio obstáculo para afrontar con éxito os retos do futuro polo que calquera política de desenvolvemento rural sostible deberá ter presente no seu desenvolvemento e axeitamento ós fins e obxectivos propostos as necesidades de formación, asesoramento, control e fiscalización ambiental.

Por último, cabe sinalar que os usos tradicionais forman parte do patrimonio cultural dun pobo. Por este motivo, deben poñerse en marcha plans ou programas que incentiven estas actividades (cando positivas para a conservación da biodiversidade) e que paralelamente fomenten a subsistencia das poboacións rurais e o mantemento dos sistemas agrarios tradicionais, en moitos casos, parte imprescindible do propio ecosistema. Todo isto estaría en consonancia co expresado pola Conferencia das Nacións Unidas sobre Asentamentos Humanos (Hábitat) e no capítulo 7 da Axenda local 21 emanada do Cume da Terra (Rio de Janeiro, 1992), que recollen como

obxectivo: “dete-la deterioración dos asentamentos humanos e crear as condicións para conseguir melloras no medio ambiente de tódalas persoas sobre unha base de sostibilidade. Os Comités MaB (O home e a Biosfera) da UNESCO, e a súa política de creación e mantemento das denominadas *reservas da biosfera*, inciden precisamente na necesidade da conservación, tanto desde o punto de vista etnográfico, en canto ós legados culturais do home a través da súa historia, como ambiental, na defensa duns recursos naturais así mantidos e conservados durante xeracións.

Pero no solo os sistemas agrarios, no seu sentido máis amplo, son obxecto en Galicia da plasmación dos coñecementos tradicionais; tamén o marisqueo e a pesca son actividades principais en Galicia. Por unha parte, constitúen prácticas ancestrais que xogaron un papel clave para comprende-lo desenvolvemento das poboacións humanas asentadas na costa galega; por outra, non hai dúbida de que a tecnoloxía aplicada nas rías vén a ser unha das manifestacións máis importantes da nosa cultura popular, e que representa un coñecemento empírico das costumes e hábitos das poboacións explotables que permitíu unha xestión das mesmas con razoables visos de sostenibilidade. Por elo a conservación destes variadísimos tipos de aproveitamentos artesanais debe incluírse no conxunto da diversidade cultural obxecto do noso interese e como necesidade prioritaria para a conservación e xestión da diversidade biolóxica galega.

## 3 SECTORES E PROCESOS QUE AFECTAN Á DIVERSIDADE BIOLÓXICA

Os múltiples aproveitamentos que o home ten realizado secularmente dos distintos compoñentes da biodiversidade, que constitúen unha grande parte dos denominados recursos naturais, modificaron inevitablemente o entorno no que o home desenvolvía as súas actividades e ó que estendía o seu radio de acción de forma permanente ou esporádica. Esta modificación tivo intensidades e magnitudes diversas segundo o momento histórico, o lugar de seu desenrolo e o recurso de que se tratara en cada ocasión particular. De forma case invariable, estas modificacións motivaron unha alteración da diversidade biolóxica a maior parte das veces negativa; moitas especies, xenotipos, hábitats e ecosistemas se estinguiron, se levaron a extremos próximos a súa desaparición ou están ameazados en maior o menor grado.

Pero non soamente a propia utilización de recursos naturais alterou negativamente a diversidade biolóxica, senón que tamén o fixeron historicamente, pero de forma moi perentoria en tempos presentes, outros sectores socioeconómicos ou de desenrolo, a través dos cales as sociedades humanas han chegado a súa situación actual. Entre estes están a industria, o sector enerxético, o transporte, o turismo e outros que se analizan a continuación.

Esta realidade debeuse fundamentalmente á falta de aplicación de criterios de sostibilidade en tódolos sectores (xestionen de xeito inmediato compoñentes da diversidade biolóxica ou non); é dicir, á posta en marcha de políticas eminentemente productivistas, centradas na obtención de elevados beneficios económicos a curto prazo.

Actualmente estase a producir un cambio de orientación co desenvolvemento de iniciativas menos impactantes e que garanten unha continuidade na explotación racional dos recursos obxectivo.

A continuación, e sen máis pretensión que a de servir de guía e orientación para unha posterior definición de medidas, catalogación de actuacións, ou desenvolvemento de plans sectoriais no ámbito da aplicación desta estratexia, preséntase unha aproximación ós efectos perniciosos que sobre a biodiversidade poden ter os distintos sectores da actividade humana, con especial referencia a aqueles que a afectan en maior grao. Na exposición por sectores que se fai no parágrafo sobre os plans sectoriais se inclúen algunhas explicacións que pode contribuír a unha mellor comprensión deste listado de procesos e efectos.

O recoñecemento desta realidade, e a participación das administracións públicas e dos sectores e axentes socioeconómicos implicados dalgún xeito nos procesos que se relacionan, resultará fundamental de cara a impulsar a integración dos criterios ambientais nas distintas políticas, plans, programas e proxectos de diferente índole que se desenvolvan no territorio galego, e polo tanto a garantir o éxito na aplicación desta Estratexia

- **Agricultura e gandería**

  Procesos

  Eliminación da cuberta vexetal.
  Concentración parcelaria.
  Instalación de regadíos.
  Abandono das explotacións extensivas.
  Alteración de cursos fluviais.
  Desecación de humidais.
  Drenaxes.
  Introducción de especies e variedades exóticas.
  Sobrepastoreo.
  Sobreexplotación de solos.
  Intensificación das explotacións.
  Monocultivos.
  Emprego de fertilizantes, fitocidas e praguicidas.
  Vertidos e deficiencias nos sistemas de depuración.
  Queimas para a xeración de pastos.
  Perda de coñecementos, técnicas e sistemas tradicionais de xestión.

  Efectos

  Perda de efectivos poboacionais.
  Desaparición de especies e perda de endemismos.
  Perda de diversidade xenética.
  Mortaldade directa de animais e vexetais.
  Desaparición de razas e variedades autóctonas.
  Fragmentación das poboacións.
  Desaparición de hábitats seminaturais.
  Desequilibrio ecosistémico.
  Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
  Erosión do solo e lixivación.
  Esgotamento dos recursos hídricos.
  Perda da capacidade productiva do solo
  Contaminación de augas e solos.
  Aparición de novas enfermidades epidémicas.

- **Sector forestal**

  Procesos

  Cultivos monoespecíficos.
  Apertura de camiños e cortalumes.
  Transformación dos usos do solo.
  Transformación da cuberta vexetal.
  Intensificación das prácticas.
  Sobreexplotación de recursos, principalmente de solos.

Incendios forestais.
Introducción de especies e xenomas alóctonos.
Tratamentos fitosanitarios.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
Erosión e perda de capacidade productiva de solos.
Fragmentación, modificación e destrucción de hábitats naturais e ecosistemas.
Aparición de novas enfermidades e pragas potenciais.

- **Pesca e acuicultura.**

Procesos

Mortaldade de especies non obxectivo de pesca.
Contaminación das augas.
Sobreexplotación de recursos.
Transformación dos fondos mariños.
Modificación de ambientes litorais.
Introducción de especies e xenomas alóctonos e axentes patóxenos no medio natural.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Perda de naturalidade paisaxística.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Caza e pesca fluvial.**

Procesos

Mortaldade de especies animais.
Sobreexplotación de recursos.
Introducción de especies e xenomas alóctonos e axentes patóxenos no medio natural.
Contaminación xenética.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies e subespecies.
Perda de diversidade xenética.
Plumbismo.
Fragmentación das poboacións.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e o seu funcionamento.
Desprazamento de especies por competencia coas introducidas.

- **Planificación territorial e urbanismo.**

Procesos

Cambios nos usos dos solos.
Consumo de solo "natural".
Alteración do relevo.
Concentracións urbanas e industriais.
Infraestructuras de alto impacto.
Desenvolvemento urbanístico incontrolado.
Deficiente consideración dos valores de biodiversidade.
Degradación de espacios periurbanos.
Suburbanización do medio rural, incluídos os ámbitos naturais de alto valor.
Acceso rodado a espacios naturais.

Efectos

Desaparición de especies e subespecies.
Perda de diversidade xenética.
Desprazamento e fragmentación das poboacións.
Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
Perda de solo productivo.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.
Despoboamento do medio rural.
Impacto paisaxístico.

- **Transporte.**

Procesos

Infraestructuras de grande envergadura e alto impacto.
Ocupación crecente do solo natural.
Alteración do relevo.
Alteración das marxes fluviais.
Alteración da atmosfera.
Contaminación do aire, solos, augas e acústica.
Sobreexplotación de recursos non renovables.
Riscos derivados de transportes de substancias perigosas.
Destrucción da capa de ozono.

Quecemento global.
Cambio climático.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies.
Mortaldade directa de especies animais.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Perda de naturalidade paisaxística.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Política hidrolóxica.**

Procesos

Sobreexplotación de recursos.
Cambios nos usos do solo e transformación do territorio.
Perda de calidade por contaminación e outros fenómenos.
Transvasamentos.
Eutrofización de embalses.
Infraestructuras de alto impacto, como os aproveitamentos hidroeléctricos.
Desecación de humidais.
Alteración dos sistemas fluviais, incluíndo o trazado e relevo dos cursos.
Extraccións de áridos incontroladas, que levan á sobreexplotación dos recursos.
Usurpación do dominio público hidráulico.
Deficiente control das actividades sobre o dominio público hidráulico.

Efectos

Fragmentación das poboacións.
Perda de efectivos poboacionais.
Perda de solo productivo.
Degradación da calidades das augas.
Alteración dos ciclos dos elementos.
Alteración dos fluxos de sedimentos.
Desaparición de especies e subespecies.
Perda e contaminación de diversidade xenética.
Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.
Desprazamento de especies por competencia coas introducidas.

- **Sanidade.**

Procesos

Experimentación con compoñentes da diversidade biolóxica (especies animais principalmente).

Investigación xenética.
Sobreexplotación de recursos biolóxicos.
Desenvolvemento do sistema sanitario.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies e subespecies.
Perda de diversidade xenética.
Contaminación por efluentes e por residuos sólidos.
Contaminación xenética.

- **Comercio.**

Procesos

Sobreexplotación de recursos.
Importación (e introducción no medio natural) de especies alóctonas.
Desequilibrio entre producción e demanda de recursos renovables.
Comercio de especies ameazadas.
Comercio como ameaza potencial.
Furtivismo inducido polos altos prezos.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Desaparición de especies.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Enerxía.**

Procesos

Creación de infraestructuras: Encoros, liñas eléctricas, parques eólicos, minicentrais hidroeléctricas, centrais termoeléctricas, de biomasa, e de residuos sólidos urbanos.
Aplicación de enerxías non renovables.

Efectos

Perda de efectivos poboacionais.
Perda de solo productivo.
Desaparición de especies.
Mortaldade directa de animais e vexetais.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

Sobreexplotación da biomasa vexetal.
Contaminación do aire, o solo e a auga (incluída a contaminación térmica).
Liberación de radioactividade.
Producción de residuos sólidos.

- **Turismo.**

Procesos

Cambio de usos do solo.
Masificación de áreas. Afluencia excesiva.
Desenvolvemento urbanístico excesivo.
Actividades recreativas.
Conductas pouco respectuosas co medio.
Creación de infraestructuras.
Xeración de residuos.
Introducción de especies alóctonas.

Efectos

Perturbacións de todo tipo (cambio de conducta dos animais, destrucción da capa vexetal, interrupción de procesos naturais, etc.).
Perda da diversidade paisaxística.
Desaparición de especies.
Destrucción de hábitats.
Desprazamento de especies por competencia coas introducidas.

- **Industria.**

Procesos

Cambios nos usos do solo.
Infraestructuras e instalacións de grande impacto.
Alteración do relevo, incluíndo sistemas fluviais.
Xeración de residuos, incluíndo tóxicos e perigosos.
Introducción crecente no medio natural de substancias non asimilables por este.
Escaso nivel de reutilización e reciclado.
Introducción de especies e xenomas exóticos no medio natural (industria especializada).
Selado e clausura de explotacións abandonadas.

Efectos

Contaminación de aire, solos, augas e acústica.
Sobreexplotación de recursos.
Destrucción da capa de ozono.
Quecemento global.
Cambio climático.
Perda de efectivos poboacionais.

Desaparición de especies.
Perda de diversidade xenética.
Fragmentación das poboacións.
Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Minería.**

  Procesos

  Cambios nos usos do solo.
  Contaminación de aire, solos, augas e acústica.
  Infraestructuras e instalacións de grande impacto.
  Alteración do relevo, incluíndo sistemas fluviais.
  Xeración de residuos.

  Efectos

  Perda de efectivos poboacionais.
  Desaparición de especies.
  Fragmentación das poboacións.
  Perda de diversidade e naturalidade paisaxística.
  Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Educación e cultura.**

  Procesos

  O reencontro home-natureza: recolección de especies, acceso a espacios naturais, etc.
  Introducción de especies alóctonas.
  Sobreexplotación dos compoñentes de biodiversidade.
  Actividades recreativas.

  Efectos

  Perda de efectivos poboacionais.
  Fragmentación das poboacións.
  Fragmentación, modificación e destrucción dos hábitats e ecosistemas.

- **Deportes.**

  Procesos

  Afluencia excesiva ó medio natural.
  Creación de infraestructuras.
  Creación de accesos a espacios naturais.

  Efectos

Perturbacións de todo tipo (cambio de conducta dos animais, destrucción da capa vexetal, interrupción de procesos naturais, etc.).
Perda da diversidade paisaxística.
Destrucción de hábitats.

## 4. INSTRUMENTOS PARA A CONSERVACIÓN E O USO SOSTIBLE DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA.

Os obxectivos e principios orientadores desta Estratexia, establecidos en capítulos anteriores, marcan xa unhas liñas de acción avanzan instrumentos básicos para a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica en Galicia. Estes instrumentos pódense agrupar en científicos, sociais, lexislativos, institucionais e financeiros. O seu desenvolvemento e utilización será diferente para cada liña de acción, plan sectorial, plan ou programa que se decida poñer en marcha.

### 4.1 Instrumentos científicos.

A importancia e a necesidade da investigación científica aplicada a tódolos parámetros que inflúen no uso e conservación dos recursos biolóxicos son xa xeralmente aceptadas.

Agora ben, os estudios que se desenvolvan non deben esquece-lo compoñente de aplicabilidade (práctica) necesaria que permita avanzar na conservación e reducción da taxa de perda da diversidade biolóxica.

O primeiro paso debe se-lo inventario e o coñecemento do status actual da nosa biodiversidade, xa que o nivel actual de información neste senso, e en liñas xerais, é moi deficiente. Este coñecemento non resulta nin moito menos homoxéneo, senón que, mentres algunhas áreas de coñecemento se encontran ben desenvolvidas, outras amosan importantes carencias no seu estudio.

En determinados campos, como é por exemplo a taxonomía de certos grupos zoolóxicos e botánicos, o nivel de coñecemento experimentou nos últimos anos un grande avance, debido en boa medida ó esforzo desenvolvido por distintos equipos de investigación das universidades galegas. Sobre este mesmo particular é notable o coñecemento que se posúe na actualidade sobre a distribución e abundancia dos invertebrados mariños das illas galegas, organismos clave dos ecosistemas costeiros, así como a información dispoñible sobre vertebrados, principalmente en forma de atlas de distribución, e plantas superiores, das que existen alomenos inventarios.

Tampouco é desdeñable o nivel acadado en relación ó funcionamento dos condicionantes físicos (oceanográficos) dos ecosistemas de rías, onde xa se deseñaron modelos sobre o seu funcionamento.

O traballo de investigación e científico en xeral que levou ata o presente nivel de coñecemento, provén dunha serie de institucións responsables do desenvolvemento dos plans e programas de investigación necesarios. Entre estes centros cóntanse como os mais importantes o Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, e do que o seu propio nome indica a súa actividade. O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, a Misión Biolóxica de Galicia e o Centro Agropecuario de Fontefiz están dedicados á investigación do medio agrario e son de especial importancia na conservación da biodiversidade "doméstica" e os recursos xenéticos implicados nela; a Estación Enolóxica do Ribeiro está dedicado ó vino.

Por lo que respecta ó medio mariño, contase en Galicia cos Laboratorio de Vigo e A Coruña do Instituto Español de Oceanografía, que ademais de desenvolver investigación exerce a representación oficial española no Comité Científico da Comisión Ballenera Internacional, e co Instituto de Investigacións Mariñas, centro do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), no que existe alomenos o grupo de investigación denominado Ecoloxía e Biodiversidade Mariña (*Ecobiomar*), que en colaboración coa Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA) e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, desenvolve tarefas de recuperación e estudio dos mamíferos mariños en Galicia a través dun convenio de colaboración.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos conta co Centro de Investigacións Mariñas de Corón e o Centro de Control do Medio Mariño que desenvolven unha importante labor de investigación sobre os procesos e recursos das augas costeiras de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente conta con 4 Centros de Recuperación de Fauna Terrestre, situados en O Veral (Lugo), Santa Cruz (A Coruña), Cotorredondo (Pontevedra) e O Rodicio (Ourense).

Finalmente é necesario reseñar o abundante e valioso traballo de investigación e coñecemento científico desenvolvido polos numerosos departamentos universitarios de Galicia do que a actividade se relaciona cos compoñentes da diversidade biolóxica.

Todos eles están a desenvolver accións de primeira importancia nos eidos do coñecemento da nosa biodiversidade, das medidas de xestión e conservación a aplicar en cada caso, entre as que destacan nestes momentos a loita contra pragas e enfermidades no ámbito agrario e forestal, e a preservación e conservación da nosa diversidade xenética, entre outras. Malia esta realidade e ó recoñecemento social ós seus labores son moitas as carencias e deficiencias dos nosos centros necesitados dun apoio institucional e financeiro decidido e axeitado ás súas importantes funcións.

Outro instrumento científico de importancia constitúeno os herbarios e as distintas coleccións científicas existentes, ben de particulares ou en posesión dos centros de educación e investigación, as cales requiren en todo momento asentamento e conservación adecuadas polo seu interese e contribución ó coñecemento da nosa diversidade biolóxica. De especial relevancia son as coleccións de Santiago e Lugo da Universidade de Santiago de Compostela e do Museo de Ciencias Naturais, e os herbáceos do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán.

Desde un punto de vista ambiental amplo, existe a denominada Base de datos de información ambiental (BIAM), que engloba toda a área sobre o medio físico e estructura a información sobre os recursos naturais e medio natural. O punto de partida desta base é unha acumulación significativa de información de carácter físico. Unha vez dispoñible a información básica de referencia, interrelaciónanse as diferentes variables do medio físico, co fin de obter información para a planificación de potencialidades do territorio, entre as que se conta a xestión dos compoñentes da diversidade biolóxica.

Cómpre ter en conta que a mellor forma de conservar a biodiversidade é incorporar criterios para a súa conservación nos planes de desenvolvemento da Comunidade Autónoma, para o que se deben establecer e apoiar mecanismos para poñer a experiencia e información xeradas o servicio de iniciativas de conservación e desenvolvemento sostible.

Unha parte importante para o progreso de cualquera sector é o fomento da Investigación, o Desenvolvemento e a Innovación (I+D+I). No ano 1998 apróbase o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico para o período 1999-2001, a súa ampliación para o período 2002-2005 está actualmente en estudio. Entre os distintos programas que incorpora atópase o Programa Tecnolóxico Horizontal de Investigación en Medio Ambiente. A conservación debe ser unha das áreas prioritarias na financiación da investigación por parte dos organismos correspondentes.

O actual Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D), que inclúe a investigación en medio ambiente, estructurada en tres áreas, algunhas delas relacionadas moi directamente coa conservación e utilización da diversidade biolóxica, como se mostran a continuación:

| | |
|---|---|
| Coñecemento do medio (aéreo, acuático, terrestre, fauna e flora) | • Caracterización e inventarios<br>• Avaliación do estado actual<br>• Análise de fenómenos globais e a súa evolución |
| Conservación, mellora e recuperación do medio | • Planificación e modelización<br>• Xestión sostible do Medio Ambiente<br>• Protección de hábitats e especies<br>• Aproveitamento integral de recursos naturais<br>• Recuperación e restauración do medio natural |
| Contaminación e Tecnoloxías ambientais | • Caracterización de contaminantes e análise de procesos<br>• Reducción, reutilización e reciclaxe de residuos<br>• Vulnerabilidade dos sistemas naturais á contaminación<br>• Tecnoloxías limpas (de prevención e reducción da contaminación) |

Necesitase unha rápida transferencia dos coñecementos actuais e dos que se produzan no futuro para ser aplicados na conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos. A administración debe abrir liñas específicas de acción para a realización de traballos directamente orientados á identificación e clarificación dos problemas ambientais, así como a súa solución concreta.

Neste ámbito é necesario promover os equipos multidisciplinares, a análise dos problemas desde perspectivas xerais e sobre a base da axeitada coordinación e cooperación, o que conleva importantes esforzos económicos que esixen un esforzo integrado e coordinado. Neste sentido é necesario coñecer cales son os problemas

ambientais prioritarios e fomentar a colaboración entre os distintos investigadores co sector privado.

Como liñas de investigación, e cun enfoque interdisciplinar, é importante a análise da riqueza biolóxica galega, con especial incidencia nas áreas incluídas na proposta galega de Lugares de Importancia Comunitaria; crear unha base de datos sobre flora e fauna de Galicia, co fin de reunir toda a información existente; Realización de estudios sobre as especies de flora e fauna consideraras raras, endémicas e amenazadas que existen en Galicia; estudio dos indicadores de Biodiversidade: inventario, banco de datos e ecosistemas de especial interese; conservación de diversidade xenética: é necesario coñecer os estudios existentes e realizar traballos de restauración das distintas especies, con especial interese sobre as especies catalogadas existentes en Galicia, tendo en conta a influencia dos transxénicos sobre as especies autóctonas

A Xunta de Galicia creou o Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), o cal desenvolve multitude de proxectos e actividades relativas ó medio natural. Entre as relacionadas coa diversidade biolóxica destacan:

- Mapa forestal de cada un dos espacios naturais protexidos de Galicia á escala 1/5000,
- Estudio evolutivo das grandes masas de frondosas (Ancares, Eume, etc),
- Dixitalización e confección de mapas da base de datos referente á desenvolvemento da rede Natura 2000 en Galicia.
- Cartografía e inventario de montes xestionados pola Xunta de Galicia.
- Recompilación e xeración da cartografía necesaria para a defensa contra incendios forestais, así como os mapas de combustibilidade, locación e descrición de puntos de interese e vixilancia.

Sen embargo, o notable nivel de coñecemento sobre certos aspectos da biodiversidade gallega non debe ocultar o importante descoñecemento que na actualidade se ten sobre outras materias relevantes, como son por exemplo as relacións particulares dos distintos organismos co medio e os factores que sobre eles inciden. Tamén é notoria a ausencia de estudios aplicados á conservación de especies raras ou clave, así como a monitorización ou seguimento da evolución de hábitats naturais en

regresión ou profundamente ameazados (areais, humidais ou formacións arbóreas relícticas), e de poboacións con diferentes graos de conservación.

É especialmente significativa a ausencia de proxectos integrais de investigación sobre os distintos ecosistemas que conforman o medio natural galego, onde habería que axuntar esforzos das distintas institucións que desenvolven actividades de investigación e reclamar un maior compromiso do conxunto das administracións responsables.

A situación actual en Galicia pódese sintetizar sinalando a necesidade de afondar no estudio daquelas materias que afectan a biodiversidade e que hogano presentan un nivel de coñecemento precario, así como a de elaborar prioridades de cara a planificar no futuro as liñas de investigación.

En definitiva, os investigadores e as administracións das que dependen deben de esforzarse en encheren as lagoas existentes. Neste senso, estímase como fundamental o desenvolvemento dunha metodoloxía que, a traveso dunha serie de parámetros guía, permita segui-la evolución do estado de conservación da nosa biodiversidade, así como das implicacións económicas e sociais da súa utilización.

Finalmente, no apartado de *Instrumentos institucionais e lexislativos* menciónanse unha serie de plans e programas en marcha baixo a responsabilidade da administración ambiental gallega, moitos dos cales teñen unha parte importante de investigación científica aplicada á xestión de diferentes compoñentes da diversidade biolóxica, e que se explican en dito apartado.

**4.2 Instrumentos sociais**

É universalmente recoñecido que as actividades que o home desenvolve son o principal axente condicionador do estado de conservación dos compoñentes da diversidade biolóxica e do seu potencial de utilización.

Consecuencia de elo, e como indica o *Convenio sobre a diversidade biolóxica*, é que a sociedade no seu conxunto debe asumi-la responsabilidade do uso racional e

preservación dos recurso naturais para xeneracións vindeiras. Por este motivo, a Estratexia Galega para a Conservación e o Uso Sostible da Diversidade Biolóxica debe centra-los seus esforzos en incidir sobre a sociedade para que se produza un cambio xeral nas súas actitudes e unha mellora da aptitudes dos axentes implicados.

Neste senso, hai que tener en cuenta que en torno ás actividades de conservación e uso sostible da diversidade biolóxica, hai numerosos axentes sociais, intereses e capacidades a ter en conta si se desexa que tales actividades se desenvolvan segundo o previsto e cheguen a bo término.

Por otra banda, na actualidade, en plena sociedade da comunicación, os medios empregados para facer chegar unha determinada mensaxe á poboación están moi desenvolvidos e isto debe constituir una herramienta principal para o desenvolvemento dos instrumentos sociais de aplicación desta Estratexia. Estes instrumentos deben ser incorporados a calquera proxecto de conservación ou xestión da diversidade biolóxica, nos cales a poboación afectada demandará non só información, senón capacidade de participación, al margen de la apropiada educación como necesario paso intermedio entre a información e a participación.

Así pois, os instrumentos sociais para a aplicación desta Estratexia deben desenvolverse en torno á información, a educación e a participación.

*Información*

Unha das principais ferramentas de traballo para superar-los problemas derivados da diversidade de axentes, intereses, valores e desexos é asegurar desde o primeiro momento unha información clara, sencilla e veraz, distribuida a todos aqueles que estean implicados, ou, sinxelamente interesados na realización dun proxecto.

Pero, ó marxe da necesidade de información ós afectados por actuacións particulares, está a información ambiental en xeral, á que por lei debe tener acceso a

poboación en xeral. A información ambiental debe estar, por tanto, perfectamente accesible e en forma útil e comprensible ó nivel de coñecemento que a sociedade ten dos temas ambientais. Isto constitue o primeiro paso cara a educación ambiental e ulterior participación social na conservación e xestión da diversidade biolóxica, patrimonio do cal a sociedade é depositaria.

Neste senso, a Consellería de Medio Ambiente creou o Sistema de Información Ambiental, que está a manifestarse como un dos elementos mais empregados na actualidade por todo tipo de público –e principalmente os investigadores- para acceder a todo tipo de datos de carácter ambiental, e entre eles os relativos á diversidade biolóxica galega.

O Plan de Difusión Ambiental, existente desde 1998, desenvolve tarefas de información e sensibilización e, xa no seu segundo ano de vida, en 1999, chegou a 105 concellos, para a realización de cursos, seminarios, xornadas e conferencias entre outras actividades de carácter público.

Por último, os centros de ensino obrigatorio, as universidades e os centros de investigación teñen un papel de primeira importancia como depositarios e transmisores dos coñecementos necesarios para conseguir unha sensibilización social acorde coa importancia e as necesidades de conservación da nosa biodiversidade, así como para acadar un grao aceptable e razoable de participación dos axentes socioeconómicos e da poboación local na planificación e xestión dos recursos naturais.

*Educación ambiental*

Na actualidade, os programas de educación ambiental centran a súa actividade sobre os sectores máis novos da nosa sociedade. Recentemente, os mozos aínda recibían este tipo de educación na marxe dos distintos programas formativos. Por iso se estimou conveniente que a educación ambiental, considerada como unha disciplina transversal, se incorporase ó currículo académico.

A implantación dos contidos da educación ambiental nos programas escolares debe ter un carácter eminentemente práctico, que permita non só o recoñecemento da importancia da conservación, senón tamén a toma de decisións tendentes á resolución dos problemas ambientais, proceso aplicable en primeira instancia, por exemplo, ó seu propio centro de estudios. Neste senso, debe destacarse a importancia dos estudios de formación profesional, pola súa compoñente práctica e, en moitos casos, de xestión directa dos compoñentes da diversidade biolóxica.

Na marxe do mundo educativo, os plans ou programas de educación ambiental deben incidir sobre o conxunto da poboación en xeral, polo que nestes momentos, estanse poñendo en marcha en Galicia iniciativas dirixidas a sectores tradicionalmente esquecidos, como a terceira idade.

Os plans ou programas de educación ambiental dirixidos ó ámbito familiar deben ser incentivados, debido ó importante papel que a familia xoga desde o punto de vista educativo, por exemplo, como fixadora dos modelos de consumo.

En definitiva, preténdese facer chegar a educación ambiental a tódolos sectores da poboación, e así propicia-lo necesario cambio de actitudes e aptitudes que permita avanzar na conservación e o uso sostible da biodiversidade. O fin último da política de educación ambiental debe se-lo cambio social cara a unha nova cultura, a cultura ambiental do século XXI.

Como aplicación práctica de todos estes principios e convicciones, cabe sinalar a importancia estratéxica do documento que ten aprobado a Consellería de Medio Ambiente sobre educación ambiental, a *"Estratexia galega de educación ambiental"*, e que entendemos debe ser de aplicación como instrumento de primeira necesidade na situación actual, así como de apoio e complementariedade a esta estratexia sobre biodiversidade.

*Participación*

Moitos dos plans de xestión e conservación de espacios naturais protexidos fracasan ou vense freados por unha inadecuada estratexia que non considera na súa xusta medida os habitantes das zonas nas que se desenvolven.

Un xeito moderno de afronta-lo tema esixe a posta en marcha de técnicas de investigación, información e comunicación social, que desde hai tempo xa veñen incorporando todo tipo de institucións nas súas políticas de *marketing*.

A planificación previa á posta en marcha dos plans ou programas de conservación preséntasenos como fundamental para acadar unha aceptación social positiva e favorable cunha implicación e participación activa dos axentes socioeconómicos locais. Será necesario realizar campañas de investigación social que nos permitan coñecer a priori qué opinan os veciños das zonas obxectivo, cáles son as súas necesidades, e cómo se poden satisfacer.

Isto debe derivar na posta en marcha de programas e métodos de participación pública que permitan crear a cohesión social imprescindible para resolve-los posibles problemas que poidan presentar os programas de conservación e xestión dos recursos naturais.

En definitiva, debe quedar claro á vista dos antecedentes e resultados obtidos en Galicia coas políticas territoriais de conservación, que todo o tempo "perdido" en explicar, comunicar, investigar e participar, será tempo "gañado" na posta en marcha de proxectos de conservación con futuro asegurado por seren aceptados polas comunidades locais e socialmente valorados, sempre e cando, lóxicamente, estes proxectos de xestión ou conservación incorporaran debidamente os intereses e necesidades da poboación afectada.

Cando se considera a posta en marcha de programas de conservación, un dos instrumentos comunmente aceptados, incluso esixidos, para garanti-la consecución dos fins desexados son as axudas e incentivos dirixidos á poboación local e ós axentes socioeconómicos implicada no proceso. De feito calquera política ambiental debe contemplar a influencia que pode ter sobre a estructura social, sobre o futuro desenvolvemento da zona de afección, e incluso unha aproximación ó custo económico que elo pode conlevar máxime cando, como é o caso galego, a práctica totalidade da superficie onde aplicar os programas de conservación está en mans privadas.

Aínda cavilando que as políticas de conservación non deben estar supeditadas ás compensacións ofrecidas dende o primeiro intre, nin por elo chegar a ser refén de todo tipo de intereses como acontece nalgunhas das nosas áreas protexidas, é necesario sen embargo incorporar ós plans de conservación medidas que incidan directamente na mellora da calidade de vida das persoas, que fomenten os usos sostibles do territorio, e que favorezan o achegamento de novas rendas a poboación local.

Así, medidas tendentes á conservación da diversidade biolóxica e por outra banda elementos clave de desenvolvemento rural nestas áreas, deben se-la promoción e fomento da agricultura ecolóxica, a reintroducción de razas e especies animais e vexetais autóctonas, e a aplicación de programas agroambientais, de formación da xente do campo, e de fomento do cooperativismo, cofinanciados ou non coa UE, que axuden ó mantemento e preservación das prácticas agrícolas compatibles coa conservación da biodiversidade, avanzando no grao de percepción e coñecemento que a sociedade debe ter sobre a importancia deste patrimonio natural e cultural e recurso económico principal para as xeracións vindeiras.

**4.3 Instrumentos institucionais e lexislativos.**

Unha vez comprendida e aceptada a necesidade de que toda a sociedade se sinta identificada e comprometida na conservación dos compoñentes da diversidade biolóxica, resulta imprescindible que as administracións públicas se conciencien de que teñen nas súas mans as ferramentas tanto competenciais como normativas para realizar

unha adecuada xestión dos compoñentes da biodiversidade, e en caso de que non as tivesen deberían crea-las a teor das medidas e plans establecidos nesta estratexia. En calquer caso, débense optimizar sempre os recursos existentes.

En España, a Constitución de 1978 recoñece, no seu artigo 45.1, que "todos teñen dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo".

Neste mesmo texto optouse por unha estructura político-administrativa descentralizada, quedando o territorio dividido en 17 comunidades e 2 cidades autónomas.

A partir dese momento, e a medida que se foi avanzando no proceso de transferencias de competencias, a administración central mantivo competencias sobre a lexislación básica de carácter nacional, a transposición da lexislación comunitaria e a atención ás obrigas internacionais e corresponde ás Comunidades Autónomas a xestión dos recursos naturais, e dos compoñentes da diversidade biolóxica entre elos, e a elaboración da lexislación necesaria para desempeñar esta competencia.

En aplicación da mesma, os decretos 306/2001, do 15 de decembro, e 310/2001, do 17 de decembro, establecen a estructura orgánica da Xunta de Galicia e dos distintos departamentos desta. O Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, establece a estructura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, atendendo ós principios de eficacia, desconcentración e racionalización da organización administrativa. Esta estructura se explica en detalle no Anexo a este documento.

Dentro dela, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza é a responsable do seguimento do *Convenio de diversidade biolóxica* e da súa adaptación a Galicia. Non obstante, outros aspectos incluídos no Convenio requirirán da participación do resto das consellerías.

Polo que ás entidades locais se refire, fundamentalmente municipios e provincias, tradicionalmente viñan prestando os servicios públicos máis directamente relacionados co día a día dos cidadáns. O artigo 137 da Constitución enuncia o principio

de garantía institucional, establecendo que municipios e provincias gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, será a administración municipal a que exercerá o fundamental das competencias configuradas como propias dos entes locais.

Por outra banda Galicia, ó igual que o resto de comunidades e cidades autónomas, participa na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, principal órgano para a coordinación interadministrativa e a acción concertada entre os gobernos autonómicos e o central, e está compuesta por representantes do Ministerio de Medio Ambiente e os conselleiros responsables deste tema nos gobernos autonómicos. Existe, por otra banda, unha Comisión Nacional de Protección da Natureza, na que traballan igualmente en coordinación os ámbitos autonómico e central, e no seu seno existen diversos comités especializados, como son os de Espacios Naturais Protexidos, Flora e Fauna Silvestres ou Humidais.

Desde un punto de vista lexislativo, o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle, no seu art. 27-30º, a competencia exclusiva para dictar normas adicionais de protección e da paisaxe, nos termos do art. 149, 1-23º da Constitución. O artigo 29.4º do Estatuto prevé a competencia autonómica para a execución da lexislación estatal en materia de vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego.

Xunto a estes títulos competenciais de carácter ambiental, existen outros conexos que inciden directa o indirectamente sobre a xestión dos componentes da diversidade biolóxica. Trátase dos seguintes:

Art.27-3º: ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.
Art.27-10º: montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos.
Art.27-11º: réxime dos montes veciñais en man común.
Art.30-11º: aproveitamentos hidráulicos, canais e regadíos.
Art.30-14º: augas minerais e termais, augas subterráneas.
Art.30-15º: a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre.

Resulta esencial a competencia autonómica para dictar normas adicionais de protección[*], é dicir, normas encamiñadas a establecer medidas máis rigorosas de protección do medio natural, ben ampliando a esfera de protección dos elementos do ambiente, ben limitando a actuación das fontes contaminantes, ou ben restrinxindo o uso dos axentes nocivos.

Aínda que ó final deste documento se recolle unha ampla compilación da lexislación que afecta a Galicia desde o punto de vista ambiental, mención especial merece un dos instrumentos directos para a conservación da biodiversidade.

Neste senso, o marco ven dado pola Lei 4/89, de ámbito estatal, de *Conservación dos espacios naturais e da flora e fauna silvestres* e as leis 40 e 41/97, que a reforman.

**Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.**

A norma principal en Galica é a lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, que axeita ó dereito galego os principios básicos da normativa existente, tanto estatal como supraestatal. Así, no seu título preliminar se recollen como principios inspiradores da lei:

A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.

A subsidiariedade e o fomento da participación pública, a través da cooperación e a colaboración activa dos sectores sociais e económicos implicados, asumindo unha responsabilidade compartida na conservación.

---

[*] A sentencia do Tribunal Constitucional 170/1989, determina os obxectivos destas normas adicionais de protección: "Concretar ou reforza-los niveis de protección previstos nesa lexislación básica, sempre que esas medidas legais autonómicas sexan compatibles, non contradigan, ignoren, reduzan ou limiten a protección establecida na lexislación básica do Estado". (...) "a lexislación básica posúe a característica técnica de normas mínimas de protección, que permiten normas adicionais ou un plus de protección. É dicir, a lexislación básica do Estado non cumpre, neste caso, unha función de uniformidade relativa, senón máis ben de ordenación mediante mínimos que se han de respectar en todo caso, pero que pode permitir que cada un ha das Comunidades Autónomas con competencia na materia establezan niveis de protección máis altos, que non entrarían só por iso en contradicción coa normativa básica do Estado".

A prevención e a planificación para impedir o deterioro ambiental. As políticas sectoriais integrarán as consideracións medioambientais na súa planificación e poñer en marcha os mecanismos necesarios para evitar os danos ó Medio Ambiente.

A internalización dos custos medioambientais tendo en conta, no senso amplo o principio de "quen contamina paga". As medidas compensatorias ou actuacións correctoras deberán ser asumidas e programadas como un elemento mais do proceso productivo.

O desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Este uso debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos ós que se asociaran nin minguar as posibilidades de disfrute dos mesmos ás xeracións vindeiras. Procurarase a posta en valor dos compoñentes da biodiversidade, a veces dificilmente traducibles a valores de mercado, e tratarase de que os beneficios xerados polo uso dos recursos revertan en favor dos axentes implicados.

A seguir, o Título I da Lei recolle oito categorías de espacios naturais protexidos, dos que ascatro primeiras aparecían xa na Lei 4/89. As seis primeiras integrarán a Rede galega despacios protexidos, na que estarán representados os principais ecositemas, paisaxes e hábitats galegos, e que conterán aqueles lugares necesariso para asegura-la súa conservación:

a) Reserva Natural.
b) Parque: Natural e Nacional.
c) Monumento Natural.
d) Humidal Protexido.
e) Paisaxe protexida
f) Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.
g) Espacio Natural de Interese Local.
h) Espacio Privado de Interese Natural.

As Reservas Naturais son espacios naturais do que a declaración ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que pola

súa rareza, fraxilidade, importancia ou singularidade merecen unha valoración especial. Nas reservas estará limitada a explotación de recursos, salvo en aqueles casos en que esta explotación se considere compatible coa conservación dos valores que se pretenden protexer. Con carácter xeral estará prohibida a recolleita de material biolóxico ou xeolóxico, con excepción de aqueles casos en que por razóns de investigación, educativas ou de conservación, se permita a mesma previa autorización administrativa.

Os parques son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza das súas paraxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna, ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos do que a conservación merece unha atención preferente.Nos Parques poderase limita-lo aproveitamento dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificaran a súa creación, e facilitarase a entrada de visitantes coas limitacións que sexan precisas para garanti-la conservación dos valores naturais.

Os Monumentos Naturais son espacios ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza, que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén Monumentos Naturais as formacións xeolóxicas e demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos culturais ou paisaxísticos. Nos Monumentos Naturais só se admitirán os usos ou actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.

Entenderase por Humidal Protexido, as extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña do que a profundidade en marea baixa non exceda de seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que sexan declarados como tales. Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior ós seis metros en marea baixa cando estas se encontren dentro do humidal. Nos Humidais protexidos poderase limitar

o aproveitamento dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificaran a súa declaración.

As Paisaxes Protexidas son espacios que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial.

Considérase como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais aqueles espacios, que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegura-la súa conservación e non teñan outra protección específica. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente. Incluiranse tamén as zonas especiais de conservación que conforman a rede Natura 2000, creada ó amparo das Directivas CEE 79/409 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das contempladas na presente Lei. Esta figura ven subsituir ós Espacios Naturais en réxime de protección xeral.

Os Espacios Naturais de Interese Local son aqueles espacios dun concello que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. A responsabilidade e a competencia na xestión destes espacios será municipal.

Os Espacios Privados de Interese Natural son aqueles terreos de particulares nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre do que a protección se considere de interese.

En canto á planificación, existen tres instrumentso de planeamento: os Plans de ordenación dos recursos naturais, os Plans rectores de uso e xestión, e os Plans de conservación. Estes últimos establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espacio, e serán precisos para tódolos espacios protexidos, agás parques e reservas, que requerirán PORN e PRUX.

O título II da Lei fala da fauna e flora, e recolle tres instrumentos de catalogación:

- O Catálogo galego de especies ameazadas, cas catro categorías da lei 4/89, e para as que se requerirán plans de recuperación, de reintroducción de especies extinguidas en Galicia, de protección do hábitat, de conservación ou de manexo, segundo proceda.
- O Rexistro de Especies de Interese Galego, no que se poderán incluír aquelas especies, subespecies ou núcleos poboacionais non catalogadas, e nas que existan singularidades científicas, ecolóxicas ou culturais que as fagan merecedoras dunha atención específica, con especial atención ós endemismos galegos.
- O Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, no que se incluirán aqueles exemplares ou rodais ós que, polos seus valores ou intereses natural, cultural, científico, educativo, estético ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación.

O Título III da Lei recolle as infraccións e sancións. Recolle un tratamento novo do réxime sancionador sobre espacios naturais e cualifica as infraccións en leves, menos graves, graves e moi graves.

**Decreto 82/1989, de 11 de maio, polo que se regula a figura de Espacio natural en réxime de protección xeral**

Tal como faculta o art. 21.2 da Lei 4/1989, as comunidades autónomas que teñan competencia para dictar normas de protección, poderán establecer outras figuras de espacios naturais distintas ás previstas pola Lei, regulando as súas correspondentes medidas de protección. Amparándose nesta disposición, a Xunta de Galicia regulou, polo Decreto 82/1989, do 11 de maio, a figura do "Espacio natural en réxime de protección xeral".

O Decreto 82/1989 crea, en primeiro lugar, o "Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia" rexistro público de carácter administrativo, no que se incluirán "todos aqueles que polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, lles sexa necesario asegura-la súa conservación e non teñan aínda unha protección específica". A declaración de "espacio natural en réxime de protección xeral" correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, tras un procedemento que pode ser

iniciado de oficio pola Consellería ou a instancia das entidades públicas e privadas que sinala o art.4º do Decreto.

Para procurar unha coordinación entre a planificación urbanística e o réxime de espacios naturais, o art.7º do Decreto establece que "as normas de ordenación territorial e de planificación urbanística respectarán os fins e obxectivos de conservación dos espacios naturais que figuren no Rexistro", así como a cualificación de "solo non urbanizable" de tales espacios.

Os únicos usos permitidos nestes espacios son os que tradicionalmente se veñan desenvolvendo neles, de tal xeito que, para a execución de proxectos, obras ou actividades distintas daquelas, se require o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Medio Ambiente e, incluso, un informe de incidencia ambiental cando se prevexan efectos negativos sobre os espacios naturais (cfr.art.3º). En todo caso, a inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia respecta os dereitos privados existentes sobre os terreos incluídos no seu territorio e sobre a realización de usos tradicionais de aproveitamento ordenado das producciónes (cfr.art.9º).

Por último, no Rexistro Xeral de Espacios Naturais han de incluírse as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), declaradas segundo a Directiva CEE 409/1979 relativa á conservación das aves silvestres, así como outras zonas declaradas en cumprimento doutros acordos ou convenios internacionais ratificados polo Estado Español.

**Outras normas**

Débense resaltar as Directivas 79/409 CEE, de conservación das aves silvestres e 92/43/CEE sobre a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora salvaxe (adaptada mediante RD 1997/95 de 7 de decembro), que supoñen un paso transcendental de cara á constitución dunha rede europea de espacios naturais protexidos, coa conseguinte homologación de status e recoñecemento internacional.

O propósito desta rede é capacitar á Unión Europea e os estados membros para o mantemento ou restauración dun estado de conservación favorable para os hábitats e especies, a través de criterios homoxéneos.

No caso excepcional destas directivas, a aplicación será cofinanciada para axuda-los estados membros a cumpriren coas súas obrigas. Acéptase que o principio de "quen contamina paga" ten unha aplicación limitada á conservación da natureza. Para certos estados membros, a carga financeira da aplicación sería excesiva en termos comparativos, a causa da distribución desigual de hábitats e especies na Unión. Esta axuda debería fomentar as medidas esenciais tendentes ó mantemento ou restablecemento dun estado de conservación favorable en lugares que alberguen especies ou hábitats prioritarios.

Dentro do conxunto da lexislación listada no Anexo a este documento, hai algunhas leis especialmente relevantes para a conservación e xestión de componentes da diversidade biolóxica porque regulan directamente a súa posible utilización, como é o caso da caza e a pesca fluvial.

Con relación á caza, tanto no referente ó exercicio propiamente dito da caza, como en relación ás especies susceptibles deste aproveitamento, foi fundamental e ha selo moito máis nun futuro próximo, tanto no referente á regulación do exercicio da caza como ó fomento, protección, conservación e ordenado aproveitamento das especies cinexéticas, a aprobación da **Lei de caza para Galicia 4/1997**, desenvolta polo Decreto 284/2001, de 11 de outubro, que aproba o seu regulamento.

Dese xeito, a nova lei define unha serie de terreos aptos para o seu aproveitamento (TECOR), máis acordes coa realidade galega, sinalando, ademais, no seu capítulo III, a necesidade e obrigatoriedade de realizar un ordenado e racional aproveitamento das especies cinexéticas, que obriga os titulares dos *tecores* a presentaren plans quinquenais de ordenación cinexética e plans anuais de aproveitamento. Estes plans deben ser aprobados pola Consellería de Medio Ambiente e serán de obrigado cumprimento. Deste modo ábrese unha nova etapa, que aínda posibilitando o exercicio da caza nos terreos habilitados para iso, favoreza o fomento e

persistencia das poboacións cinexéticas e o desenvolvemento harmónico e sostible da caza nas dúas acepcións que posúe.

En canto á pesca fluvial, está regulada en Galicia a medio da Lei 7/92, do 24 de xullo, desenvolta polo Decreto 130/907, de 14 de maio. Nesta normativa introdúcense novidades tan salientables como a prohibición da comercialización dos salmónidos, a regulación dos réximes de caudais ecolóxicos e xeito para a construcción de dispositivos de franqueo para peixes, a posibilidade de outorgar concesións sobre masas de auga, a posibilidade de declarar masas de auga como "de especial interese para a riqueza piscícola", os planos de ordenamento de cunca e dos aproveitamentos piscícolas, o fomento das poboacións ictícolas e a regulación dos centros ictioxénicos.

Desde o punto de vista de conservación dos recursos xenéticos, ten especial importancia a Lei 15/94, do 3 de xuño, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previ-los riscos para a saúde humana e o medio natural. En 1997 apróbase o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da dita Lei, por medio do Real Decreto 951/97.

Dentro das leis mais relevantes para acada-lo obxectivo de conservación da biodiversidade destaca a lei 1/95, de Protección Ambiental para Galicia que, a traveso dos instrumentos de Avaliación Ambiental (impacto, efectos e incidencia ambiental) e outros mecanismos, como os denominados "pactos ambientais", dota á Comunidade Autónoma duns istrumentos axeitados para previr ou correxir disfuncións ambientais.

**Outros instrumentos**

Polo que a recursos xenéticos forestais respecta, de gran importancia en Galicia, o programa europeo de Recursos Xenéticos Forestais (EUFORGEN) estableceuse para levar a cabo a resolución 2 da Conferencia Ministerial de Estrasburgo sobre a Protección dos Bosques en Europa. O Instituto Internacional de Recursos Xenéticos Vexetais (IPGRI) coordina as actividades de conservación de recursos xenéticos en máis de 20 países europeos entre os que se atopa España e finalmente, a Estratexia Forestal Española promove unha rede sobre mellora e conservación dos recursos

xenéticos forestais que no futuro se desenvolverá a traveso do establecemento dunha *rede nacional de conservación de recursos xenéticos forestais*. Ademais o control do uso de materiais de reprodución tratará de fomentar a diversidade xenética e a adaptación das masas forestais.

Esta rede de conservación de recursos xenéticos forestais estará coordinada en Europa e constará de estratexias específicas para cada especie. A rede constará de poboacións de conservación que se poden clasificar en:

- Poboacións *in situ*: conservación de recursos xenéticos que en moitos casos pode estar ligada á conservación de espacios naturais protexidos. É o mellor método para especies dos que a producción de bens e servicios non se basa na madeira.
- Poboacións *ex situ*: son poboacións artificiais, poden ser ensaios de proxenie ou ensaios de procedencias. Revélase como o método máis eficaz para a conservación e incremento da variabilidade xenética das especies utilizadas en reforestación.
- Bancos de xermoplasma: colección en hortos, *in vitro*, de sementes. Son métodos de conservación auxiliares da conservación de poboacións *ex situ.*

O establecemento desta rede de conservación de recursos xenéticos en Galicia plantexa o gran problema da case inexistencia de terreos de propiedade pública nos que garanti-la conservación a longo prazo. Por elo a adquisición dalgúns terreos destinados a conservación/selección será o primeiro paso a dar para o establecemento da rede galega.

Aplicación de novas tecnoloxías para a xestión do medio natural. Os sistemas de información xeográfica convertéronse nun instrumento de primeira magnitude e importancia á hora de diagnosticar o estado de conservación e a taxa de perda da nosa biodiversidade, así como á hora da toma de decisións e establecemento de obxectivos específicos na planificación e xestión do territorio. É por iso polo que a Xunta de Galicia puxo en marcha o Servicio de Información Territorial de Galicia (SITGA). Este servicio xa elaborou, ou ten en fase de elaboración, numerosos proxectos e actividades, xa comentados no anterior apartado de *instrumentos científicos*.

Cabe destacar que, na situación actual, existen xa unha serie de iniciativas, plans ou programas que, en maior ou menor medida, se están a desenvolver en Galicia a prol da conservación da biodiversidade. Neste campo, a Consellería de Medio Ambiente, ademais das competencias asumidas en materia de calidade ambiental, xestión de residuos, investigación e tecnoloxía ambiental e educación ambiental, está a desenvolver distintas iniciativas encamiñadas á conservación e recuperación do medio natural e, xa que logo, da biodiversidade galega.

Así, e entre outras liñas de actuación da Consellería de Medio Ambiente nesta materia, podemos resaltar as seguintes:

- A consolidación da rede de **Espacios Naturais Protexidos** de Galicia, mediante a definición e creación de novas áreas protexidas dentro do territorio galego, de acordo co establecido na vixente Lei 4/89 e a lei galega 9/2001, e nas Directivas comunitarias Hábitats e Aves (92/43 y 79/409 respectivamente). Neste senso existen xa varias iniciativas, como son a proposta de declaración como Parque Natural da Serra da Lastra (Rubia-Ourense), a ampliación do Parque Natural "Baixa Limia-Serra do Xurés" ou a creación de novas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) de acordo coas recomendacións da Unión Europea.

Como é lóxico, a elaboración da rede Natura 2000 no ámbito da Unión Europea, de acordo coas propostas presentadas polos distintos gobernos rexionais, vai ter un enorme e decisivo peso na definición e consolidación da nosa rede de áreas protexidas. Neste sentido, a aplicación da rede Natura 2000 en Galicia vai supo-la inclusión de novas áreas do territorio que, pola presencia nelas de hábitats o taxons (especies de flora e fauna) prioritarios ou de interese especial, segundo o disposto na Directiva Hábitat, deban declararse como Zonas de Especial Conservación (ZEC), que serán as unidades territoriais e de xestión definitivas de constitución da rede.

- O desenvolvemento dos instrumentos de planificación como base da xestión das áreas protexidas, especialmente no referente á elaboración dos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e Plans Rectores de Uso e Xestión (PRUG) e Plans de Conservación dos Espacios Naturais Protexidos xa existentes, e a posta en marcha de

programas sectoriais acordes coas características socioeconómicas e os elementos do medio natural presentes nesas áreas.

- A elaboración e posta en marcha de proxectos de restauración de hábitats en áreas degradadas ou con posibilidade de incrementaren a súa capacidade de acollida para a vida silvestre. Neste sentido, estanse a desenvolver iniciativas para a restauración de dunas, recuperación da *camariña*, habilitación de antigas explotacións de áridos e recuperación da Lagoa de Cospeito.

-A implementación do Catálogo Galego de especies amezadas de Galicia e do Rexistro de Especies de Interese Galego, requirirá a aprobación dos correspondentes Plans de recuperación, protección, conservación e manexo para as especies catalogadas, dependendo da categoría de catalogación. Nese senso existen experiencias como a reintroducción da cabra montesa no Parque Natural "Baixa Limia-Serra do Xurés"-, ou proxectos que supoñan accións de mellora do hábitat para fomento das poboacións -coma no caso do oso (Plan de recuperación do oso pardo en Galicia)

- En materia de xestión das poboacións piscícolas e cinexéticas e de conservación dos seus hábitats naturais, estanse a desenvolver distintas actuacións, entre as que cabe destaca-las seguintes:

Plan de recuperación de ríos, que abrangue algúns dos principais hábitats prioritarios da rede Natura 2000, e no que se establecen catro fases de desenvolvemento:

a) Investigación, co fin de determina-las estructuras das poboacións, réxime de caudais, obstáculos e calidade das augas entre outros.
b) Accións en mellora de hábitats, con recuperación de puntos de desova, restauración de ribeiras, creación de refuxios e eliminación de obstáculos principalmente.
c) Creación de infraestructuras, coma canais de alevinaxe, estacións de captura e marcado e saneamentos, como mais importantes.
d) Seguimento e avaliación con selección de cuncas e establecemento de indicadores.

A posta en marcha do Plan de recuperación de ríos supuxo un importante desenvolvemento no campo do coñecemento da dinámica dos nosos ecosistemas fluviais, da estructura das súas poboacións piscícolas e da incidencia e impacto das actividades humanas sobre o medio acuático; así, realizáronse inventarios exhaustivos das poboacións presentes, análises das taxas de explotación, estado do hábitat e inventario de zonas de desova e obstáculos, análises e inspeccións zoosanitarias, epizootias e selección e aplicación de metodoloxías para a determinación do réxime de caudais ecolóxicos.

Pola súa especial significación e interese nesta materia, caben destaca-las accións para a recuperación do salmón atlántico galego, que ten como obxectivo xeral o de inverte-la tendencia negativa na mingua das súas poboacións durante as últimas décadas. Este plan estase a desenvolver de acordo con tres liñas de actuación principais:

a) Estudio, que supuxo a creación dun equipo de investigación para inventariado, caracterización das poboacións, marcaxe e seguimento.
b) Mellora, en canto ó reforzo das poboacións, con exemplares autóctonos, instalación de dispositivos de franqueo, captura, estabulación e reproducción, establecemento de caudais ecolóxicos e mantemento de zonas de desova e crecemento.
c) Medidas administrativas, como foi a prohibición da comercialización do salmón ou a adopción de medidas restrictivas nas Ordes de vedas en canto a épocas, lugares e capturas.

De igual xeito ca no caso da pesca fluvial, abríronse varias liñas de investigación, en materia de fauna cinexética, baseadas na necesidade de regula-lo aproveitamento e a xestión dos nosos recursos cinexéticos, definíndose tres fases: Coñecemento do estado actual das poboacións, diagnóstico da incidencia real do exercicio da caza nas poboacións cinexéticas e establecemento de bases técnicas que aseguren unha xestión racional das poboacións e a conservación dos seus hábitats naturais. Así, desenvolvéronse ou están a se elaborar estudios sobre os factores bioecolóxicos e epidemiolóxicos nas poboacións do coello de monte, avaliación do estado sanitario das especies de caza maior (corzo e xabaril), bioloxía e demografía do corzo en Galicia, manexo do medio e cría en semiliberdade do coello de monte, sistema

de seguimento da fauna cinexética segundo o esforzo e resultados das cacerías, prospección e medidas de protección e mellora do hábitat da perdiz parda e censos de aves acuáticas invernantes.

**4.4 Instrumentos financeiros.**

Segundo a lei, do 7 de abril, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2001, a Consellería de Medio Ambiente xestiona uns recursos estimados en pouco máis de 57.860.347.000 de pesetas, o que representa un 5,1% do total da administración autonómica.

Galicia vén aproveitando o cofinanciamento da Unión Europea en moitas actividades directa ou indirectamente ligadas ó medio natural, a través de Fondos Estructurais e de Cohesión. O que máis aplicación directa ten á conservación e xestión da diversidade biolóxica é FEOGA-orientación.

O programa LIFE está considerado o máis importante instrumento comunitario de financiamento no campo do medio natural e de forma específica para conservación e xestión da diversidade biolóxica, en particular a través da súa rama denominada LIFE Natureza, frente á denominada LIFE Medio Ambiente. O seu regulamento foi adoptado polo Consello o 21/05/92 (DOCE L 206 DE 22/07/92) relativo á creación dun instrumento financeiro para o medio natural e con vocación de contribuír ó desenvolvemento e aplicación da política e lexislación comunitaria do medio natural, aínda que este regulamento se revisa periódicamente e na actualidade funciona o recentemente aprobado para o periodo 2000-2004.

LIFE recupera accións precedentes doutros proxectos de demostración para tecnoloxías limpas (ACE), loita contra a contaminación das costas e o medio mariño (MEDSPA e NORDSPA), así como o programa ACNAT (Accións para a Conservación da Natureza).

*Obxectivos de LIFE*: O obxectivo de LIFE é a cofinanciación de accións no campo da conservación da natureza (LIFE Natureza) e en outros campos do medio ambiente (LIFE Medio Ambiente), así como de accións específicas ambientais fora da

Unión Europea (LIFE Terceiros Países). Enmarcanse neste ámbito de LIFE as accións para a conservación da natureza que son "necesarias para o mantemento ou a recuperación dos hábitats naturais e as especies silvestres de fauna e flora que se atopan nun estado de conservación favorable".

Na práctica, LIFE-Natureza (a máis relevante a efectos de conservación da diversidade biolóxica) debe contribuir á aplicación das Directivas Comunitarias "Aves" (79/409/CEE) e "Hábitats" (92/43/CEE) e en especial ó establecemento dunha rede europea de áreas protexidas –Natura 2000- do que o obxectivo é a xestión e a conservación *in situ* das especies de fauna e flora e dos hábitats máis valiosos da Unión Europea.

*Beneficiarios de LIFE*: LIFE está aberto a toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea ou nos países candidatos asociados a LIFE. Na práctica, son as administracións públicas quen compón a maior cantidade de beneficiarios, ás que se unen Organizacións non gubernamentais (ONG), empresas e ata persoas físicas.

Na marxe dos fondos que desde calquera tipo de administración poidan ser empregados na conservación da biodiversidade, non se deben volve-las costas ó cambio de actitude de moitas institucións privadas (empresas, asociacións, fundacións,...) que, cada vez máis, están adicando parte do seu orzamento a campañas que vinculen a súa imaxe corporativa ó medio natural. Estes recursos, habilmente orientados, poden contribuír á posta en marcha de importantes iniciativas de conservación e recuperación dos compoñentes da diversidade biolóxica. Neste senso, resulta de especial interese o contido da Lei 30/94, de 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

O Regulamento Comunitario 1260/99 polo que se establecen as disposicións xerais para a aplicación dos Fondos Estructurais no período 2000-2006 establece un novo marco comunitario que, no caso de Galicia como rexión obxectivo 1, abre grandes posibilidades para acadar niveis de riqueza aceptables no noso país, especialmente a traveso das medidas de desenvolvemento rural que deben incidir no propio campo da conservación e do uso sostible da biodiversidade, particularmente naquelas áreas do

territorio declaradas como zonas de especial conservación (ZEC) que constituirán a futura rede Natura 2000.

O Regulamento establece entre outros considerandos que a UE debe promover coa súa política de mellora da cohesión económica e social un alto grao de protección e mellora do medio ambiente, integrando as necesidades de protección ambiental na definición e aplicación das medidas dos Fondos Estructurais. Entre os seus fundamentos consta igualmente que o desenvolvemento cultural, a calidade do medio ambiente natural e o turismo, deben contribuír necesariamente ó desenvolvemento social e económico das rexións e á creación de empregos estables.

No caso de Galicia, como rexión obxectivo 1 (más desfavorecida económicamente e por tanto maior receptora potencial de financiación), serán de aplicación para o novo período o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), e máis relacionados coa diversidade biolóxica, a sección orientación do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA-Orientación) e o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP).

Non se deben desbota-las posibilidades que outras fontes de financiamento provintes tamén da Unión Europea sexan destinadas –total ou parcialmente- á conservación da biodiversidade: nese eido son especialmente salientables programas como o INTERREG, o LEADER ou os PRODER.

Independentemente das posibilidades de financiación dos Fondos Estructurais, debería haber un maior apoio institucional ós proxectos, plans, e accións que se desenvolvan de acordo ás recomendacións e directrices contidas nesta Estratexia, así como a aqueles que integren dun xeito claro e obxectivo a sostibilidade como norma a ter en conta no seu desenvolvemento e, por fin, a aqueles que resulten da aplicación directa das medidas e actuacións propostas na Estratexia.

Neste senso, albíscase como vital para acadar os obxectivos desta Estratexia, unha axeitada planificación acorde coas necesidades reais de desenvolvemento e de conservación, o apoio do Consello da Xunta a estes proxectos e a coordinación entre as consellerías responsables da xestión e do desenvolvemento das accións previstas no

marco comunitario de apoio e nos distintos programas operativos, especialmente entre a Consellería de Medio Ambiente, a de Agricultura e Política Agroalimentaria, e a de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e máis secundariamente con todas aquelas implicadas na elaboración e desenvolvemento dos plans sectoriais que constituirán parte importante da aplicación desta Estratexia.

De outra banda, unha parte importante para o progreso de cualquera sector é o fomento da Investigación, o Desenvolvemento e a Innovación (I+D+I). No ano 1998 apróbase o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico para o período 1999-2001, a súa ampliación para o período 2002-2005 está actualmente en estudio. Entre os distintos programas que incorpora atópase o Programa Tecnolóxico Horizontal de Investigación en Medio Ambiente. A conservación debe ser unha das áreas prioritarias na financiación da investigación por parte dos organismos correspondentes.

Nesta área necesitase unha rápida transferencia dos coñecementos actuais e dos que se produzan no futuro para ser aplicados na conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos.

# SEGUNDA PARTE: APLICACIÓN DA ESTRATEXIA.

## OS PLANS SECTORIAIS E AS MEDIDAS PARA A CONSERVACIÓN DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA

Unha vez revisado o estado de conservación dos compoñentes da diversidade biolóxica, así como os procesos que lles afectan desde os diferentes sectores da actividade e os instrumentos cos que na actualidade se conta para a súa conservación e mellor xestión, estase xa en disposición de trazar os plans necesarios para acadar os obxectivos establecidos ó comezo deste documento. Trátase, por unha banda, do desenvolvemento dos diferentes plans para a integración da conservación e o emprego sostible da diversidade biolóxica nos diferentes sectores da actividade comentados, e por outra banda, da enumeración das medidas que atinxen directamente ós compoñentes da diversidade biolóxica desde a súa propia xestión por parte dos implicados directamente.

Neste sentido, os axentes de actividade serán diferentes en tanto en canto que pertencentes a diferentes sectores e con distinta responsabilidade polo que a esta Estratexia concirne. Os plans sectoriais deben ser desenvolvidos e aplicados polos propios sectores de actividade, implicando tanto ó sector público como ó privado. Polo que ás medidas de xestión directa da diversidade biolóxica respecta, será a administración ambiental principalmente a encargada de promover as accións necesarias, involucrando igualmente ó máximo ós sectores público e privado.

### 1 PRINCIPIOS ORIENTADORES BÁSICOS PARA A APLICACIÓN

A aplicación da Estratexia necesita estar impregnada en calquera dos seus niveis de execución de dous principios orientadores básicos e imprescindibles para garantir a consecución dos obxectivos: trátase da responsabilidade compartida por un lado e da integración e coordinación polo outro.

## 1.1 Responsabilidade Compartida

A aplicación do principio básico da responsabilidade compartida supón levar á práctica a convicción de que a conservación e uso sostible da diversidade biolóxica é cousa de toda a sociedade galega. A sociedade no seu conxunto é, en termos xerais, responsable tanto do estado actual dos recursos naturais como da súa posibilidade de conservación e utilización a longo prazo. É básico, polo tanto, que dende a administración pública ata a cidadanía en xeral, pasando polos responsables dos sectores socioeconómicos, se adquira o compromiso de levar adiante as tarefas necesarias.

É obvio, para comezar, que para conseguir unha boa xestión e o aproveitamento sostible dos recursos naturais, sexan cales sexan, é preciso instruír e sensibilizar ó conxunto da sociedade e ós membros dos diferentes sectores sobre o funcionamento dos sistemas naturais que eles están a aproveitar, do relativamente fácil que resulta estragar o seu equilibrio pola súa inherente fraxilidade, e das enormes dificultades que xorden cando se pretenden recuperar. Así e para acadar a compatibilización entre explotación e conservación requírese por unha banda, que o propio goberno e as administracións públicas implicadas sexan conscientes da necesidade de acometer medidas tendentes á conservación e uso sostible da biodiversidade impulsando e fomentando a participación dos membros dos sectores económicos na procura de medidas e solucións alternativas máis eficaces e menos agresivas co medio natural.

Por outra banda, a aplicación da responsabilidade compartida esixe o compromiso dos diferentes sectores en varios sentidos. En primeiro lugar, é precisa pola súa parte a aceptación da súa responsabilidade na conservación e mellor xestión da biodiversidade e, en segundo lugar e en aplicación do *Convenio sobre a diversidade biolóxica* que parte alomenos do financiamento preciso para aplicar as medidas necesarias debe provir daqueles que obteñen os beneficios derivados da explotación e aproveitamento dos recursos naturais. Neste senso é necesario que cada sector se responsabilice, xuntamente coas institucións competentes en cada caso, co fin de acadar unha axeitada ordenación da actividade e que comprenda a necesidade de aplicar plans de acción sectorial que posibiliten a súa sostibilidade.

Obviamente o interese persoal e colectivo dos membros do sector será tanto maior canto maior sexa a súa implicación e participación no proceso e a súa afección á diversidade biolóxica.

Para iso, entendendo que non sempre será unha tarefa fácil, e seguindo o paso xa dado noutros países en temas como a xestión pesqueira, por exemplo, sería conveniente impulsar a creación de mesas multidisciplinais, ou comités estatutarios, para a formulación e seguimento dos plans de acción sectorial e de ordenamento da actividade. A composición destas mesas ou comités variaría loxicamente segundo o recurso, pero de entre os seus membros figurarían sempre os representantes da administración competente, representantes do sector, expertos no manexo do recurso, e técnicos que atendan á conservación da biodiversidade e do medio ambiente en xeral.

Con todo, e para acadar unha boa xestión nun determinado sector, é necesario contar cun plan de acción dirixido expresamente á asegurar a sostibilidade ecolóxica das actividades, con organismos e institucións de investigación eficaces, cun sector debidamente organizado, informado e instruído, con normas xurídicas e mecanismos de control, vixilancia e supervisión eficaces e con vínculos internacionais idóneos, así como co financiamento necesario.

### 1.2 Integración e coordinación

Unha vez aceptado que por riba de calquera interese sectorial debe primar o principio de responsabilidade compartida, e que afecta a tódalas institucións e organismos por igual como á empresa e á propia sociedade en xeral no que respecta á conservación do medio ambiente, e en particular á conservación da biodiversidade e ó fomento do uso sostible dos nosos recursos, a aplicación deste principio esíxenos levar tamén á práctica o outro piar estructural básico, a integración e a necesaria coordinación.

A implantación do principio de integración do medio ambiente nas demais políticas sectoriais debe corresponder ás máis altas instancias administrativas da Xunta de Galicia, permitindo e fomentando a coordinación entre as diferentes actuacións administrativas, entendendo que a conservación do medio ambiente e da diversidade

biolóxica non só compete a Consellería de Medio Ambiente senón tamén ás políticas desenvolvidas por outras consellerías e organismos públicos e privados, como son especialmente as Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; Sanidade; Industria e Comercio, Pesca e Asuntos Marítimos; Cultura, Comunicación Social e Turismo; Educación e Ordenación Universitaria; Deputacións provinciais, e concellos, entre outros. Todas estas administracións enténdese que están máis ou menos directamente relacionadas coa conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica en función dos sectores de actividade a que corresponden.

Como xa quedou dito na alínea de instrumentos institucionais, de especial relevancia a integración dos criterios ambientais nas políticas sectoriais son os Comités de Integración e Coordinación Ambiental, tanto o central como os catro provinciais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, e a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para o Medio Ambiente constituída polas máis altas instancias do goberno autonómico, e que como órganos de coordinación da política de medio ambiente coas demais políticas sectoriais, teñen agora a responsabilidade engadida de fomentar a integración e facer valer as recomendacións contidas nesta Estratexia para a Conservación e o Uso Sostible da Biodiversidade Galega.

## 2.- OS PLANS SECTORIAIS

En aplicación dos principios expostos en liñas anteriores, a primeira medida desta Estratexia debe ser o impulso á integración dos criterios ambientais nas distintas políticas sectoriais, a levar a cabo polos Comités de Integración e Coordinación Ambiental dependentes da Consellería de Medio Ambiente e pola Comisión Delegada da Xunta de Galicia para o Medio Ambiente, segundo as liñas recollidas nesta Estratexia.

Expóñense a continuación breves introduccións ós sectores que se entende que deben desenvolver plans sectoriais para a conservación e o emprego sostible da diversidade biolóxica dentro da súa actividade, así como suxestións básicas e de medidas particulares para os seus contidos.

## 2.1 Aspectos comúns ós plans

Ó longo da exposición seguinte ponse de manifesto a existencia dunha serie de factores comúns a todos ou algúns dos plans propostos ou ós sectores a que responden. En primeiro lugar está a Avaliación de Impacto Ambiental e a Avaliación (Estratéxica) previa de Plans e Programas; estas ferramentas contan xa cun desenvolvemento normativo en distintos ámbitos territoriais de aplicación e son de grande importancia para a desenvolvemento sostible de practicamente tódolos sectores analizados.

Por outra banda, queda claro que, en xeral, existe bastante lexislación de regulación dos diferentes sectores na que a adecuada aplicación tería consecuencias positivas para a xestión da diversidade biolóxica e a prevención da súa degradación. É polo tanto prioritario que se aplique toda a lexislación existente, ambiental e sectorial, en tódalas actividades socioeconómicas con repercusión na diversidade biolóxica.

Ademais, na lexislación galega existen numerosas ferramentas prácticas de aplicación dela, e cunha posta en práctica que tería consecuencias moi positivas para a xestión da diversidade biolóxica sen necesidade de bosquexos máis complicados. Sinxelamente a modo de exemplo, pódense mencionar instrumentos como os Plans de ordenación e aproveitamento cinexéticos e os Plans de ordenación de ríos, así como a creación de terreos cinexeticamente ordenados (TECOR), establecidos nas Leis de Caza e Pesca Fluvial para Galicia e os seus regulamentos, ou os Planes de Ordenación dos Recursos Naturais, Planes Rectores de Uso e Xestión ou Planes de Conservación recollidos na Lei galega de Conservación da Natureza.

Finalmente, algúns sectores contan xa con plans propios que se ben non son específicos para a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica, si conteñen directrices e medidas que teñen en conta estes obxectivos ou consideracións. Neste casos cóntase xa cunha base importante de traballo realizado que non se debe desprezar nin duplicar, senón empregar como fundamento para unha posible profundización en temas máis específicos. A modo de exemplo, pódese citar o Plan de Ordenación do Turismo, establecido en Lei de Ordenamento e Promoción do Turismo.

## 2.2 Agricultura e Gandería

O sector agrogandeiro presenta en Galicia unha relación ambivalente respecto da diversidade biolóxica. Por unha banda, a agricultura tradicional pódese considerar fonte e mantedora de biodiversidade e pola outra, a modernización do sector está contribuíndo á desaparición dese patrimonio cultural e biolóxico.

O medio natural galego non se podía concibir ata hai moi pouco tempo sen unha forte presencia humana que o modelou á súa medida e influíu notoriamente sobre el. A desaparición do mundo rural galego así coñecido durante séculos está a incidir de xeito moi sensible nos sistemas naturais outrora intensamente antropizados e xeradores duns hábitats específicos non por elo exentos de valor. Se ben a transformación dos hábitats naturais pola intervención do home supuxo unha simplificación daqueles ecosistemas tamén é certo que o desenvolvemento ata agora dos sistemas tradicionais de aproveitamento do campo para a agricultura e a gandería axudaron ó mantemento dunhas paisaxes e dunha diversidade biolóxica propia e singular, a aparición de variedades agrícolas e gandeiras perfectamente adaptadas ó medio, e, a traveso do tempo, á mellora e perfeccionamento dunha prácticas agrarias sostibles, compatibles coa conservación da nosa biodiversidade.

De feito a Política Agraria Comunitaria está a incidir cada vez con máis tesón na necesidade de salvagardar estes ecosistemas antrópicos considerados como un patrimonio natural europeo necesitado de protección, e na aplicación de medidas agroambientais que aseguren o seu mantemento ó longo do tempo, se ben en Galicia é evidente que aínda existen grandes dificultades para frear o abandono do campo e o deterioro destes ecosistemas.

A diminución progresiva da renda, a falla de alicientes para a xuventude no mundo rural, e de concorrencia nas explotacións familiares tradicionais son causa de desaparición destes agrosistemas e da súa taxa de biodiversidade. Pero como causas máis graves para a conservación da biodiversidade, tamén o son a intensificación das explotacións, tanto agrícolas como pecuarias, a modernización do campo coas concentracións parcelarias e a mecanización na procura dunha maior rendibilidade e calidade de vida, e a práctica do monocultivo e superespecialización, cunha tendencia

clara ó abandono da producción nas pequenas explotacións e que ocasiona irremediablemente ó abandono da terra que se conta na actualidade por centos de milleiros de hectáreas en Galicia.

En consecuencia, como medidas e liñas de actuación tendentes a aliviar esta situación e contribuír en certa medida á conservación da diversidade biolóxica, entendemos que é necesario promover e potencia as explotacións agrarias tradicionais, especialmente nas zonas incluídas en rede Natura 2000, potenciando nestas áreas a agricultura ecolóxica, a reintroducción de razas e especies animais e vexetais autóctonas, e a aplicación de programas agroambientais, de formación da xente do campo, e de fomento do cooperativismo e outras formas de organización que axuden ó mantemento e preservación destas prácticas agrícolas compatibles coa conservación da biodiversidade. Estas liñas de actuación poden idealmente contar con financiamento da Unión Europea, pero é necesario impulsa-las en calquera caso ó marxe da existencia deste apoio financeiro extraordinario ou non.

De forma paralela á aplicación das anteriores medidas e programas, é necesario avanzar no grao de percepción e coñecemento que a sociedade debe ter sobre a importancia deste patrimonio natural, cultural, económico e social, especialmente nun momento como este en que se intenta que as liñas tradicionais de actividade agropecuaria se compatibilicen con outras que contribúan ó mantemento deste patrimonio e supoñan fontes adicionais de renda para as poboacións locais, como son por exemplo o turismo rural e a promoción de actividades ó aire libre para o conxunto da sociedade.

Por outra banda, considérase necesario e urxente a incorporación de criterios e directrices de protección ambiental nas políticas agrarias así como nos plans e proxectos de infraestructuras e de modernización do campo, habida conta dos impactos negativos que se están a producir nos ecosistemas tradicionais. Entre eles cóntanse principalmente a deforestación, a desaparición de sebes, a contaminación química do subsolo e dos acuíferos por fertilizantes e fitocidas, a contaminación orgánica producida polos efluentes da gandería estabulada, o abuso de praguicidas, o drenaxe e desecación de humidais, a alteración dos cursos fluviais e de forma máis ou menos xeneralizada a sobrexplotación dos recursos naturais.

Por último é igualmente importante, incidir na necesidade de mellorar e potenciar os programas de conservación dos nosos recursos xenéticos en canto a plantas cultivadas e razas animais domésticas, dotando ós centros de investigación e ós bancos de seme e xermoplasma dos instrumentos humanos e financeiros necesarios para garantir a súa persistencia, ampliar os seus bancos, e facilitar a súa aplicación cando así sexa necesario.

### 2.3 O sector forestal

Toda relación que se estableza entre o sector forestal e a conservación da biodiversidade, debe partir da consideración de que os bosques son os ecosistemas que albergan a maior parte da diversidade biolóxica da Terra, sendo esta idea igualmente aplicable ó territorio galego.

As enormes posibilidades do monte en Galicia como recurso productor de primeiro orde son evidentes e así foi e é recoñecido polos expertos nos distintos gobernos estatais ou autonómicos desde o século XIX. Pese a isto, o monte galego aínda está hoxe moi lonxe de conseguir un axeitado aproveitamento nas súas tres funcións básicas: a ecolóxica, a social e a económica.

Se ben o abandono do campo e a emigración rural na procura de novas expectativas nas cidades debería ser un aliciente para a explotación dos nosos montes, especialmente daqueles dedicados á gandería extensiva, máxime cando a política agraria comunitaria está a cofinanciar importantes medidas para a posta en producción dos montes, vemos como aínda existen grandes atrancos para o seu axeitado aproveitamento. Pese ós esforzos que se levan realizado nos derradeiros anos, o envellecemento da poboación rural, a escasa ou nula integración da poboación rural nas políticas forestais e a falla de interese e de tradición pola explotación forestal dos nosos montes, historicamente dedicados na súa meirande parte a outro tipo de aproveitamentos agrícolas ou pecuarios, son causa evidente da dificultade en poñer en práctica unha política forestal axeitada que cumpra as tres funcións básicas sinaladas, especialmente e no que atinxe a esta estratexia, á función ecolóxica e ó bosque como regulador dos procesos erosivos e sostén dunha diversidade biolóxica notable e singular.

Desde hai xa algúns anos, e gracias á toma de conciencia ecolóxica motivada fundamentalmente pola destrucción dos bosques tropicais e o efecto invernadoiro, abriuse un debate sobre a xestión sostible, a biodiversidade e a ecocertificación. Esta problemática motivou a Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, de Rio de Janeiro, celebrada en 1992. O traslado desta preocupación a nivel europeo deu lugar a varias conferencias ministeriais, entre as que salienta a segunda Conferencia Ministerial para a protección dos bosques en Europa (Helsinki 1993), que contén unha alínea bastante desenvolvida sobre a conservación da biodiversidade nos bosques e sistemas forestais en xeral.

Desde entón, ten xurdido na nosa sociedade unha idea de responsabilidade colectiva sobre o espacio forestal, sexan cales sexan os seus propietarios. Hoxe en día ninguén rexeita o principio da xestión sostible maila que cada un tira cara ós seus, que son moi variados no sector forestal e os seus afectados. Polo tanto, o reto é conxugar todos estes intereses no marco xeral das distintas funcións asignadas ao monte, buscando a complementariedade entre os obxectivos de protección, producción e perdurabilidade do recurso. En outras verbas, artellar a longo prazo o servicio público e colectivo que ofrecen os montes co mercado e a concorrencia, o cal require desenvolver instrumentos que avalíen os beneficios intanxibles dos montes.

Do debate internacional destas cuestións dedúcese que parece evidente que, para propiciar este cambio, cara a xestión sostible faise imprescindible o consenso, é dicir, débese fomentar a participación entre os distintos axentes implicados e fuxir da imposición por vía legal. Desta forma e recollendo as conclusións do informe "Bianco" deberíanse substituír as aproximacións parciais por unha actuación coherente sobre o conxunto do territorio; deberíanse ademais propiciar a substitución de medidas dispersas de protección por unha correcta aplicación da xestión sostible dun conxunto do territorio; e por último, en lugar de multiplicar as prohibicións e autorizacións, utilizar de xeito preferente un contrato que reúna propietarios, xestores, e usuarios. En definitiva, trátase de pasar dun pensamento estático baseado na regulamentación a unha xestión participativa, baseada na existencia dun proxecto claro e coherente, no que a conservación da diversidade biolóxica debe ter un papel notablemente máis importante que o que tivo historicamente, respondendo así ó sentir do conxunto da sociedade actual.

Acéptase que “todo cambio en política forestal debe ser prudente, porque calquera erro en materia forestal págase moi caro e por moito tempo”. Sen embargo a pesares de non existir unha política forestal comunitaria “strictu sensu”, a política medioambiental e as sucesivas reformas da PAC (Política Agraria Común, na Unión Europea) inciden coas políticas forestais nacionais. Concretamente, observando a Directiva “Hábitats” é evidente que a política comunitaria de medio ambiente aplícase tamén aos terreos forestais. Parece que hoxe en gran medida, a xestión do espacio rural e forestal resulta da interacción das políticas agrarias, ambiental, e de manexo do territorio. Desgraciadamente estas políticas amosan problemas de aplicación sobre o terreo: Interveñen demasiadas disposicións sen coordinación aparente, e se establece o problema da súa duración. A miúdo estas medidas limitan a súa duración a cinco anos, o que non ten senso no bosque, na idea de persistencia das masas, ou nas quendas de aproveitamento. A pesares das dificultades que ocasiona deberíanse buscar tempos maiores, dentro dos esquemas de utilización do territorio para pasarmos dunha lóxica de uso a unha lóxica de xestión integrada na que a conservación da diversidade biolóxica cobre a relevancia que necesita.

Entendemos, por unha banda, que é necesario acometer en primeiro lugar un axeitado e racional ordenamento do territorio forestal baseado nas súas potencialidades, priorizando as actuacións a levar a cabo segundo os actuais parámetros económicos, sociais e ecolóxicos co fin de non entrar en conflictos con outros sectores da actividade humana que utilizan ou poden utilizar o mesmo territorio. En segundo lugar é necesario facer un grande esforzo no achegamento da información ó mundo rural e na realización de campañas de concienciación e formación sobre a importancia ecolóxica dos bosques e da biodiversidade que albergan, as perspectivas de incremento da renda que elo supón, e o xeito racional e ordenado de realizar os seus aproveitamentos, e por último é de urxente necesidade o fomento e potenciación da organización veciñal como auténtica promotora e protagonista que debe ser da posta en valor dos seus montes. É indubidable que esta realidade e as medidas que se apuntan inciden tamén directamente na procura de solucións para os incendios forestais que tanto preocupan.

Por outra banda é necesario incorporar ás políticas, plans, e proxectos forestais, criterios ambientais que aseguren a minimización de impactos e a aplicación de medidas correctoras axeitadas, así como a conservación, fomento e defensa das especies forestais

autóctonas, moi minguadas na actualidade con incentivos ás novas plantacións e aos tratamentos silvícolas, e o establecemento de figuras de protección naquelas masas de especies singulares ou de elevado valor ecolóxico como a faia, acivro, ou teixo. Por último e pola importante función dos nosos centros de investigación nesta materia, vista a necesidade de dispoñer de individuos adaptados ás características do territorio e á demanda da industria de madeira de boa calidade, faise preciso potencialos e dotalos de instrumentos técnicos e financeiros axeitados a tan principal misión.

Sen embargo, un desenvolvemento inadecuado do sector forestal tamén pode albergar ameazadas para a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica, como ocurríu con frecuencia en moitos territorios historicamente. Na alínea de factores que inciden sobra a diversidade biolóxica por sectores indicáronse estas principais ameazas. É polo tanto prioritario que calquera formulación de utilización forestal, sexa cal sexa o seu ámbito territorial, de propiedade ou de aproveitamentos, conteña medidas específicas de conservación da diversidade biolóxica que garantan que ese aspecto da función ambiental dos montes queda suficientemente cuberta e asegurada.

Un dos problemas ambientais particulares dos montes galegos e que máis preocupa actualmente ó sector é a erosión xenética das especies principais obxecto de utilización. Como causas principais identificáronse as seguintes:

- *A reducción da área* ocupada polos bosques, que aconteceu en tódalas áreas con elevada densidade de poboación e nas que o home se asentou desde a antigüidade, deu lugar a unha fragmentación excesiva das poboacións causa de perda de variabilidade *por deriva xenética*.
- O *aproveitamento por "furoneo"* dos mellores exemplares de especies valoradas pola calidade das súas madeiras, como na actualidade a nogueira e a cerdeira, ou a tala de carballos para trabes, pode ser a causa de *perda de calidade*.
- A existencia de *introgresión* de especies cultivadas, especies exóticas emparentadas ou orixes de sementes non adaptadas.
- Algunhas pragas e enfermidades son tan graves nalgúns casos que chegan a perderse as poboacións locais afectadas.

- Existen indicios dun proceso de *quentamento global*, que orixinará nunhas décadas un incremento da temperatura e seca que pode ser a causa dunha *falta de adaptación das poboacións locais.*

Os efectos principais deste proceso de erosión xenética son a diminución do potencial adaptativo das poboacións e a diminución da calidade e capacidade productiva dos bosques, que se constitúen así en dous factores clave para a conservación dos recursos forestais en Galicia.

### 2.4 Caza e Pesca

O aproveitamento piscícola e, especialmente o cinexético pola súa incidencia no territorio onde se realiza, teñen unha especial relevancia de cara á conservación e uso sostible da biodiversidade, xa que os elementos obxecto da súa xestión son especies animais, compoñentes principais da diversidade biolóxica. O acusado incremento no número de licencias deportivas a partires da década dos setenta, e a mínima integración de parámetros de sostibilidade neste tipo de aproveitamentos, foron causa non só dunha recesión evidente das especies estrictamente cinexéticas ou piscícolas, senón tamén de outras especies asociadas ós hábitats naturais onde aquelas se desenvolven e consideradas en tempos como especies competidoras que era preciso eliminar.

A introducción de especies alóctonas, ou exóticas, de individuos non adaptados ós hábitats de destino nas repoboacións, a aparición de epizootias, a sobrexplotación dos recursos e o deterioro e a fragmentación dos hábitats das especies silvestres son tamén causa evidente da perda de biodiversidade.

Neste senso, e entendendo da importancia económica e social que en Galicia pode ter a práctica da caza e a pesca deportivas, é preciso, coa aprobación e posta en práctica das Leis de Caza e Pesca Fluvial para Galicia e os seus regulamentos e nun marco xeral de ordenación do territorio, reestructura-las zonas e os lugares aptos para desenvolver estas actividades deportivas e planificar e ordenar dun xeito racional e sostible os aproveitamentos.

Son instrumentos a ter en conta os plans de ordenación e aproveitamento cinexéticos e os plans de ordenación de ríos, á creación de terreos cinexeticamente ordenados (TECOR) con territorio amplo e axeitado ó tipo de aproveitamento que se pretende realizar, e o apoio ás sociedades xestoras da caza e da pesca debidamente organizadas e sensibilizadas que conten con medios técnicos, humanos e financeiros axeitados ás necesidades da ordenación e xestión do territorio, e da conservación e aproveitamento sostible das especies cinexéticas ou piscícolas. A administración autonómica, responsable da concesión deste tipo de aproveitamentos, debe favorecer o desenvolvemento dos mencionados "terreos cinexeticamente ordenados" que conten cunha superficie ampla e axeitada ó tipo de aproveitamento, en aras de mellorar substancialmente a xestión dos recursos, incentivar e apoiar a aplicación de medidas para a protección e conservación das poboacións autóctonas, intensificar o control sanitario nas repoboacións, realizar campañas de formación ós cazadores e gardas de campo, e poñer en práctica o exame do cazador.

Por outra banda, cómpre adoptar medidas para controlar e revisar os plans de soltas de especies cinexéticas a teor dos continuos e repetidos fracasos colleitos neste eido, así como a continuidade dos centros de producción en mans da administración, dados os importantes orzamentos destinados pola administración autónoma ás repoboacións, máxime cando as propias poboacións naturais destas mesmas especies ven así seriamente comprometida a súa supervivencia. Desta forma, unha ferramenta que en principio debería favorecer a xestión ambiental e economicamente favorable de determinados compoñentes da diversidade biolóxica, pódese converter nunha ameaza para a supervivencia deles. Así pois, é importante o desenvolvemento de liñas reproductoras para as especies cinexéticas a partir de poboacións propias do territorio galego.

Como medidas particulares para o sector cinexético están a promoción da aplicación de medidas para a protección e conservación das poboacións cinexéticas autóctonas, intensifica-lo control sanitario e a viabilidade xenética das repoboacións, e realizar campañas de formación ós cazadores.

Polo que a pesca fluvial se refire é preciso elaborar e poñer en práctica os plans de ordenación ós que se fai referencia na vixente Lei de Pesca Fluvial. Como medidas

técnicas, o desenvolvemento perdurable do sector piscícola require a eliminación de obstáculos para as especies migradoras, a mellora de frezadeiros ou lugares de desove, a restauración dos bosques de ribeira, o control dos caudais ecolóxicos e da calidade das augas fluviais, e a obtención de reproductores xeneticamente aptos de cara ás repoboacións piscícolas.

### 2.5 Ordenación do Territorio, Litoral e Urbanismo

As normas de ordenación territorial son instrumentos de primeira importancia para asegurar a conservación da biodiversidade e especialmente para fomentar o seu uso sostible en boa parte do territorio galego. Isto afecta tanto no que se refire ós propios instrumentos de planificación e ordenación, plans de manexo, de recuperación de especies, ou de restauración de hábitats nos espacios naturais protexidos como a aqueles, de singular importancia e transcendencia fóra do sistema de áreas protexidas e para o resto do territorio, como son os instrumentos específicos de ordenación territorial e urbanística, cunha elaboración e aplicación que compete á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e ós propios concellos.

Aínda que a finalidade destes instrumentos non é a exclusivamente ambiental, a súa ampla perspectiva e alcance, e o seu carácter integrador na ordenación dos usos do solo, presenta enormes posibilidades para acadar os obxectivos básicos da conservación da biodiversidade, en particular os denominados Plans de Ordenación do Medio Físico. Por outra banda, o planeamento urbanístico tanto en canto ós distintos plans de ordenación urbana, normas subsidiarias, ou proxectos de ordenación do medio rural, deben considerar e avaliar na súa xusta medida a importancia ambiental do valores do territorio onde se vaian a desenvolver e os posibles efectos perniciosos derivados da aplicación do planeamento, procurando integrar as recomendacións desta Estratexia na súa elaboración, e as medidas particulares para asegurar a conservación dos valores naturais máis salientables e o uso sostible dos recursos. Neste senso resulta de especial importancia polo interese da súa aplicación na protección da natureza a figura de *solo rústico de protección especial*, onde promover usos compatibles coa conservación da biodiversidade, logo da identificación no ámbito municipal de áreas de especial valor ecolóxico, paisaxístico e cultural.

Un caso particular pola súa especial importancia constitúeno as ribeiras fluviais e o litoral mariño, na medida que albergan ecosistemas e hábitats naturais de constatada fraxilidade, singularidade, ou rareza, e de moi alto valor ambiental polas poboación de flora e fauna silvestres que sustentan. En consecuencia e dada a grande cantidade de agresións que sofren debido ó seu carácter totalmente público, deben de ser con urxencia obxecto de medidas de planificación e ordenación, as cales poderían consistir sinxelamente na adecuada aplicación da Lei de Augas e os seus regulamentos así como do regulamento que regula o dominio público marítimo terrestre.

A deficitaria ou inadecuada aplicación dos instrumentos de planificación territorial en xeral son causa dunha grave perda de biodiversidade relacionada cos cambios nos usos de solo, e que se exercen a través da desecación de humidais, erosións, incendios forestais, desenvolvemento urbanístico anárquico no medio rural como resultado do retorno da emigración ou da reconversión das vilas, aldeas e lugares en segunda ou incluso primeira residencia, construccións de infraestructuras xeradoras de grandes impactos negativos, contaminación, ou aparición de vertedoiros incontrolados consecuencia incluso nalgúns casos da ausencia de servicios de recollida de lixo.

Merece especial atención á posta en marcha de medidas específicas tendentes á mellora da calidade de vida no medio rural para a fixación das poboacións locais e ó mantemento dos usos tradicionais do territorio polas implicacións na conservación da biodiversidade. A grande dispersión demográfica de Galicia con innumerables núcleos de poboación espallados por todo o seu territorio, e a importancia dos investimentos a achegar para conseguir os equipamentos mínimos necesarios neste novo século XXI, fai necesario acometer Plans de Desenvolvemento Comarcal, entendendo este como o marco máis axeitado para asegurar un desenvolvemento homoxéneo, equitativo e solidario nas poboacións rurais, e que ó mesmo tempo asegure a preservación e o bo uso dos nosos recursos naturais, os que, baixo unha adecuada planificación, deben constituír elementos fundamentais para o desenvolvemento e mantemento do mundo rural.

Deben desenvolverse, polo tanto, programas de apoio ás comunidades locais, integrados desde un principio nos instrumentos de ordenación e planificación do espacio, con obxectivos e instrumentos financeiros ben definidos e tendentes ó

desenvolvemento socioeconómico e a súa integración con outros programas de desenvolvemento local como os Leader ou Proder.

### 2.6 A xestión da agua

A importancia dos ecosistemas acuáticos, que se atopan entre os de maior biodiversidade no planeta tanto en número de especies como en valor ecolóxico, e a notoria fraxilidade dos mesmos ó ter que contar necesariamente cun ben tan prezado, escaso, e facilmente alterable como é a auga, fai que a xestión da auga sexa de especial importancia estratéxica cando se trata de definir e desenvolver medidas para a conservación das especies e dos hábitats naturais. Por elo, a política da auga en canto á xestión deste recurso tanto en cantidade como en calidade, debe desenvolverse dun xeito integrado, avaliando racionalmente os plans hidrolóxicos e o aproveitamentos das cuncas como, en menor escala, todos aqueles proxectos que dalgún xeito poidan afectar ós ecosistemas acuáticos, particularmente ós fluviais e ós humidais.

Neste senso cabe salientar a importancia e transcendencia que ten a Directiva Marco de Augas da Unión Europea precisamente polo seu carácter integrador e planificador. Para asegurar unha xestión sostible dos recursos hídricos galegos faise preciso acometer unha planificación e ordenación dos aproveitamentos, no tempo e no espacio, acorde coas necesidades da nosa sociedade en xeral, tanto na agricultura e na industria como nos sectores da enerxía e do desenvolvemento urbano, pero asegurando en todo caso un uso racional da auga e o mantemento das especies silvestres e comunidades biolóxicas presentes nos ecosistemas acuáticos.

Se ben en Galicia, polo seu asentamento xeográfico e o seu releve, a auga non pode considerarse un ben escaso, é a súa abundancia e o réxime hídrico dos nosos ríos e acuíferos o que está a posibilitar un incremento constante no aproveitamento dos nosos recursos hídricos. E é precisamente esta realidade, aparentemente positiva e favorable en tódolos aspectos para Galicia, a que nos esixe acometer a tempo e cos debidos instrumentos unha axeitada planificación, ordenación, avaliación, e seguimento destes proxectos e aproveitamentos, a fin de evitar o deterioro dos ecosistemas acuáticos, principalmente os fluviais.

Existen, por outra banda, unha serie de actividades e elementos propios da xestión da auga que poden converterse en ameazas máis ou menos importantes para a conservación da diversidade biolóxica do medio acuático. Entre elas están a construcción de encoros e de minicentrais hidroeléctricas, o incremento substancial na demanda actual de auga para os núcleos urbanos, a implantación de novos regadíos, a deforestación de marxes e ribeiras, as extraccións de áridos, o uso recreativo de marxes e ribeiras así como o seu emprego como vertedoiros incontrolados, a ocupación do dominio público hidráulico por todo tipo de construccións e usos privados, e a contaminación das augas superficiais e dos acuíferos producida en grande medida polo deficitario ou obsoleto estado das redes de saneamento na industria e no medio urbano. Neste senso a dramática desaparición do salmón na meirande parte dos nosos ríos outrora salmoneiros, e o acusado descenso das poboacións de troita, son claros indicadores dos prexuízos ambientais que poden chegar a producirse de non mediar as medidas correctoras necesarias a penas aplicadas no pasado recente.

A Lei de Augas e o seu desenvolvemento a través de determinados regulamentos, entre os que é especialmente relevante o do Dominio Público Hidráulico, contén unha capacidade de xestión do recurso moito máis sostible que a que actualmente se practica. Os plans hidrolóxicos deben abrir camiño para un emprego máis sostible da auga e a súa contribución á conservación da diversidade biolóxica.

Enténdese, como conclusión, que é imprescindible un forte impulso á racionalización no uso da auga como ben público e importante fonte de riqueza fronte á continua demanda de que vén sendo obxecto, obxectivando na súa xusta medida a intensidade e calidade dos aproveitamentos en función das necesidades reais da sociedade en xeral, necesidades entre as que unha adecuada xestión da diversidade biolóxica merece un posto destacado.

### 2.7 Industria

Tradicionalmente entendeuse que o sector industrial, nas súas moi diversas actividades, tivo consecuencias negativas para a diversidade biolóxica. Os procesos productivos foron na súa meirande parte deseñados en épocas nas que aínda non existía unha normativa ambiental específica, nin tampouco a conciencia ecolóxica da sociedade

actual. Como consecuencia, o desenvolvemento industrial provocou historicamente, entre outros, a contaminación de solos, augas e atmosfera, así como alteracións localmente profundas dos hábitats naturais.

Nos últimos anos e, acorde co cambio de valores da sociedade, estase a producir un cambio na conciencia ecolóxica do sector e na lexislación que regula a súa actividade. As industrias de nova creación vense sometidas a procesos de avaliación ambiental e, paralelamente, a necesidade de incorporar requisitos ambientais na xestión industrial desde o ámbito inicial da planificación, debe propiciar a creación dun novo tipo de industria dirixida á resolución destas novas necesidades, baseada na limpa de residuos e emisións, o desenvolvemento das actividades de tratamento dos mesmos, a recuperación e reutilización de materias primas, residuos e subproductos, a recuperación dos medio físicos contaminados e a adopción de tecnoloxías limpas, entre outras.

A conxunción da toma de conciencia ecolóxica naquelas actividades industriais que afectan á biodiversidade, e do irrenunciable logro de obxectivos integrados de concorrencia, especialmente naqueles sectores considerados estratéxicos para a nosa economía, require unha axeitada planificación de instrumentos que fomenten a innovación na aplicación de tecnoloxías "limpas" ós procesos productivos. Esto require alomenos un esforzo inversor en I+D aplicado a medidas de valorización, reducción, e reciclado dos residuos derivados das actividades industriais.

O monocultivo industrial dalgunhas zonas mineiras de Galicia supón unha importante fonte de recursos na cadea do valor engadido para a nosa comunidade autónoma, pero como contrapartida a actividade mineira pode exercer fortes transformacións sobre o medio natural. Neste sentido, este sector require unha racionalización dos labores extractivos a ordenación das actividades mineiras de xeito que se minoren as súas negativas consecuencias sobre a diversidade biolóxica, así como deseño de plans de restauración para a recuperación e renovación natural das zonas afectadas.

As futuras políticas de desenvolvemento do sector industrial deberán ter en conta as regulacións ambientais, derivadas de forma natural das aspiracións sociais en canto a un ambiente san, saudable e rico en comunidades vivas. Por outra banda, a actividade

industrial é a base do desenvolvemento e do benestar dunha parte importante da poboación galega. Ámbalas dúas aspiracións lexítimas, de conservación e desenvolvemento, deben conxugarse no denominado desenvolvemento sostible, única opción actual de progreso social.

O desenvolvemento sostible industrial de Galicia debe chegar acompañado dos apoios e incentivos necesarios para a aplicación de novas tecnoloxías denominadas "limpas", e nas que o sector está hoxe a traballar con grande decisión incorporando dun xeito decidido os aspectos ambientais, os cales conteñen un indubidable interese para a industria non só no campo estrictamente ambiental, senón tamén no puramente económico na procura dun maior valor engadido nos productos finais.

### 2.8 Enerxía

O sector enerxético, en alza hoxe en Galicia, e a magnitude dos impactos producidos en amplas zonas do territorio galego, está a ser un dos sectores que debemos ter en conta á hora de avaliar a afección á nosa biodiversidade por moi variadas causas. Cabe sinalar como efectos máis significativos ligados á propia producción de enerxía a contaminación atmosférica derivada do aproveitamento dos combustibles sólidos, a diminución de caudais de auga nos ríos, a instalación de barreiras artificiais para a fauna principalmente, e a alteración de hábitats naturais de elevado valor ambiental principalmente para o aproveitamento da enerxía eólica e hidráulica. Hai que considerar ademais os impactos indirectos derivados da distribución da enerxía que poden orixinarse pola creación de infraestructura asociada a este tipo de aproveitamentos como a apertura de vías, ou a instalación de tendidos eléctricos e outros dispositivos con potencial afección nas marxes e ribeiras, ós hábitats naturais en xeneral e ós ecosistemas, ás súas comunidades vivas e ó paisaxe.

Seguindo as pautas establecidas no "Libro Branco das Enerxías Renovables", a Comisión Europea propón como obxectivo no horizonte do ano 2010 que o 12% da enerxía primaria consumida nos estados da Unión sexa de orixe renovable. Neste marco o Consello Galego de Medio Ambiente dictamina favorablemente o Plan Eólico de Galicia o 26 de novembro de 1996 que é aprobado como Plan sectorial de incidencia

supramunicipal polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do 1 de Outubro de 1997, en proceso de revisión e actualización. Neste mesmo senso, o Plan Enerxético de Galicia propugna o fomento e desenvolvemento na comunidade galega das chamadas "enerxías limpas", entre elas tamén a hidráulica, por ser as que ofrecen maiores posibilidades de desenvolvemento no noso territorio.

Pola importancia e transcendencia destes plans, e entendendo do seu interese social e económico como enerxías limpas e renovables, xeradoras teoricamente de mínimos impactos no medio natural e na vida silvestre e incentivadas pola propia administración, ou usuarias caso das hidroeléctricas dun ben público como é a auga, a administración competente está obrigada a adoptar severas medidas de control do posible impacto producido por aquelas.

Por todo iso enténdese que é necesario esixir a aplicación dos procesos necesarios de avaliación de impacto ambiental, a saber: elaboración dos estudios de impacto rigorosos e que garantan tanto a exactitude do diagnóstico como o acerto das medidas correctoras e compensatorias, así como posteriormente respectar e facer cumprir estrictamente os dictames ambientais emitidos polo órgano ambiental competente. É igualmente importante intensificar a inspección, control e seguimento dos proxectos en fase de funcionamento aplicando rigorosamente a lexislación vixente, e intensificar a coordinación e colaboración entre os órganos substantivos responsables das concesións e do funcionamento das instalacións e os órganos ambientais competentes responsables da xestión da nosa biodiversidade.

Por último, débense someter ó proceso de avaliación do impacto ambiental non só os proxectos singularizados, senón tamén os plans e programas de carácter estratéxico, proceso sobre o que existe xa unha Directiva comunitaria (Unión Europea) e lexislación en diversas comunidades autónomas españolas.

### 2.9 Transporte e Comunicacións

A creación de importantes infraestructuras de comunicación como as viarias, caso das autovías e autopistas, vitais para procura-lo desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e, noutro orde de magnitude, a apertura constante de pequenas vías son

causa de deterioro da diversidade biolóxica galega senón se adoptan con urxencia medidas axeitadas á magnitude dos impactos producidos. Entre outros efectos negativos causantes da perda de biodiversidade podemos sinalar a degradación das paisaxes, contaminación de augas, erosións, fragmentación e alteración de hábitats ou illamento de poboacións de fauna silvestre, mortaldade por atropelos, deforestacións e alteración de canles.

En canto ás primeiras infraestructuras, polo avance actual no coñecemento e nas técnicas de corrección de impactos deben aplicarse medios técnicos e humanos para a avaliación do impacto ambiental e a aplicación e seguimento das medidas correctoras acordes coa importancia das obras, do seu investimento, e a magnitude dos impactos producidos, como son a eliminación do impacto visual, a instalación de dispositivos para frear os procesos erosivos, e a construcción de pasos de fauna coa súa localización e dimensión axeitadas ós coñecementos e estudios sobre a fauna silvestre.

En canto ás segundas é preocupante a apertura indiscriminada de pistas en zonas especialmente sensible sen que se evidencie en moitos casos a súa necesidade ben por utilidade pública ou interese social, entendendo que neste casos o apoio institucional debe estar debidamente xustificado e debe pasar previamente por un estudio da incidencia ambiental das distintas alternativas posibles, con vistas á menor afección ós hábitats naturais e á necesaria aplicación de medidas correctoras ou compensatorias.

Por outra banda, para todo tipo de infraestructuras como poden ser as previstas para a modernización do ferrocarril galego ou para a construcción de novas autopistas e autovías é necesario, pola dispersión de competencias existente na actualidade, fomentar e impulsar a coordinación e colaboración entre os órganos ambientais das distintas administracións públicas, tanto estatais como autonómicas, provinciais e locais.

Finalmente, tanto para este sector como para outros aquí tratados, considérase de vital importancia non só a avaliación de impacto ambiental, xa comentada, senón principalmente a avaliación previa de plans e programas, ferramentas ámbalas dúas moi válidas de cara á conservación e xestión da diversidade biolóxica e que habería que mellorar e promover na súa implantación e utilización. Son progresivamente máis abundantes as infraestructuras respectuosas coas características do territorio e os seus

recursos naturais, polo que hai que profundar no traballo común para estender esta concepción ós grandes procesos de planificación da política sectorial e elaboración de programas.

### 2.10 Turismo

No V Programa de Acción en materia de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Unión Europea establécese que o turismo é un dos cinco sectores claves nos que é necesario aplicar medidas para a conservación do medio ambiente e do desenvolvemento sostible, xa que se entende como un exemplo claro da interacción entre o desenvolvemento económico e os beneficios, tensións, e posibles conflictos que poidan producirse, e se indica igualmente que o impacto xerado polo turismo, como a sobrealimentación dos recursos, a contaminación e o deterioro de valores naturais singulares, está supeditado ó tipo de turismo, ós comportamentos dos turistas e á calidade dos servicios turísticos. Tamén na Axenda 21 establécense aspectos prioritarios para asegurar a integración do turismo e o desenvolvemento sostible como son, entre outros, a minimización dos residuos, xestión da enerxía e da auga, transporte, plantexamento e xestión do solo, ou implicación de responsables e comunidades nos aspectos ambientais. Neste sentido, o turismo incorpora na súa actividade e planificación un pouco de outros moitos sectores dos aquí tratados en función da súa posible afección á diversidade biolóxica, o que xa é por si mesmo indicador da importancia do turismo como sector de influencia na xestión dos recursos naturais en xeral e en Galicia en particular.

Como orientacións xerais para o sector do turismo, considérase a necesidade de evitar a degradación do medio ambiente polo seu valor económico para a alza, potenciar as conductas responsables dos turistas e xestores, adaptar o desenvolvemento turístico ó espacio nun marco global de ordenación do territorio, e garantir o equilibrio socioeconómico e ambiental no uso dos servicio turísticos, entre outros.

Como concreción das anteriores liñas xerais e tal e como se recolle no noso ordenamento xurídico autonómico a traveso da Lei de Ordenamento e Promoción do Turismo, onde se establece como figura fundamental o Plan de Ordenación do Turismo, é necesario ordenar os usos en relación co resto da ordenación territorial, inventariar e

valorar os nosos recursos, empregar modos óptimos de aproveitamento, establecer medidas adecuadas para fluxos turísticos atendendo ás características e valores do medio natural para non exceder nunca a súa capacidade de carga en cada localidade, establecer zonas de protección e regulacións de uso, e adaptar os planeamentos municipais e comarcais en caso necesario ás determinacións do Plan.

Entendemos que Galicia está hoxe en condicións de ofertar unha serie de territorios, nos que se integran a natureza e usos humanos, adecuados para o desenvolvemento de todo tipo de actividades relacionadas co turismo activo, o turismo rural, e o turismo de natureza e apreciación cultural en xeral, e que ademais dispoñemos na actualidade de instrumentos legais axeitados á importancia dos nosos valores naturais e humanos. Por elo e considerando que o turismo é un sector claramente en alza cun valor engadido de interese non só para as empresas senón incluso para o desenvolvemento rural das poboacións locais, é necesario poñer en marcha novos instrumentos e programas que aseguren a sostibilidade das accións. Así, *no Plan de Estrategias y Actuaciones de la Administración General del Estado en Materia Turística* xa se propoñen unha serie de ferramentas básicas como os *Plans integrais de turismo sostible*, os sistemas de xestión ambiental, de control da calidade, e de normalización ambiental, e por último, a creación de estándares de marca de calidade no sector hoteleiro. A través do desenvolvemento e aplicación destas ferramentas poderase acadar unha consolidación deste sector para a alza sen poñer en perigo unha parte importante do seu atractivo, consistente na integración home-natureza no medio rural de Galicia.

### 2.11 Sanidade

A súa importancia na conservación e uso sostible da biodiversidade débese fundamentalmente ás repercusións que sobre ela pode ter a propia actividade sanitaria nas súas máis amplas vertentes, tanto da sanidade humana como da animal (productos farmacéuticos de uso humano ou animal fitosanitarios e praguicidas, productos biolóxicos, residuos sanitarios, etc) como da utilización de técnicas de modificación xenética.

Son causa de afección á biodiversidade a extracción de material biótico (especies animais e sobre todo vexetais) do medio natural e a sobrealimentación destes recursos a cotío limitados, de primeira importancia para o ser humano, e que contan con áreas de distribución con frecuencia moi restrinxidas, a producción de residuos particularmente perigosos, incluso radioactivos, e en moitos casos portadores de microorganismos patóxenos, con grave risco de contaminación por vertidos, e o emprego de microorganismos modificados xeneticamente para a obtención de productos de uso diagnóstico, terapéutico e profiláctico.

Así faise necesario integrar parámetros de sostibilidade e perdurabilidade a longo prazo destes recursos naturais tan escasos e necesarios; recoller e conservar os coñecementos tradicionais no uso e aplicación secular, fundamentalmente, das nosas especies vexetais; fomentar o reparto equitativo dos beneficios derivados do uso dos recursos xenéticos tal e como se sinala no Convenio sobre a diversidade biolóxica.

Por outra banda, é prioritaria a finalización urxente dun Plan de ordenación dos residuos sanitarios, comezado xa cos plans de xestión *intra* e *extracentro* de residuos sanitarios, así como o Catálogo de residuos sanitarios.

Finalmente, é necesario acadar niveis de coordinación axeitada cos órganos competentes, tanto a nivel estatal como comunitario, en materia de control das autorizacións de organismos xeneticamente modificados, de gran relevancia para a conservación e xestión da diversidade biolóxica e outros factores ambientais de primeira liña.

# 3 MEDIDAS PARA A CONSERVACIÓN E O USO SOSTIBLE DA DIVERSIDADE BIOLÓXICA

En coherencia cos principios orientadores e cos diagnósticos expostos en capítulos anteriores, enúncianse a continuación as medidas a través das que se entenden que se acadarán os obxectivos desta Estratexia, e as que deben de ser de aplicación inmediata unha vez aprobada esta Estratexia no marco institucional ou legal correspondente.

É responsabilidade principalmente das administracións públicas a aplicación destas medidas, a maior parte delas baixo a tutela da administración ambiental.

## 3.1 Conservación *in situ*

A conservación da diversidade biolóxica exercida *in-situ* baséase tanto na rede de espacios naturais protexidos como na xestión do territorio fora dela. Esta concepción global diversifícase por temas de actividade e a ese esquema responden as medidas propostas a continuación.

### 3.1.1 A rede de Espacios Naturais Protexidos

A rede de Espacios Naturais Protexidos (ENP) debe consolidarse como ecoloxicamente representativa, coherente, propia, sólida e flexible, atributos que se explican a continuación:

- *ecoloxicamente representativa*, en canto a que debe acoller e protexer no seu territorio toda a variedade, a través das súas mellores manifestacións, de ecosistemas, dos hábitats, especies e paisaxes, especialmente os máis emblemáticos, singulares ou ameazados do territorio autonómico.
- *coherente*: debe constituír un mosaico homoxéneo e compacto que evite a ruptura de hábitats, especialmente os de alto valor ambiental, evitando a súa fragmentación ou o illamento das poboacións, considerando o factor de colateralidade con outros territorios externos ben nacionais ou internacionais, como é o caso de Portugal.

- *propia*: debe adaptarse ás características do territorio galego e ós seus habitantes, a ás súas singularidades e valores, e ás necesidades propias da nosa comunidade autónoma. Neste sentido consideraranse non só as normas de protección derivadas das lexislacións nacionais ou principalmente das internacionais, senón tamén outras posibles derivadas da adecuación á situación actual en Galicia.
- *sólida*, en canto o premente necesidade de dotala de mecanismos, recursos, e instrumentos humanos, legais e financeiros axeitados a súa especial función e necesidades, que axuden á súa consolidación definitiva e aseguren a súa continuidade no tempo sen ter que depender constantemente do financiamento externo.
- *flexible*, en canto ás recomendación do Cumio da Terra de Rio de Janeiro en 1.992, e ó Convenio sobre Diversidade Biolóxica e ó desenvolvemento sostible integrando os seus plans e programas nas novas políticas de desenvolvemento, planificación, e ordenación territorial. Desta forma facilitarase e potenciarase a aplicación de aquelas actividades que, sendo compatibles coa conservación da natureza, axuden á mellora da calidade de vida da poboación local dos espacios naturais e ó seu benestar social.

Promoverase e incrementarase o patrimonio público por adquisición de terreos, particularmente no interior dos ENP ou de cara á súa conservación integral, así como daqueles que formarán parte da futura rede Natura 2000.

Elaboraranse os adecuados instrumentos de planificación e ordenación para os espacios naturais protexidos, Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e os Plans Rectores de Uso e Xestión (PRUX) e Plans de Conservación. Estes instrumentos establecerán o obxectivo xeral da propia declaración, os obxectivos específicos, e os medios e ferramentas máis adecuados para asegurar a súa conservación e a persistencia dos valores naturais polos que foi creado.

Nos devanditos plans, deben constituír un capítulo primordial os programas de apoio á poboación local residente nas áreas protexidas ou nas súas zonas de influencia socioeconómica.

Desenvolveranse programas específicos de apoio ás comunidades locais relacionadas cos espacios naturais protexidos, que deberán estar integrados desde un principio nos instrumentos de ordenación e planificación do territorio. Estes programas deben conter obxectivos e instrumentos financeiros ben definidos para ó desenvolvemento socioeconómico e a súa integración con outros programas de desenvolvemento local como os Leader ou Proder.

Avaliación dos actuais espacios naturais protexidos segundo os obxectivos definidos para cada un deles nos seus plans de ordenación ou xestión, das accións e medidas en marcha, e dos resultados obtidos na consecución dos obxectivos establecidos para a conservación, así como do alcance da implicación e participación das comunidades locais, e do achegamento de beneficios directos ou indirectos para a poboación local. Os resultados destes estudios deberán orientar a elaboración de novas propostas de xestión se se revelaran insatisfaccións de calquera tipo nas existentes.

Incremento da dotación de recursos humanos, técnicos e administrativos para a xestión das áreas protexidas en Galicia.

Con respecto á rede Natura 2000, débese de realizar unha análise pormenorizada da importancia dos valores naturais incluídos nos LIC (Lugares de Interese Comunitario), dos impactos negativos presentes ou previstos para cada lugar, das medidas e instrumentos a adoptar en cada caso para asegurar a súa conservación e a sostibilidade das accións e proxectos, así como as implicacións económicas do establecemento da rede.

Posteriormente, elaboraranse fundamentalmente os plans de ordenación e manexo requiridos para as Zonas de Especial Conservación (ZEC) e que no seu conxunto constituirán definitivamente a rede Natura 2000.

Homologación das figuras de protección existentes en Galicia ás establecidas pola Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN).

Potencia-lo estudio, delimitación, e definición de corredores ecolóxicos de cara a constituír a necesaria rede de conectividade entre os espacios naturais protexidos. En

función dos diagnósticos realizados elaboraranse e aplicaranse as pertinentes medidas técnicas, administrativas, legais e orzamentarias. Esta medida é especialmente relevante para o establecemento da rede Natura 2000.

### 3.1.2 Conservación de hábitats

As propostas de LIC (Lugares de Importancia comunitaria) para a rede Natura 2000 e as súa posibles revisións deben garantir que inclúan con suficiencia cualitativa e cuantitativa tódolos hábitats naturais presentes en Galicia e que se pretenden xestionar para a súa conservación a través da citada rede.

Avaliación do estado natural, impactos e ameazas dos hábitats naturais definidos na Directiva Hábitats como Lugares de Interese Comunitario en Galicia, dos usos do territorio, e da situación socioeconómica.

Unha vez posta en marcha a rede Natura 2000, elaboraranse os plans necesarios (tanto de conservación de hábitats pouco degradados como de restauración de hábitats degradados,) para garantir a persistencia dos hábitats naturais declarados como de interese comunitario. Estes plans irán dirixidos en ocasións para a aplicación de medidas para a conservación de certos agrosistemas antrópicos, os que conteñen comunidades vexetais incluídas na directiva hábitats (92/43 CEE) como prioritarias ou de interese comunitario, sen excluír a posibilidade de axudas ou medidas compensatorias, especialmente para as áreas protexidas.

A conservación e o mantemento dos sistemas tradicionais de cultivo será unha liña prioritaria na política de conservación de hábitats, especialmente de aqueles ós que se lles recoñeza un valor especial en termos ambientais en xeral e de conservación da diversidade biolóxica en particular.

Aplicar o apoio institucional necesario para a conservación destes hábitats antropizados a traveso dos mecanismos e instrumentos técnicos e financeiros adecuados, como poden ser os programas agroambientais, de desenvolvemento rural ou de cooperación transfronteiriza, para os que se pode contar, alomenos potencialmente, con cofinanciación comunitaria .

Potencia-la colaboración interdepartamental para a elaboración e aplicación de programas de desenvolvemento rural e outras iniciativas comunitarias, especialmente nas áreas protexidas ou incluídas na rede Natura 2000, a fin de promover o achegamento de axudas tanto aplicables a medidas de conservación e xestión dos hábitats en xeral, como específicas para garantir o compromiso das comunidades locais a defensa e o mantemento dos sistemas tradicionais de cultivo ou agrosistemas naquelas áreas.

Realizar con urxencia a inventariación, descrición e catalogación dos humidais galegos, así como promover actividades cara á recuperación e mellora da calidade dos mesmos, en especial en aquelas áreas que foran desecadas en tempos históricos recentes pola man do home.

Identificación e catalogación dos hábitats galegos non recollidos na directiva 92/43/CEE e que resulten de interese para a conservación da biodiversidade galega, de forma que permita a protección e xestión racional daqueles que polos seus valores sexan merecentes de conservación na Comunidade Autónoma.

### 3.1.3 Conservación de especies

Elaboración do Catálogo Galego de Especies Ameazadas a traveso dun proceso coordinado e amplamente participativo.

Elaboración dunha base de Datos sobre a flora e fauna galegas que recolla prioritariamente e de forma ordenada e coordinada toda a información existente sobre as especies galegas susceptibles, en principio, de formar parte do catálogo de especies ameazadas. Este traballo debe incluír a colaboración entre administracións, centros de investigación, universidades e organizacións non gobernamentais (ONG) entre outros.

Realización dos estudios e investigacións necesarios para completar a información que requira a mellor elaboración do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Elaboración dos Plans de Recuperación, Protección, Conservación e Manexo necesarios para especies de flora e fauna cun estado de ameaza que así o requira, así como continuación daqueles que están en marcha e que aínda son necesarios.

Elaboración de Plans de Recuperación ou de Xestión para as especies de interese cinexético ou piscícola cunhas poboacións que se atopen baixo ameaza.

Elaboración dun plan de xestión das poboacións de lobo. Enténdese que o lobo non pode ser tratada como unha mera especie cinexética na totalidade do territorio galego.

Elaboración dun Rexistro galego de especies de interese, entre as que poderían incluirse as especies silvestres aproveitadas tradicionalmente en Galicia, indicando entre outros a súa distribución, estado poboacional, e vulnerabilidade, sinalando distintas recomendacións para a súa conservación dirixidas ós colleitadores.

Creación dunha rede galega de Centros de Recuperación da Fauna Silvestre.

Reintroducción de aquelas especies que foran extinguidas en Galicia en tempos históricos recentes.

Elaboración dun Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

Achegamento de recursos técnicos e humanos dedicados preferentemente á formación e información sobre os riscos potenciais das introduccións e repoboacións con especies exóticas, ou alóctonas, de flora e fauna. Esta información e formación debe ir dirixida tanto á poboación en xeral como ós técnicos implicados na xestión dos recursos en cuestión.

Establecemento dos mecanismos xurídicos, técnicos e financeiros necesarios para a conservación de masas arboradas de certa extensión con especies singulares, ameazadas ou de especial importancia ecolóxica como o acivro, teixo, faia ou acereiro, especialmente naquelas áreas naturais de especial interese ou incluídas na rede de

espacios naturais protexidos. Son prioritarios os mecanismos financeiros dirixidos a propietarios privados.

Desenvolvemento de medidas particulares de conservación e xestión das nosas especies silvestres que foron aproveitadas polo home ao longo dos milenios. Estas medidas deben tanto asegurar a súa conservación como potenciar e actualizar as grandes posibilidades que presentan no momento actual como productos de calidade á hora da súa comercialización.

Impulso a colaboración e coordinación entre os órganos competentes da administración estatal e autonómica para o control da exportación e a importación de especies de flora e fauna incluídas na Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Amenazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES).

Reforzo da participación na Comisión Nacional de Protección da Natureza, que exerce a coordinación entre o Ministerios de Medio Ambiente e as Comunidades Autónomas, así como nos seus comités especializados, como son os de Espacios Naturais Protexidos, de Flora e Fauna Silvestres ou de Humidais.

### 3.1.4 Conservación do medio mariño

Seguindo a denominada "Declaración de Bellagio", conclusións dunhas xornadas tidas lugar en 1998 sobre normativa dos recursos xenéticos acuáticos, débense aplicar como prioritarias as seguintes medidas:

- Preparación dun plan xeral de investigación, de aplicación a diferentes niveis, sobre a conservación e o uso sostible dos recursos xenéticos acuáticos.
- Distribuír claramente, de cara ó seu desenvolvemento e posta en practica, esta responsabilidade entre as institucións e organismos nacionais e autonómicos.
- Garanti-lo intercambio nacional e internacional de coñecementos e metodoloxías.
- Incorporar ás distintas estratexias e plans o estudio de especies de interese que traspasen as fronteiras nacionais, considerando o ecosistema máis que o propio territorio marítimo.

- Ampliar os estudios a especies (xenotipos) foráneos cando sexa preciso, e desenvolver normas e procedementos para acceder ós recursos xenéticos e compartir os beneficios derivados do seu uso tanto económicos como doutra natureza.

É igualmente necesaria a ordenación de pesqueiras a fin de permitir un aproveitamento completo e sostible dos recursos xunto coa eficacia económica e unha xeralización dos beneficios sociais, e todo iso sobre a base dunha perpetuación idealmente indefinida dos recursos.

Desenvolvemento de amplas campañas e actividade de información e instrucción adecuada sobre o efecto das artes de pesca nos hábitats naturais ou sobre as estreitas relacións interespecíficas que se dan nas especies mariñas.

Catalogación rigorosa das especies mariñas ameazadas en Galicia, incorporación das que corresponda ó Catálogo Galego de Especies Ameazadas e desenvolvidas e dos estudios necesarios para a súa mellor xestión, comezando pola relación que actualmente teñen coas actividades humanas. Eventual elaboración de plans de recuperación para a que o necesiten.

Elaboración de plans precisos para a conservación dos hábitats marítimo-terrestres incluidos na rede Natura 2000.

Elaboración dun plan de acción para a recuperación dos hábitats marítimo-terrestres que así o requiran.

Identificación e tipificación de outras zonas mariñas dentro e fóra das rías como outras illas, esteiros, ou complexos praia-barreira-lagoa como ecosistemas a protexer e que requiren unha xestión particular.

Control e impulso no reciclado dos vertidos (efluentes e sólidos) ó mar.

Identificación e cuantificación de contaminantes na auga, nos sedimentos mariños, na biota e en especies protexidas co estudio do impacto da bioacumulación a nivel individual e poboacional.

Desenvolvemento e aplicación de técnicas (ADN, microsatélites) para a identificación do xenoma de especies autóctonas coa avaliación do seu estado actual logo de anos de cultivo e explotación, así como a elaboración de medidas de xestión derivadas de tales estudios.

Desenvolvemento de Plans de repoboación de especies marinas con fin de, entre outros, incrementar a producción dunha pesquería, promover ou acelera-la recuperación de poboacións esgotadas, asegura-la supervivencia de poboacións ameazadas de extinción, crear novas poboacións tanto dentro como fora da zona xeográfica de distribución natural das especies. Estes plans de repoboación poderían ser desenvolvidos mediante a creación dun Centro de Repoboación Mariña.

Creación, dotación adecuada e mantemento dun Centro de Recuperación de Especies Mariñas para o control, asistencia, e rehabilitación de animais que con tanta frecuencia varan nas nosas costas, especialmente os mamíferos mariños, tartarugas e tabeirións. Este centro tamén sería empregado para a posta en marcha de programas de divulgación, formación e sensibilización a diferentes niveis sobre a bioloxía, protección, conservación e uso sostible das especies do medio mariño.

Promoción da colaboración interdepartamental para a posta en marcha das medidas anteriores que requiran tal colaboración e coordinación.

En calquera caso, debe de estar sempre presente que a aplicación de medidas necesarias, como as expostas en liñas anteriores, e a consecución dun bo sistema de xestión dos recursos pesqueiros é un proceso prolongado que comeza a dar resultados logo de vinte ou trinta anos de esforzo continuado, pero igualmente necesario se se pretende que o medio mariño sega a ter o valor biolóxico, económico e social que ata agora mostrou no desenvolvemento da sociedade galega.

### 3.2 Conservación *ex –situ* e conservación dos recursos xenéticos

Inventariación e caracterización do material xenético galego existente. O desenvolvemento desta medida require a identificación e o fomento da colaboración e

coordinación entre tódolos centros, organismos, e particulares, en posesión de material xenético galego.

Definición e aplicación de medidas tendentes a asegurar a conservación dos recursos xenéticos inventariados unha vez detectadas as carencias existentes.

Incremento dos orzamentos ós centros de investigación encargados da conservación do noso patrimonio xenético para o achegamento de novos recursos humanos e técnicos necesarios para incrementar a capacidade dos centros de recepción de material xenético, manter bos índices de fertilidade, controlar a erosión xenética, e aplicar novas técnicas de biotecnoloxías, entre outras prioridades.

Identificación de novos lugares para a creación de novos bancos de conservación ex –situ de material xenético, asegurando unha boa representación dos nosos recursos autóctonos con variedades adaptadas ós distintos ambientes.

Achegamento de novos recursos técnicos, humanos e económicos dedicados preferentemente á formación e información sobre os riscos potenciais das introduccións e repoboacións con especies e xenotipos exóticos, ou alóctonos, de flora e fauna, e que axuden ó mantemento das numerosas estirpes xenéticas silvestres e domésticas existentes en Galicia. Esta información e formación debe ir dirixida tanto á poboación en xeral como ós técnicos implicados na xestión dos recursos en cuestión.

Desenvolvemento de medidas legais, administrativas e orzamentarias para a xestión dos recursos xenéticos, tanto para a súa conservación como polas grandes posibilidades que presentan no momento actual como productos de calidade á hora da súa comercialización.

Potenciación e incentivo das repoboacións forestais con especies e variedades autóctonas, así como desenvolvemento dun mellor control da procedencia de plantas e sementes. Fomento, a través de este control, da diversidade en os recursos xenéticos utilizados e adaptación das masas forestais ás características ambientais locais.

Fomento da identificación de rodais selectos de recursos xenéticos forestais e creación de bancos de fitoplasma e hortos sementeiros para a obtención de individuos adaptados e aptos para a súa reintroducción en territorio galego.

Establecemento de rede de conservación de recursos xenéticos forestais en Galicia segundo o establecido no Programa Europeo de Recursos Xenéticos Forestais (EUFORGEN), as recomendacións do Instituto Internacional de Recursos Xenéticos Vexetais (IPGRI) e a Estratexia Forestal Española sobre deseño de plans de acción dirixidos á conservación e uso sostible da biodiversidade vexetal.

Esta rede de conservación de recursos xenéticos forestais estará coordinada a escala europea e constará de estratexias específicas para cada especie. A rede constará de poboacións de conservación que se poden clasificar en:

- Poboacións *in situ*: conservación de recursos xenéticos que en moitos casos pode estar ligada á conservación de espacios naturais protexidos. É o mellor método para especies cunha producción de bens e servicios non é principalmente a madeira.
- Poboacións *ex situ*: son poboacións artificiais que poden ser ensaios de proxenie ou ensaios de procedencias. Revélase como o método máis eficaz para a conservación e incremento da variabilidade xenética das especies utilizadas en reforestación. Debe utilizarse igualmente para a conservación do máis amplo rango de variabilidade xenética forestal presente en Galicia.
- Bancos de xermoplasma: coleccións en hortos, *in vitro*, de sementes e outros posibles. Son métodos de conservación auxiliares da conservación de poboacións *ex situ.*

Adquisición de terreos, ou desenvolvemento de convenios de colaboración con propietarios privados ou públicos, destiñados ó establecemento da rede de conservación de recursos xenéticos forestais en Galicia.

### 3.3 Coñecemento, investigación, divulgación e acceso á información

Creación dunha Base de Datos única onde se reflictan os coñecementos actuais sobre a diversidade biolóxica galega, asegurando a súa actualización e revisión periódicas, e o acceso a tódalas partes colaboradoras neste proxecto.

A elaboración desta Base de Datos requirirá a integración de toda a información existente sobre este tema nos servicios da administración, nos distintos departamentos das universidades, nos centros de investigación, nas dependencias das ONG, e na sociedade en xeral a través das súas diferentes institucións.

Adxudicación dos medios humanos, técnicos e orzamentarios para o mantemento e actualización permanente da Base de Datos sobre a Biodiversidade Galega.

Realización dos estudios necesarios para a profundización do coñecemento da diversidade biolóxica galega no ámbito dos ecosistemas terrestres, mariños ou acuáticos. É igualmente necesario abrir novos campos de estudio e investigación especialmente para grupos con grandes carencias no seu coñecemento como os invertebrados, as plantas non vasculares, ou daquelas especies sensibles e que poden usarse como indicadoras á hora de avalia-lo estado de conservación dos hábitats naturais.

Desenvolvemento dun sistema de indicadores que permita avaliar correctamente, e entre outros, o estado de conservación da diversidade biolóxica , o grao de presión das distintas actividades que a afectan, o alcance das medidas e instrumentos de planificación e ordenación do territorio propostas, a sostibilidade das accións, e a bondade das medidas correctoras aplicadas, especialmente nos espacios naturais protexidos e nas áreas sensibles incluídas na rede Natura 2000. Estes indicadores deberán ser fiables, homoxéneos e representativos e deberán servir para avaliar o grao de presión ambiental exercido polos distintos sectores e actividades con maior afección á nosa biodiversidade. Constituirán igualmente o fundamento para o seguimento que require a Base de Datos sobre a Biodiversidade Galega.

Promoción da utilización do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (I+D) para o coñecemento da diversidade biolóxica. Neste sentido, é necesario fomentar a coordinación e colaboración entre os investigadores en áreas específicas cos xestores públicos responsables da aplicación das medidas de xestión e de conservación, favorecendo a aplicación dos Plans I+D nestas áreas, e impulsando a participación do sector privado á investigación.

Desenvolvemento dun programa de avaliación e seguimento específico para os Espacios Naturais Protexidos. A súa utilización logo da aplicación dos seus plans de ordenamento ou manexo servirá para contrastar os resultados obtidos cos obxectivos establecidos nos instrumentos de planificación e ordenación e nos programas económicos cofinanciados na súa meirande parte pola Unión Europea.

Firme apoio e promoción do Sistema de Información Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e dentro do relativo á diversidade biolóxica. A demanda de información por parte da sociedade galega actual revelou este instrumento extraordinariamente útil, xa que é un dos elementos máis empregados na actualidade por todo tipo de público –e principalmente os investigadores- para acceder á información de carácter ambiental.

Promoción e impulso a través da dotación dos medios necesarios do Sistema de Información Territorial de Galicia como instrumento de grande utilidade na planificación e ordenación territorial, especialmente para a xestión ambiental do territorio logo dos traballos efectuados en varios espacios naturais de Galicia. O pulo requirido debe de ser suficiente alomenos para obter unha cartografía temática ambiental galega onde envorca-los datos proposta, analizar as repercusións de futuros plans e proxectos, definir medidas de xestión e conservación como os plans de recuperación de especies ou restauración de hábitats degradados, e facilitar o acceso público á información ambiental.

Fomento de liñas de traballo en orde a aplicación dos coñecementos e das técnicas axeitadas para a implantación de niveis crecentes de xestión sostible dos compoñentes da diversidade biolóxica en xeral e dos bosques en particular.

Como complemento a esta aliña de Medidas sobre Coñecemento e Investigación, inclúese a continuación unha selección das propostas das *Xornadas sectoriais de traballo sobre investigación en medio ambiente en Galicia*, celebradas en Poio (Pontevedra) durante o mes de abril de 1999, e nas que, a pesar de non ser específicas sobre diversidade biolóxica, as súas conclusións son na súa maioría extrapolables ó tema desta Estratexia, como xa se puxo en evidencia ó longo da exposición deste documento.

Polo que respecta ás necesidades actuais e campos a explorar no futuro, as conclusións das Xornadas mencionadas foron as seguintes:

- Elaboración continuada e coordinada da documentación básica ambiental obtida nas diferentes investigacións (base de datos).
- Avaliación das actuacións humanas sobre os sistemas naturais.
- Elaboración e adaptación dos novos instrumentos xurídicos e técnicos de planificación ambiental.
- Planificación de usos nos sistemas litorais, forestais e áreas sensibles ou de interese especial.
- Localización e caracterización de espacios contaminados ou degradados.
- Elaboración e aplicación de técnicas de prevención, control, recuperación e rehabilitación ambiental.
- Socioloxía e divulgación ambiental.
- Integración da paisaxe na planificación.
- Creación dunha oficina de transferencia de necesidades e resultados da investigación dependente da Consellería de Medio Ambiente.
- Realización de proxectos concertados de Investigación e Desenvolvemento (I+D) entre grupos de investigación e empresas.
- Coordinación entre os xestores e planificadores da Administración Pública cos centros de investigación.

Na actualidade pódese asumir, polo tanto, que estas liñas de investigación, particularizadas en torno á diversidade biolóxica, constitúen parte esencial das prioridades de investigación e coñecemento para o desenvolvemento desta Estratexia.

### 3.4 Formación, educación, sensibilización e participación

Impulso a "ambientalización" dos currículos na LOXSE, opcionalmente na ESO, entendendo que a educación ambiental debe ser un tema transversal a potenciar e unha metodoloxía a impulsar para unha educación en valores. Este impulso da educación ambiental como vehículo da conservación da biodiversidade require que se poñan en marcha as seguintes medidas:

- Apoio á organización de actividades de formación do profesorado en educación ambiental dentro da transversalidade (cursos, xornadas, seminarios permanentes, proxectos de formación e asesoramento en centros, grupos de traballo, encontros, intercambios de experiencias, etc.).
- Pulo e apoio para a edición de materiais curriculares en educación ambiental.
- Pulo e axuda a elaboración de materiais de apoio á labor docente, en educación ambiental.

- Abrindo canles de participación dos centros docentes na política ambiental nas súas diferentes ámbitos de aplicación, con especial énfase no municipal.

Promoción e fortalecemento dos convenios subscritos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con outras institucións da Xunta de Galicia en materia de formación e educación ambiental, entendendo que son a canle a través da cal poden e deben de optimizarse as actuacións tendentes ó desenvolvemento da educación ambiental no eido da escola.

Elaboración e posta en marcha de plans de formación ambiental do profesorado a iniciativa da Consellería de Medio Ambiente e a desenvolver no marco do convenio de colaboración existente entre esta Consellería e a de Educación e Ordenación Universitaria.

Fomento da implicación de universidades e todo tipo de centros depositarios do coñecemento sobre a diversidade biolóxica na educación, formación e sensibilización ambiental en xeral e sobre a biodiversidade en particular.

Fomento dunha maior integración e incorporación dos temas ambientais e dos aspectos de conservación da biodiversidade no sistema educativo a través do coñecemento *in situ* dos valores naturais e das prácticas agrarias sostibles nas escolas, en colaboración cos órganos e técnicos ambientais da administración e preferentemente naquelas zonas con territorio incluído no sistema de áreas protexidas.

Promoción da formación dentro da propia administración ambiental e de calquera outra relacionada directa ou indirectamente coa diversidade biolóxica (especialmente importante a de planificación e ordenación do territorio), dirixida tanto a técnicos como a xestores de áreas protexidas, de compoñentes da diversidade biolóxica e de outros recursos, a través da organización ou asistencia a cursos, xornadas, charlas e seminarios, entre outras actividades.

Desenvolvemento de plans de formación ambiental dirixidos especificamente a entidades locais e ós seus axentes de desenvolvemento e xestión de recursos,

principalmente nos sectores de obras públicas, urbanismos, sanidade e medio ambiente, para enfatizar a importancia da xestión municipal na conservación da biodiversidade.

Desenrolo de planes de información, difusión e formación dirixidos á poboación rural e adaptados ás peculiaridades, forma de vida, e nivel de coñecementos do mundo rural, e dotado cos instrumentos humanos e financeiros precisos. Tratase de acadar que estas poboacións, como titulares e usuarias en última instancia do territorio e dos recursos naturais, colabore en a aplicación das medidas establecidas polas distintas administracións para a xestión e conservación do medio ambiente en xeral e da diversidade biolóxica en particular.

Aplicación urxente e exhaustiva da xa aprobada "Estratexia galega de educación ambiental" como instrumento esencial de apoio e complementariedade a esta estratexia sobre biodiversidade.

Fortalecemento e pulo ó desenvolvemento e aplicación do Plan de Difusión Ambiental, existente dende 1998 e que chegou xa a unha parte importante do mundo rural a través da organización de xornadas informativas, seminarios e conferencias entre outras actividades, que deben seguir promovéndose e estendéndose polo conxunto do territorio galego.

Desenvolvemento de un mecanismo especial de información e difusión acerca dos espacios naturais protexidos e dirixidos ás poboacións máis directamente afectadas pola súa declaración.

Desenvolvemento dos necesarios mecanismos de participación da poboación local nos asuntos que lles afectan relacionados coa xestión da diversidade biolóxica, en particular coa declaración de áreas protexidas ou posibles regulacións de uso dos recursos naturais nos seus territorios. Estes mecanismos deben de ser especialmente eficaces na consecución de incentivos e axudas ó desenvolvemento sostible a traveso de programas agroambientais e o apoio a actividades xeradoras de renda asociadas ó propio espacio, como o uso público e o turismo verde.

Apoio a creación dun voluntariado específico para cada espacio natural protexido, así como a participación do sector privado e as ONG na planificación e xestión das áreas naturais.

Impulso á coordinación e colaboración entre as distintas administracións públicas responsables da xestión do territorio, xa estatais, autonómicas, ou locais para optimizar as accións de información, formación e sensibilización nunha sociedade tan dispersa polo conxunto do territorio como é a galega.

Elaboración e posta en marcha de cursos de capacitación destinados á poboación local sobre técnicas tradicionais con unha elevada taxa de sostibilidade, fundamentalmente en áreas protexidas ou incluídas na rede Natura 2000, así como sobre acuicultura mariña.

### 3.5 Medidas e reformas institucionais e lexislativas.

Identificación de zonas para a aplicación dos programas agroambientais da UE, a estensificación da agricultura e a gandería, a agricultura ecolóxica, o control integrado de pragas e enfermidades, a conservación das paisaxes, a prevención de incendios en sistemas extensivos de pastoreo, o aforro nos regadíos, ou a xestión de terras para o acceso público.

Como desenvolvemento da medida anterior, débese proceder á priorización de actividades e promover en colaboración coa poboación local programas de desenvolvemento rural baseados na utilización sostible de diferentes compoñentes da diversidade biolóxica

Consolidación da rede galega de Centros de Recuperación de Fauna Silvestre

No ámbito lexislativo é necesario afrontar unha serie de reformas ou ampliación dos instrumentos lexislativos galegos como son:

Elaboración dun regulamento que desenvolva a lei galega de conservación da natureza.

Elaboración dun texto legal que regule o sector forestal, compatibilizando as tres funcións básicas do bosque: ecolóxica, económica, e social. A súa regulación debe servir, considerando que a maior parte dos terreos forestais de Galicia está en mans privadas, co establecemento de incentivos ós particulares que acaden estes obxectivos.

Aprobación dunha norma xurídica para a protección de pequenas masas arboradas de especial interese pola súa endemicidade, rareza ou fraxilidade e que contemple os adecuados mecanismos financeiros para a súa mellor aplicación .

Desenrolo de medidas lexislativas e de xestión para o paisaxe, como elemento de primeira importancia no medio natural, por ser expresión do noso patrimonio cultural, ecolóxico e social e polo seu carácter de recurso económico para a alza,

Transposición al ordenamento xurídico galego a Directiva 97/11/CEE pola cal se amplía o campo de actividades sometidas a avaliación ambiental como a concentración parcelaria, a xestión dos recursos hídricos para a agricultura, a cría intensiva de gando, ou as instalacións para a producción de enerxía hidroeléctrica.

Elaboración e aplicación de lexislación en Galicia sobre avaliación previa de plans e programas, excedendo así o ámbito da mera execución de proxectos e en concordancia coa lexislación europea xa existente e de diversas comunidades autónomas do estado español.

Forte pulo á coordinación entre as administracións e os seus departamentos co obxectivo de acadar un sistema de portelo único, unha tramitación administrativa coherente, transparencia nas actuacións, cumprimento estricto dos prazos, eficacia na xestión, e axeitada cualificación dos técnicos responsables da administración nas distintas materias relacionadas directa ou indirectamente coa xestión dos compoñentes da diversidade biolóxica. Trátase en última instancia de acadar a confianza do sector privado e poder así aplicar adecuadamente o principio de responsabilidade compartida en que se basean gran cantidade de medidas desta Estratexia.

### 3.6 Cooperación Nacional e Internacional.

Pulo á colaboración cos outros organismos, entidades e institucións, ben nacionais, que no caso de Galicia son as comunidades autónomas de Asturias e Castela e León , ben internacionais, caso de Portugal. Esta colaboración é necesaria actualmente para certas medidas prioritarias de conservación da diversidade biolóxica, como é por exemplo a elaboración das listas de lugares de interese comunitario para a rede Natura 2000, así como a elaboración dos seus futuros plans de xestión.

Reforzo da cooperación nos plans e programas de ordenación dos usos do territorio, de desenvolvemento rural e de aplicación de políticas ambientais con repercusión nas dúas áreas en zonas limítrofes nacionais o internacionais.

Especial pulo á colaboración institucional cos órganos da administración xeral do estado e de coordinación co resto de comunidades autónomas, com é particularmente a Comisión Nacional para a Protección da Natureza e os seus diferentes comités (Espacios Naturais Protexidos, Flora e Fauna, Humidais).

Colaboración co "Comité para la Prevención de Riesgos a la Biodiversidad", creado ó amparo da "Estrategia Española para la Conservación y el Uso Sostenible da Diversidade Biolóxica". Esta cooperación será de significativa importancia unha vez aprobada esta Estratexia Galega polas implicacións derivadas da posta en marcha dos Plans de Acción previstos na Estratexia Española e da incorporación das recomendacións da nosa Estratexia nas políticas sectoriais, accións que deben complementarse entre si.

Aumento da colaboración co goberno de Portugal, en especial co Instituto de Conservaçao da Natureza do Ministerio do Ambiente no marco da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, que se considera especialmente interesante nestes momentos coa posta en marcha dos novos programas da Unión Europea para o período 2000-2006 e que deben impulsar a elaboración e execución de proxectos conxuntos e complementarios en materias tais como as infraestructuras, comunicacións, agricultura, e medio ambiente, ao amparo de programas como o INTERREG III. Sin desbota-las

posibilidades que nos ofrece o eixo Atlántico, esta colaboración deberá acadar a súa máxima intensidade en:

- o Baixo Miño, incluído polas dúas bandas na rede Natura 2000 e onde é necesario incidir entre outras no saneamento das augas fluviais, na preservación dos bosques de ribeira, na conservación das especies de fauna e flora silvestre, e na regulación do aproveitamento cinexético e das especies de interese piscícola como a lamprea ou o salmón.
- no impulso, desenvolvemento e consolidación do Parque Transfronteirizo "Gerês-Xurés" constituído polo Parque Nacional portugués de "Peneda-Gerês" e o Parque Natural galego "Baixa Limia-Serra do Xurés" ao amparo do Convenio de Portela de Home onde se recollen os obxectivos e medidas de cooperación a adoptar.
- e na posta en marcha dun Plan de Accións conxunto entre o Parque Natural portugués de Montesinhos (Bragança) e o lugar de interese comunitario denominado Pena Maseira pertencente ós concellos de A Mezquita e A Gudiña en Ourense.

Mantemento dos contactos coa sección española da Federación de Parques Nacionais e Naturais de Europa (EUROPARC) participando como membros activos nos seminarios, desenvolvemento de programas de colaboración internacional, publicacións, e asistencia a asembleas e comités, a fin de que a Comunidade Autónoma de Galicia manteña o prestixio e a dimensión internacional acadada nos últimos anos no seo desta organización.

Fomento da participación en foros nacionais e internacionais de interese para a conservación da biodiversidade galega.

Colaboración en proxectos de axuda e cooperación internacional con terceiros países para a conservación e uso sostible da biodiversidade.

## ANEXO

## ÍNDICE

I Estructura orgánica da Consellería de Medio Ambiente
II Repertorio legal sobre protección da biodiversidade (índice detallado *in situ*)
A. Internacional
B. Unión europea
C. Estatal
D. Galicia
III Relación de Espacios Naturais Protexidos de Galicia
IV Relación dos hábitats naturais da Directiva Hábitats presentes en Galicia
V Varamentos de cetáceos en Galicia
VI Relación de mamíferos mariños presentes (aínda estacionalmente) nas costas galegas
VII Inventario de fungos
VIII Principais especies vexetais e de fungos silvestres de interese en Galicia

IX. Táboas:
Táboa nº1: Especies vexetais do Anexo II da Directiva 92/43/CEE presentes en Galicia.
Táboa nº2: Flora endémica galega.
Táboa nº3: Área e categorías de risco dos invertebrados mariños ameazados de Galicia.
Táboa nº4: Área e categorías de risco dos insectos de Galicia.
Táboa nº5: Área e categorías de risco nos peixes.
Táboa nº6: Área e categorías de risco dos vertebrados terrestres.
Táboa nº7: Aves nidificantes ameazadas en Galicia.
Táboa nº8: Especies animais do Anexo II da Directiva 92/43/CEE presentes en Galicia.
Táboa nº 9: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Especies hortícolas.
Táboa nº 10: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Cultivos estensivos.
Táboa nº 11: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Cultivos forraxeiros.
Táboa nº 12: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos herbáceos. Especies pratenses.
Táboa nº 13: Especies agrícolas cultivadas en Galicia. Cultivos leñosos.
Táboa nº 14: Características oceanográficas costeiras de Galicia

**Estructura orgánica da Consellería de Medio Ambiente**

A Consellería de Medio Ambiente é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de medio ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.10º, 11º, 15º, 30º e 29.4º do Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación, en especial na normativa sobre protección ambiental de Galicia. Para o desempeño das súas funcións, a Consellería de Medio Ambiente estructúrase nos seguintes órganos:

I. Conselleiro.
II. Secretaría Xeral.
III. Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.
IV. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
IV. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
V. Centro de Desenvolvemento Sostible.
VI. Delegacións provinciais.
VII.Órganos colexiados.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais que exercerá as competencias e funcións atribuidas á consellería en materia da ordenación, fomento e mellora da producción forestal, industrialización e comercialización de productos de primeira transformación da madeira, así como as medidas da loita contra os incendios forestais

Para o exercicio das súas funcións, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais estructurase nas seguintes unidades:

Subdirección Xeral de Recursos Forestais, que exercerá as funcións relativas á conservación e fomento dos recursos forestais, a regulación e ordenación dos seus aproveitamentos; o asesoramento técnico e administrativo das comunidades propietarias de montes en man común, a xestión do rexistro xeral dos montes veciñais en man común, as accións tendentes ó deslinde de ditos montes, e calquera outra función legalmente establecida en relación coa defensa e protección dos mesmos; así mesmo,

exercerá funcións relativas ó fomento e mellora da producción forestal, e da industrialización e comercialización de productos de primeira transformación da madeira.

Para elo contará coas seguintes unidades con nivel orgánico de servicio:

*Servicio de Xestión de Montes*

*Servicio de Producción e Industrias Forestais*.

Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais, que exercerá as funcións de programación, execución, avaliación e seguimento das medidas e accións contra os incendios forestais; a elaboración de estudios e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais.

Para iso contará coas seguintes unidades co nivel orgánico de servicio:

2.2.1. Servicio de Programación.

2.2.2. Servicio de Organización e Control de Medios.

3. Baixo a dependencia orgánica e funcional directa do director xeral existirá o Servicio de Planificación e Apoio que realizará funcións de control, xestión e seguimento de aqueles asuntos que lle sexan encomendados.

Así mesmo, esta unidade ten baixo a súa dependencia o Observatorio para a Xestión Forestal Sostible, coas funcións de elaboración e planificación das liñas de traballo tendentes o establecemento e definición dos coñecementos e tecnoloxías adecuadas para a implantación de niveis crecentes de xestión productiva e ordenada dos bosques. A tal efecto, o Observatorio para a Xestión Forestal Sostible estudiará os modelos existentes e analizará as demandas do sector forestal, tanto público como privado, de cara á elaboración de plans, programas e proxectos acordes coa optimización da explotación dos recursos forestais, incentivando e regulando a implantación da certificación forestal.

**A Dirección Xeral de Conservación da Natureza** é o organismo fundamental na materia que nos ocupa. Exercerá as competencias e funciones atribuídas á Consellería en materia de protección, conservación, restauración, mellora, recuperación

e divulgación dos recursos naturais, cinexéticos e piscícolas e a adecuada xestión dos espacios naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da gea da Comunidade Autónoma Galega, a difusión dos seus valores e o uso e disfrute do medio natural e os seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeneracións futuras. Se encargará de promover una defensa global da natureza e dos seus recursos, da conservación e xestión específica dos espacios que o necesiten particularmente, en especial a rede galega de espacios protexidos e da consolidación e promoción da rede Natura 2000 de Galicia.

Para o exercicio das súas funcións, a Dirección Xeral de conservación da natureza se estructura nas seguintes unidades:

Subdirección Xeral de Espacios Naturais e Biodiversidade, que exercerá as funciones relativas á protección, conservación, xestión, restauración, mellora, recuperación, divulgación e promoción dos recursos naturais e a xestión da flora e fauna silvestres e dos espacios naturais. Encargarase do desenvolvemento das medidas tendentes á aplicación da normativa sobre conservación da natureza e de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade.

Así mesmo, promoverá a planificación, ordenación, xestión e divulgación dos recursos naturais, en especial dos espacios protexidos, de forma que se compatibilice a conservación da natureza co seu ordenado aproveitamento, desenvolvemento, uso e desfrute. Para iso contará coas seguintes unidades con nivel orgánico de Servicio.

*Servicio de conservación de espacios naturais.*
*Servicio de conservación da biodiversidade*.

Subdirección Xeral de recursos cinexéticos e piscícolas, que exercerá as funciones de programación, fomento e xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas en augas continentais, a través da ordenación de ditos recursos, con especial incidencia na divulgación, formación e promoción específica destas materias. Para iso contará coa seguinte unidade con nivel orgánico de Servicio.

*Servicio de caza e pesca fluvial*.

A **Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental,** que exercerá as competencias e funciones en materia de control e avaliación da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana e o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, así como a súa posta en marcha, para o logro da adecuada protección ambiental.

Para o exercicio das súas funcións a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental se estructura nas seguintes unidades:

Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que exercerá as funcións de coordinación e xestión das actuacións técnicas e administrativas derivadas da aplicación dos instrumentos preventivos que figuran na Lei de Protección Ambiental de Galicia; as actividades encamiñadas o cumprimento da normativa específica ambiental galega e das adaptacións da normativa xeral, en especial, as relativas á normativa de ecoxestión, ecoauditoría e ecoetiquetado; así mesmo, xestionará e realizará o seguimento dos pactos ambientales. Para iso, contará coas seguintes unidades con nivel orgánico de servicio:

*Servicio de Protección Ambiental*.
*Servicio de Inspección e Intervención Ambiental*.

Subdirección Xeral de Calidade Ambiental, que exercerá as funcións de control dos efectos derivados das actividades que poidan incidir na calidade do medio ambiente, así como a xestión e o seguimiento da aplicación de medidas correctoras. Para iso contará coas siguientes unidades con nivel orgánico de servicio.

*Servicio de Fomento e Control da Calidade Ambiental*.
*Servicio de Control e Xestión de Residuos*.

Baixo a dependencia orgánica e funcional da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental adscríbese o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, o que corresponderá a realización de estudios, análises e informes técnicos sobre establecemento de parámetros, técnicas e procedementos analíticos previstos nas normas medioambientais, de conformidade co previsto no Decreto 164/1999, de 27 de

maio, polo que se establecen as competencias e funcións do Laboratorio de Medio Ambiente.

O **Centro de Desenvolvemento Sostible**, con rango de Dirección Xeral, exercerá as competencias e funcións en materia de promoción do desenvolvemento sostible da sociedade galega; o fomento da participación ciudadana a través das políticas de información e formación; o impulso á investigación e o desenvolvemento tecnolóxico para a mellora do entorno; o diseño e seguimento dos proxectos de cooperación internacional correspondentes ó ámbito de actuación da Consellería; a proposta e tramitación de convenios, acordos o pactos con entidades públicas ou privadas para o logro dos seus obxectivos; a participación en foros nacionais e internacionais, a efectos de facilitar o fluxo dos coñecementos máis actuais entre os distintos sectores interesados; e o desenvolvemento de estudios e informes en materia de medio ambiente.

Para o exercicio das súas funcións, o Centro de Desenvolvemento Sostible se estructurá nas seguientes unidades:

Subdirección Xeral de Planificación e Promoción do Desenvolvemento Sostible, que exercerá as funcións de elaboración de estratexias e programas que contribuian a acadar o apropiado nivel de desenvolvemento sostible; o establecemento das medidas necesarias para a súa efectiva implantación; o impulso, promoción, desenvolvemento e coordinación das iniciativas adoptadas por entidades públicas ou privadas creadas para o establecemento das estratexias de desenvolvemento sostible, en particular o apoio ás iniciativas locais para a implantación da Axenda 21; o seguimento da política ambiental da Unión Europea, en particular o VI Programa de acción comunitaria en materia de medio ambiente; a elaboración, análises e seguimento, en colaboración coa Consellería de Economía e Facenda, de indicadores económicos relacionados có desenvolvemento sostible; o estudio e análise do conxunto de medidas tendentes a disminución dos efectos perxudiciais que se deriven dos fenómenos globales, en particular do cambio climático. Para iso contará coa siguinte unidade con nivel orgánico de servicio:

*Servicio de Integración Ambiental*.

Subdirección Xeral de Información, Formación e Tecnoloxía Ambiental, que exercerá as funciones de fomento e potenciación do libre fluxo da información ambiental entre os sectores interesados e os cidadáns, promovendo a participación destes últimos; a formación e consolidación dunha conciencia social para a protección e mellora do entorno; o establecemento de criterios có fin de dar coherencia e de impulsar a formación continua de técnicos e persoal en tódalas cuestións que afecten o medio ambiente e o desenvolvemento sostible; a organización de actividades informativas e formativas relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente dirixidas o conxunto da sociedade; e o impulso, promoción, desenvolvemento e coordinación de iniciativas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materia de medio ambiente natural e industrial. Para iso contará cas seguinte unidades con nivel orgánico de servicio:

*Servicio de Información e Formación Ambiental.*
*Servicio de Tecnoloxía Ambiental.*

Baixo a dependencia orgánica e funcional do Centro de Desenvolvemento Sostible se adscribe o Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, que será á súa vez Centro de Referencia do Desenvolvemento Sostible e que planificará e realizará as liñas de investigación científico-técnicas vinculadas o campo forestal e ambiental de cara á obtención de resultados de investigación aplicada, acordes coas necesidades prioritarias establecidas polos xestores públicos. En consecuencia, realizará proxectos de investigación coordinada, concertada e converxente e tamén efectuará propostas técnicas, proxectos demostrativos e programas de formación en colaboración cos centros de investigación nacionais e internacionais, entidades oficiais e particulares que se determinen.

Adscríbense á Consellería de Medio Ambiente o Consello Galego de Medio Ambiente e o Comité Galego de Pesca Fluvial, así como os comités provinciais de Pesca Fluvial e o Comité Galego de Caza, ademais dos comités provinciais de Caza, os xurados provinciais de Montes Veciñais en Man Común e os comités provinciais de Montes.

Por último, cómpre menciona-lo Decreto 72/1998, do 30 de xaneiro, modificado polo 14/2002, polo que se crean os comités de Integración e Coordinación Ambiental.

Tendo en conta que, anque as principais competencias de tipo ambiental se concentran na Consellería de Medio Ambiente, non cabe dúbida de que as actuacións e programas das distintas consellerías poden ter influencia ou afecta-lo medio natural. Daquela, o obxectivo deste Decreto é coordinar esa desconcentración de competencias, (incluídas as propias da Administración local), para dar efectivo cumprimento ás directrices recollidas no V Programa da UE, en materia de medio ambiente.

Así, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, e para impulsar ese labor de integración e coordinación, creáronse unha serie de comités consultivos que, entre outras funcións, emitirán propostas, elaborarán informes, analizarán directrices comunitarias e formularán suxestións á política ambiental da Xunta de Galicia.

**REPERTORIO LEGAL SOBRE PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE**

(Edición actualizada no ano 2000)

**ÍNDICE**


**A. INTERNACIONAL**

***(a) Biodiversidade. Flora e fauna***

***(b) Comercio internacional de especies***

(c) Humidais de importancia internacional

**B. UNIÓN EUROPEA**

(a) Agricultura ecolóxica
**(b) Biotecnoloxías**

**(c) Espacios naturais**

(d) Avaliación de impacto
***(e) Flora e fauna:***

1. Protección das fragas.
    1.1. Protección das fragas contra a contaminación atmosférica.
    1.2. Protección das fragas contra os incendios.
2. Protección e conservación da fauna e flora
3. Comercio de especies

C. ESTATAL

(a) Organización administrativa
(b) Protección penal
(c) Agricultura ecolóxica
(d) Biotecnoloxías
(e) Comercio de especies
(f) Espacios naturais
(g) Avaliación de impacto
(h) Flora e fauna
(i) Incendios forestais
(j) Normas conexas

**D. GALICIA**

(a) Réxime xeral
(b) Organización
(c) Agricultura. Agricultura ecolóxica
(d) Biotecnoloxías
(e) Espacios naturais
(f) Avaliación de impacto ambiental
(g) Flora e fauna

(h) Pesca:
    1. Fluvial
    2. Marítima
(i) Caza
(j) Fragas e Incendios forestais
(k) Praguicidas
(l) Normas conexas:
    1. Augas
    2. Atmosfera
    3. Costas
    4. Deporte
    5. Enerxía
    6. Investigación
    7. Patrimonio cultural
    8. Portos
    9. Residuos
    10. Ruído
    11. Solos contaminados
    12. Transporte
    13. Turismo
    14. Urbanismo e ordenación do territorio
    15. Varios

## A. INTERNACIONAL

***(a) Biodiversidade. Flora e fauna.***

- Convenio sobre a conservación de especies migratorias da fauna silvestre, feito en Bonn o 23 de xullo de 1979 (*Diario Oficial das Comunidades Europeas* nº 210, de 19 de xullo de 1982)

- Convención acerca da conservación dos recursos mariños vivos do Antártico (DO L 252 5 de setembro de 1981 p.27) (Adoptado en DO L 252 5 de setembro de 1981 p.26)

- Instrumento de ratificación do Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa, feito en Berna o 19 de setembro de 1979 (*Boletín Oficial do Estado* nº 235, de 1 de outubro de 1986)

- Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, feito en Río de Janeiro o 5 de xuño de 1992 (Instrumento de ratificación de 16 de novembro de 1993) (*Boletín Oficial do Estado* nº 27, de 1 de febreiro de 1994)

- Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa, feito en Berna o 19 de setembro de 1970 (publicado no Boletín Oficial del Estado de 1 de outubro de 1986 e 7 de xuño e 5 de decembro de 1988). Relación de especies

que deben ser incluídas no anexo I do Convenio (Boletín Oficial del Estado, nº 121, de 21 de maio de 1997).

- Convenio Internacional para a conservación do atún atlántico, feito en Río de Janeiro o 14 de maio de 1966 (publicado en el *Boletín Oficial del Estado* de 22 de abril de 1969, 5 de novembro de 1983 e 25 de febreiro de 1991). Recomendacións da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico relativas á xestión e conservación de túnidos e poboacións afíns no Atlántico e o Mediterráneo, adoptadas nas IX e X Reunións Extraordinarias da Comisión en novembro de 1994 e 1996, respectivamente. (*Boletín Oficial do Estado* nº 207, de 29 de agosto de 1997).

- Instrumento de 21 de decembro de 1987, de ratificación do Protocolo sobre as zonas especialmente protexidas do Mediterráneo, feito en Xenebra o 3 de abril de 1982 (*BOLETÍN Oficial do Estado* nº 524, de 11 de xaneiro de 1988)

***(b) Comercio internacional de especies***

- Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973 (*Diario Oficial das Comunidades Europeas* nº C 175, de 8 de novembro de 1984)

- Convenio sobre Comercio Internacional de Especies Ameazadas da Fauna e Flora Silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973 (publicado no *Boletín Oficial do Estado* de 30 de xullo de 1986 e 10 de agosto de 1991), modificacións ós apéndices I, II e III aprobadas na décima reunión da Conferencia das Partes en Harare (Zimbabwe) do 9 ó 20 de xuño de 1997 (*BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO* número 88, de 13 de abril de 1998)

(c) Humidais de importancia internacional

- Convenio de 2 de febreiro de 1971, ratificado por Instrumento de 18 de marzo de 1982, relativo a humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas (*BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO nº* 199, de 20 de agosto de 1982)

- Protocolo de emenda de 3 de decembro de 1982, ratificado por Instrumento de 19 de maio de 1987, sobre espacios naturais protexidos do Convenio relativo ós humidais de importancia internacional, especialmente como hábitat das aves acuáticas (*BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO nº* 167, de 14 de xullo de 1987)

## B. UNIÓN EUROPEA

